

•
dez

eme

Número 4 Diciembre 2001 7 euros

Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundação 10 de Marzo

Migraci^óns

dez • eme



***Revista de Historia e Ciencias Sociais
da Fundación 10 de Marzo***

República do Salvador, 15 - 5°
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081
correo electrónico: f10m.sn@galicia.ccoo.es



Portada:
Ferraxería Casteleiro y Vizoso.
A Habana, Cuba. 1919. Arquivo da
Emigración Galega.
Tratamento da imaxe e cor:
Alejandro Vidal

EDITORIAL

Xentes de aquí e de acolá 5

CARTAS Á REDACCIÓN 6

Ó REDOR DA HISTORIA

Reinventando os galegos: a imaxe do bo inmigrante na elite galaica da Arxentina, 1900-1930
Xosé M. Núñez Seixas 7

Condición, traballo e xénero na emigración española dos anos sesenta
Ana Fernández Asperilla / Coro Lomas Lara 22

Galicia: dos emigrantes ós inmigrantes
CITE-Galicia 32

Transgresión e fronteira: mulleres marroquís e o mito da prostitución
Ana López Lindström 38

NA CLASE

Os avós fan memoria para que os netos a recuperen
Raúl Soutelo Vázquez 43

As marxas da tolerancia
Ricardo Rodríguez de Rávena 50

Cara a unha escola intercultural
Manuel Vila López 54

DOSIER DOCUMENTAL

O Arquivo da Emigración Galega
Consello da Cultura Galega 59

O Centro de Documentación da Emigración Española (CDEE) da Fundación 1º de Mayo
José Babiano 67

TESTEMUÑOS

Francisca Merchán. Unha vida de exilio e emigración
Ana Fernández Asperilla 70

UNHA IMAXE

As soidades de Europa
Víctor F. Freixanes 72

UN CONCEPTO

Xenofobia
Ubaldo Martínez Veiga 75

DE LIBROS

Inmigrantes e nacionais: El Ejido 2000
El Ejido: discriminación, exclusión social y racismo,
red. Ubaldo Martínez Veiga,
José Antonio Moreno 78

Os custos da evolución demográfica
Avellentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas, de
Xoaquín Fernández Leiceaga (dir.)
Xan López Facal 79

O tránsito romántico
Romanticismo de Manuel Longares
Ana Mosquera Barcia 81

ENCUNTROS

Convocatorias 85

Congreso: Els camps de concentració i el mon penitenciari a Espanya durant la Guerra Civil i el franquisme 85

A Gudiña na II República e na Guerra Civil
David Simón Lorda 86

GUÍA DE RECURSOS

O mundo na rede despois do 11-S
Eduardo Bragado 87

Páxinas en Internet sobre migracións
Eladio Anxo Fernández Manso 92

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo
José Gómez Alén 95

AUTORES DESTE NÚMERO 97

NO PRÓXIMO NÚMERO 98

dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS
DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Número 4 / Decembro de 2001

COORDINACIÓN

José Gómez Alén / Víctor Manuel Santidrián Arias

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvaríño Alejandro (Santiago de Compostela),
José Babiano (Madrid), Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo
Bragado (Vigo), Eladio Fernández Manso (Santiago de
Compostela), José Gómez Alén (Vigo), Carlos González
(Ourense), Ramón López Facal (Santiago de Compos-
tela), Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Maita Rodríguez

(Ourense), Víctor Manuel Santidrián Arias (Santiago de
Compostela), María José Sigalat (Valencia), Javier Tébar
(Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

COLABORACIÓN

Eduardo Bragado, CITE-Galicia, Ana Fernández
Asperilla, Eladio Fernández Manso, Víctor F. Freixanes,
Coro Lomas Lara, Xan López Facal, Ana López
Lindström, Ubaldo Martínez Veiga, José Antonio
Moreno, Ana Mosquera Barcia, X. M. Núñez Seixas,
Ricardo Rodríguez de Rávena, David Simón Lorda, Raúl
Soutelo Vázquez, Manuel Vila López.

Fotografías: Arquivo da Emigración Galega (AEG,
Consello da Cultura Galega) e Centro de Documentación
de la Emigración Española (CDEE, Fundación 1º de Mayo)

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez
GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO XERAL E PORTADA

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, SAL

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00
TIRADA: 700 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE
DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo
comisións obradeiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701- Santiago de Compostela
Telfs. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10msn@galicia.ccoo.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprensa offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño

copias gran formato


carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos



TÓRCULO

global printers

A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09
e-mail: herculesc@torculo.com

SANTIAGO

Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693
e-mail: torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Conqueiro, 3
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825
e-mail: artes@torculo.com

Praza Mazarelos, 14 - Tel.: 981 585 455

Xentes de aquí e de acolá

Desgraciadamente, cando as persoas que abran a revista lean estas palabras, non han ter que facer ningún exercicio de busca hemerográfica para relacionar *Dez-eme* coa realidade cotiá. Dende hai ben tempo, sen dúbida demasiado, os medios de comunicación infórmanos a diario da traxedia da inmigración: unhas veces trátase dos inmigrantes que chegan ás praias; outras de brotes de racismo; doutra volta son novas sobre a explotación laboral á que están sometidos uns cidadáns ós que non se lles recoñecen uns mínimos dereitos...

Nalgún momento, non moi recuado no tempo, tiveron que emigrar deste país moitas persoas na procura dunha vida mellor. *Dez-eme* non lle podía da-las costas a esta realidade. *Dez-eme* non podía botar terra sobre a historia daquelas xentes de aquí que tiveron que marchar acolá. Pero tampouco podía pecha-los ollos diante dos que hoxe queren vivir e traballar entre nós. Por iso *Dez-eme* dedica a súa cuarta entrega ás migracións, poñendo en contacto, unha vez máis, pasado e presente.

Por primeira vez na súa aínda curta vida, *Dez-eme* coeditase. Faise da man do Arquivo da Emigración Galega (AEG), dependente do Consello da Cultura Galega, e do Centro de Documentación da Emigración Española (CDEE) da Fundación 1º de Mayo. Vaia por diante o noso agradecemento para estas dúas prestixiosas institucións especializadas no tema que nos ocupa. A coedición entre o AEG, o CDEE e maila Fundación 10 de Marzo concrétase no deseño dos contidos deste número de

Dez-eme así como na achega, por parte do AEG e do CDEE, das fotografías e documentos facsimilares que se reproducen nestas páxinas. É a coedición unha novidade na nosa andaina que esperamos teña continuidade en números vindeiros.

Tamén apreciarán os lectores en próximas entregas algunhas modificacións na estrutura da revista: son froito das suxestións recibidas e dos debates habidos no Consello de Redacción. Porque *Dez-eme* é unha revista viva e quere seguilo sendo. Recolliamos no editorial do primeiro número o dito que afirma que toda revista que se prece non debería pasar do terceiro número. *Dez-eme* nacía, hai xa dous anos, cun ánimo de continuidade moito maior pero sen perde-la súa autoestima. Cremos telo conseguido. Problemas existen, dificultades moitas, erros tamén, pero *Dez-eme* segue viva. Aquí seguimos.



Celebracións de voda no Club Federico García Lorca. Bruxelas, anos sesenta. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de *Dez.eme* poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. *Dez.eme* garante a reserva e confidencialidade en tódolos casos.

Recíbide para empezar os meus parabéns pola iniciativa de botar a andar e manter en pé *Dez.eme*, que chega xa ó cuarto número. Todos sabemos das dificultades e esforzo que implican hoxe non só lanzar, senón aínda máis manter proxectos coma este, que eu cualificaría como unha voz necesaria no panorama editorial. Espero que a resposta do público ó que se dirixe permita alomenos darlle continuidade, pese a que non corren bos tempos para a lírica e tampouco cabe confiar no deus mercado cando falamos de *productos* culturais que unen rigor, independencia e enfoque progresista.

E digo que *Dez.eme* é unha voz necesaria primeiro, polo que ten de contribución a unha pluralidade ideolóxica da que non estamos precisamente sobrados neste país e nestes días. Pero tamén pola súa intención de achegarse —¿e seica achegar entre eles?— simultaneamente dous segmentos do profesorado, o universitario e o de ensino secundario, que adoitan consultar revistas específicas e polo xeral alleas.

En efecto, está moi difundida a falsa crenza de que a preocupación do profesorado de medias ó que pertenzo fica na aplicación didáctica duns contidos disciplinares elementais. Sen negar que así poida ser nalgúns casos e sen restarlle importancia á orientación didáctica, fundamental na función docente, coido que somos moitos e moitas os que estamos vivamente interesados nos debates académicos, en coñecer de primeira man as novi-

dades da investigación, as confrontacións e consensos na interpretación actualizada dos problemas históricos e sociais. Non sempre podemos seguila incesante produción bibliográfica e menos nas revistas especializadas e de difícil acceso, polo que cómpren propostas coma *Dez.eme*, que ofrezan un escenario público e aberto ás preguntas sobre as que está a traballar hoxe a comunidade científica e as respostas que se apuntan e se discuten sobre elas.

A partir destes propósitos compartidos, permite apuntarvos algunhas modificacións que, na miña modesta opinión, perfilarían mellor a orixinal liña emprendida e favorecerían o seu desenvolvemento. En primeiro lugar, a sección “Ó redor da historia”, sen dúbida prato forte de cada número, adoece seica de certa dispersión e debería ser programada como posta ó día dun problema histórico relevante, presentando os achados recentes na investigación e as controversias e novas perspectivas que suscitan. En todo caso, deberían evitarse artigos de tema excesivamente local ou puntual, se non son exemplos representativos dun modelo ou proceder que se quere amosar, e cumpriría completa-la sección cun comentario bibliográfico final sobre o tema tratado.

Polo que fai a “Na clase”, penso que o referente didáctico inclúe non só materiais ou experiencias de aula, senón tamén reflexións pedagóxicas sobre o qué e por qué ensinar, asunto este que en Ciencias Sociais adquire

unha dimensión ideolóxica e axiolóxica sobre a que paga a pena contrastar opinións e alternativas. Doutra banda, o “Dosier documental” precisa dunha breve presentación que non sempre se fai, así como dunha edición máis coidada dos materiais, ás veces de difícil lectura polo reducido tamaño da reprodución, de cara ó seu emprego como recurso didáctico.

Tanto “Unha imaxe” coma “Un concepto” son seccións imaxinativas pero desaproveitadas polo escaso espacio concedido, polo que sería preferible que alternaran e contaran así coas páxinas suficientes para afondar debidamente no seu cometido. Outras pequenas melloras atinxen a aspectos máis formais pero que repercuten na consulta da revista: por exemplo, introducir un breve resumo de cada artigo —abonda facelo en galego— no comezo de cada un ou no remate da revista; ou tamén identificar, agrandar e non parti-las ilustracións, magníficos documentos históricos que poderíamos utilizar nas aulas.

De tódolos xeitos, *Dez.eme* é aínda unha revista nova que principiou cunha aposta orixinal e necesaria. Moitos desexamos que dispoña do tempo para madurala e consolidala. E, de sermos coherentes, deberemos brindarlle o noso apoio: non só, pero tamén económico.

C. ALBERTO G. LÓPEZ
OURENSE

REINVENTANDO OS GALEGOS: A IMAXE DO BO INMIGRANTE NA ELITE GALAICA DA ARXENTINA, 1900-1930

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

A Arxentina do primeiro tercio do século XX foi un crisol de culturas e grupos étnicos inmigrantes; o seu impacto comparativo sobre a poboación total foi meirande ca outros exemplos *clásicos* de países receptores de masiva inmigración europea dende mediados do XIX (os Estados Unidos, Brasil, Canadá ou Australia). Entre os países que máis emigrantes enviaron á nova República Austral salientaron, particularmente, dous: Italia e España, seguidos de porcentaxes menores de variadas procedencias (franceses —sobre todo vascos e bernes—, alemáns, “turcos” —libaneses e sirios—, “rusos” —xudeus centroeuropeos—, suízos, etcétera). Entre 1878 e 1927, un 46,2 % dos inmigrantes de alén mar chegados á Arxentina procedían de Italia, e un 32,88 % de España¹. Aínda sen acadaren a contía numérica dos transalpinos, os hispanos rivalizaron con aqueles en visibilidade e influencia no novo país, particularmente na súa capital, a cosmopolita Bos Aires da *Belle Époque*.

As actitudes sociais cara ós inmigrantes españois tampouco non foron moi diferentes das dirixidas ós italianos unhas décadas denantes: do refugo inicial pasouse a unha revalorización do seu papel como posíbeis *rexeneradores* das tradicións culturais crioulas, en perigo diante da afluencia de inmigrantes que falaban idiomas diferentes do castelán. Mais esa revalorización non estaba, pola súa vez, exenta de xerarquizacións *rexionais*. Deixando á parte os vascos,



considerados na opinión pública arxentina como un grupo étnico diferenciado (incluíndo españois e franceses) e revestidos dun estereotipo étnico moi positivo dende mediados do XIX, os galegos, asturianos e andaluces gozaban de menos simpatías cós cataláns ou casteláns². En particular, o peso do estereotipo negativo facíase especialmente patente nas actitudes sociais fronte ós inmigrantes galegos, maioría dentro do continente hispano (contra un 55 % de todos os chegados á Arxentina) e empregados maioritariamente en oficios non cualificados do sector terciario urbano³.

As elites da colectividade inmigrante galega desenvolveron un abano de estratexias discursivas para enxalzar a calidade da súa achega *civilizadora* ó novo país. Particularmente, a partir da primeira década do

Bos Aires, Arxentina.
Teatro Avenida.
Mitin antiforal das
sociedades galegas. 1910.
(AEG. Consello da Cultura
Galega)

Tratábase de recalcar o prestixio do propio grupo étnico inmigrante, mediante a exaltación dunha contraímaxe do bo inmigrante que invertía os termos e atributos do estereotipo negativo e maila presentación das glorias históricas e presentes de Galicia

século XX, cando entre arxentinos e españois se comezou a xestar un meirande clima de entendemento e valoración mutua, que culminou nas conmemoracións do Centenario da Independencia arxentina, en 1910. Esas estratexias, comúns a elites do ascenso económico, profesional e intelectual, tamén unían por igual a líderes de extracción republicana, carlista, monárquica ou galeguista. En síntese, tratábase de recalcar o prestixio do propio grupo étnico inmigrante, mediante a exaltación dunha contraímaxe do bo inmigrante que invertía os termos e atributos do estereotipo negativo e maila presentación das glorias históricas e presentes de Galicia. De contado, salientábase a sobranceira achega galaica á historia arxentina, nomeadamente ó proceso de colonización —endalí a recorrente aceptación da teoría da galegitude de Colón na Galicia emigrante entre 1914 e 1930— e máis tarde á emancipación arxentina. E, finalmente, tratábase de elaborar unha imaxe estereotipada da propia civilización arxentina na que a contribución hispánica e galega resultaba ser o seu elemento integrante fundamental, ó compartiren unha mesma matriz hispánica. Peza igualmente importante dese discurso foi tentar designar un *outro* común a boa parte da intelectualidade crioula: os inmigrantes italianos⁴.

Ese discurso vindicador da contribución galaica á nación arxentina, de orgullo pola propia identidade étnica, situábase nun nivel prepolítico. Iso posibilitaba que fose compartido por adáis do españolismo, presentando os galegos como a punta de lanza do hispanoamericanismo, e por defensores do nacionalismo galego dende comezos da década de 1920. E adoptaba unha roupaxe supraclasista e comunitaria: na Arxentina só habían existir galegos, sen diferencias de clase nin cualificación.

Entre os inmigrantes... hai clases

Nembargantes, a realidade era máis complexa intra muros do propio colectivo inmi-

grante galego. No discurso de afirmación étnica das elites intelectuais e societarias da colectividade galega, integradas na súa maioría por profesionais, xornalistas, comerciantes e industriais, pouco lugar había para as reivindicacións dos operarios galegos, unha boa parte do continxente inmigrante polo de agora non cuantificábel. Sobre todo, cando aquelas reivindicacións se expresaban a través da vía sindical, secundando as mobilizacións obreiras arxentinas e afiliándose ó movemento obreiro do país receptor, no que os inmigrantes galegos desempeñaron un papel non refugábel.

De entrada, as elites dirixentes da colectividade galega non sempre disimulaban unha convicción: a baixa cualificación profesional da maioría dos inmigrantes galai-cos, particularmente das novas e masivas vagas arribadas nos quince primeiros anos do século XX, ameazaba con arruinar o prestixio social labrado pola primeira elite inmigrante, aquela que no derradeiro cuarto do século XIX ascendera chanzos no comercio e na industria, e que ocupaba boa parte dos postos directivos non só das asociacións étnicas galegas, senón tamén das españolas⁵.

Eses prexuízos, con todo, non adoitaban traducirse no discurso público dos líderes da colectividade. Mais si podemos rastrexar a súa presenza nas autobiografías ou nas obras de ficción inspiradas en experiencias autobiográficas. Coma tal, o adolescente Pancho Palleiros, protagonista dunha das novelas autobiográficas do antigo anarquista, xornalista e escritor inmigrado durante un tempo na Arxentina, Nicasio Pajares (1881-1956), lacazaneando polas rúas de Montevideo, decatábase de que atraía cara a si o “airado reproche de los ‘registreros’, ‘almaseneros’ y ‘ferreteros’”. Mais iso non lle importaba, xa que así evitaba ser un máis daqueles galegos “laboriosos crustáceos de mostrador”, que só chegarían a converterse nun par de décadas en cómicos indianos coma os que el vira na súa aldea padronesa:

...al pie del cañón, como ellos llaman al mostrador, permanecen treinta o cuarenta años pegados a éste, juntando pesos, siempre con cara de vinagre y las entrañas negras [...] estos nuevos ricos bambolleros de la alfalfa, el trigo, el maíz y los vacunos que, adondequiera que van, llevan el ridículo consigo como el cuerpo de su sombra. (Pajares, 1931: 117 e 146-147)⁶

En ocasións, ese desprezo pola vida anódina e sufrida da masa de inmigrantes, que acostumaba enlazar co que se supuña había ser a evolución natural deses *crustaceos de mostrador* (o ser un fahendoso e ignorante indiano), tornábase nun aberto e elitista afastamento aínda máis explícito, revestido de orixinais motivacións patrioteiras (españolistas). Andrés Martínez Morás (1879-1939), xornalista e bohemio fillo de Andrés Martínez Salazar emigrado á Arxentina, loaba explicitamente no ano 1907, en primeiro lugar das súas *Siluetas* da elite inmigrante, o historiador e antigo expatriado republicano Benigno Teijeiro Martínez como eximio pertencente a unha xeración en extinción, “de emigrados cultos, que para bien de estos países americanos, y honra de sus compatriotas, invadió con su luz cerebral, la entonces oscura actualidad”, fortalecendo os elos de unión entre Galicia e a Arxentina. Pois ó chegaren “conducindo un bagaje de generosas ideas”, aquela xeración tamén demostrara perante os estraños que “no sólo el deseo de oro los guiaba”, a diferencia explicitamente dos que despois viñeron, “muy laboriosos, pero muy incultos” (Martínez, 1907: 15-16). Dez anos despois, o xornalista Luís Sánchez Abal incidía nos mesmos termos e enxalzaba a elite da colectividade galega e española, “cuya cultura, prestigio e importancia, contribuían a que en las altas esferas de la política, de la cátedra y de la prensa, se rindiera culto de simpatía y afectuosidad a la nación iniciadora de la vida civilizada en estos países”. Nas súas ringleiras figurarían antigos expatriados políticos devidos res-



Rafael Seijas Soto.
Credencial de nacionalidade.
Matanzas, Cuba. 1932.
(A.E.G. Consello da Cultura Galega)

pectábeis polo seu labor de liderado étnico, así como inmigrantes que conseguiran éxito e ascensión social:

...hombres maduros de edad, escapados a la represalia del Estado español que trataran de derrocar; unos cuantos espíritus inteligentes y aventureros y algunos caracteres enérgicos y laboriosos.

Fronte a esa elite, con todo, situaríase a masa de inmigrantes, formada “a base del portero insolente, del ordenanza engréido”, que amosaba como expresión externa máis risíbel o aspecto exterior das *mucamas* e empregados que frecuentaban os bailes das asociacións galaicas. O exemplo característico sería un *Manoliño*, camareiro ignorante e maleducado, arquetipo dos milleiros de inmigrantes que andarían “fomentando con su estulticia el descrédito de España”. Así e todo, o desprezo revestíase ó mesmo tempo dun comprensivo paternalismo compasivo:

¡Ah, Manoliños torpes, que, con vuestros primos y primas, sois causa de esta diferencia de apreciaciones! ¡Dios perdone a vuestra incultura el mal que causó a la Patria! ¡Y el que está causando! (Sánchez, 1917: 28-32)

Paternalismo comprensivo co que fora o tristeiro destino deses inmigrantes arribados a América sendo uns adolescentes con poucas letras e escasa preparación, que se deslombaran a traballar para se labrar unha posición, e que deviñan vasalos do vélaro de

Fronte a esa elite, con todo, situaríase a masa de inmigrantes, formada “a base del portero insolente, del ordenanza engréido”, que amosaba como expresión externa máis risíbel o aspecto exterior das *mucamas* e empregados que frecuentaban os bailes das asociacións galaicas

Paternalismo comprensivo co que fora o tristeiro destino dos inmigrantes arribados a América sendo uns adolescentes con poucas letras e escasa preparación, que se deslombaban a traballar para se labrar unha posición, e que deviñan vasallos do vélaro de ouro da riqueza.

ouro da riqueza. Pero malos patriotas (españóis), pois gardarían unha sorte de rancor instintivo cara ó país que non os preparou axeitadamente para a aventura transoceánica e que os condenara á miseria. Significativamente, Martínez Morás remataba a súa galería de personaxes exemplares da colectividade galaica co retrato de *Doña Margarita*, campesiña natural de Buño que emigrara ós vintecinco anos de Galicia, país que asociaba con miseria e traballo dende nena e que odiaba impulsivamente: “de allí no traje más que penas. Desconsoladores recuerdos me vienen a la memoria y el odio a veces quiere estallar”. En Mar del Plata, a inmigrante ocupábase das casetas de baño do Balneario de La Sirena, levábase coa elite arxentina que nel veraneaba, vociferaba “en su jerga galaico-hispana” e empregara “un peón, tipo clásico del aldeano importado, a quien ella llama Gosé, que le ayuda”. Traballaban duro, pero obtiñan recompensa, “y por eso la cara obscura de la ex-labradora adquiere en aquel lugar un tinte consolador”. A contemplación deste personaxe levaba o autor, con todo, a se entristecer “ante la evidencia, personificada en aquella mujer sencilla cuyos contrastes la obligaban a odiar a su patria” (Martínez, 1907: 145-150).

Na óptica dalgúns membros da elite da colectividade, como veremos, eran mesmo os galegos ou españois de pouca preparación cultural os que máis contribuían á difusión do tópico despectivo. Primeiro, ó servir de modelo risíbel para os sudamericanos e, despois, como transmisores da valoración negativa do concepto *galego* ós seus fillos, con ambivalencia de connotacións entre galego e español. O xornalista Miguel Tolodano afirmaba en 1915 que os inmigrantes españois sen cualificación profesional eran os que máis tiñan que lle agradecer á Arxentina, por lles ter permitido unha mobilidade social impensábel en España. Como o seu termo de comparanza era sempre desproporcionado (a súa aldea fronte á inmensidade de Bos Aires), e a súa referencia de

España ou Galicia era unicamente a súa freguesia natal, eses aldeáns acrioulados “que en la Argentina han conocido los zapatos, los calcetines y las camisas”, permitían que os arxentinos tivesen unha idea atrasada de España, “cuando les oyen decir que en España (España es siempre su aldea) no hay ciudades, ni comodidades, ni dinero”. Para máis, os fillos deses inmigrantes, que odiaban o pasado dos seus pais, converteríanse en abandeirados do desprezo a España e terían como primeira obriga “malquerer a los gallegos [...] malquerencia [que] se advierte y se respira en todo”. Como lle acontecía ó Pachín, inmigrante doutro poema deste autor, os seus fillos

De gallego le motejan,
y Pachín ve en este agravio
el odio de muchos lustros,
esculpido en un vocablo.
(Gil de Oto, 1915: 81-84 e 94)

Do mesmo xeito, o galeguista Xosé Iglesias Rivadulla afirmaba en 1916 que os emigrados galegos renegaban da súa orixe na familia, pois “no enseñan a sus hijos las glorias de su patria, parece que lo tienen a menos”, razón pola que os fillos “mañana, viendo quizá algún rastro de rusticidad en sus padres, los desprecian con apodos denigrantes” (Iglesias, 1916: 1). No seu relato *¡Emigrantes!* (1915), o xornalista asturiano Constantino Suárez *Españolito* exemplificaba unha consideración semellante no xuízo que ó caricaturista pontevedrés Teodoro lle merece un gandeiro leonés enriquecido na América. Este, xeneroso e de bo corazón, era vítima das circunstancias que o obrigaran a emigrar. Mais, cos seus erros na linguaxe, o seu materialismo e os seus modais groseiros na mesa, constituía un mal exemplo para imitar. Sen el o saber, desprestixiaba a España. A Teodoro dáballa “lástima... por España”, xa que

Por estos sujetos se juzga muchas veces a
nuestra patria. Son juicios, muchos de

ellos, carentes de toda lóxica. Alguien, quizás, habrá dicho máis de una vez: `mira el gallego ese limpiándose con pan el bigote'. Y es de presumir que cuando se marchó a Cuba, a los doce años, no tuviese tal adorno capilar, y en ningún otro lado sino allí habrá tomado el hábito de limpiárselo con pan. (Suárez, 1915: 98-99)

E o rexionalista ferrolán residente en Bos Aires, Miguel Revestido (1892-?), criticaba en 1925 os que el denominaba galegos *portugueses*, renegados por ignorancia, inmigrantes analfabetos e de maneiras bruscas que deviñan motivo de chanza para os arxentinos, e que, no canto de se declararen galegos, aducían ser naturais de Portugal (Revestido, 1925: 2).

Ora ben, por baixo da vestimenta de comprensión paternalista tamén se salientaban dous contraargumentos. Un era que os inmigrantes galegos, aínda que ignorantes, eran honrados e non se identificaban con *malevos*, malfeitores ou delincuentes, como amosaba sen máis o sainete porteño, onde ás veces —coma o restaurante popular con empregados porteños, italianos e galegos de *El corazón de un gallego* (1925) de Carlos R. de Paoli— se contraponían os rufianescos personaxes italianos ó infeliz pero honrado galaico (Paoli, 1925)⁷. Deste xeito, un dos personaxes principais (Pachín) do sainete *Alma Gallega* (1921) de Luis de Arcos y Segovia recrimináballes a dous inmigrantes de mala vida o desprestixio que coa súa conducta estaban a causar a Galicia e, por extensión, a España. De paso, establecía unha nova liña divisoria entre bos e malos inmigrantes:

¿Cómo han de amar a España los que la ven representada por vosotros? Habrá que levantar la voz muy alto para que todo el mundo se entere de que tú y los de tu ralea procedéis de España como las inmundicias proceden de las grandes poblaciones, sin formar parte de ellas. No había cremación de basuras en tu pueblo, y en vez de

ir a parar a la cloaca, fuiste a dar en la cámara del trasatlántico que te trajo. Eso es todo. El alma española, o si quieres mejor, el alma gallega, como dirían aquí, está representada en toda su nobleza por nosotros; los honrados, los leales, los laboriosos; los que al morir podemos llevar en la conciencia la convicción profunda de que honramos a la patria, nuestra madre; de que nuestra vida no fue estéril, sino fecunda en progresos para nuestra segunda patria, para la esposa de nuestro corazón... (Arcos, 1921.)

Doutra banda, contraargumentábase tamén por parte das elites da colectividade galaica que eses *Manoliños* torpes terían contribuído coa súa arribada masiva á Arxentina durante as dúas primeiras décadas do século XX a que Bos Aires non se convertera nunha cidade italiana (e italo falante). En poucas palabras, Galicia ofrendara xerosamente os seus fillos para *rehispanizar* Arxentina, algo que tanto os españois coma os crioulos lle haberían agradecer eternamente, a pesar de todo, visto que as virtudes da inmigración italiana xa non parecían brillar coma noutrora ós ollos da alta sociedade arxentina. Este era, quizabes, o argumento predilecto. Roxelio Rodríguez Díaz afirmaba en 1940 que a emigración galega contribuíra a “contrarrestar, en nombre de España, la influencia de razas ajenas al hispanismo básico”, converténdose na “principal levadura con que siguió España alimentando la fisonomía étnica y espiritual de sus antiguas colonias” (Rodríguez, 1940: 20). E en marzo de 1933 o acomodado presidente do Centro Galego lembraba cómo dende fins do século XIX, nunha cosmopolita Bos Aires onde “determinado idioma extranjero se estaba imponiendo” sen a poboación crioula poder contrarrestar semellante “ola arrolladora”, a chegada masiva de inmigrantes galegos cumpríu a función de garantir que na capital arxentina “se sigue hablando y sintiendo en español”, aínda que para iso Galicia tivera que despoboarse e baleirarse

... os inmigrantes galegos, aínda que ignorantes, eran honrados e non se identificaban con malevos, malfeitores ou delincuentes, como amosaba sen máis o sainete porteño, onde ás veces se contraponían os rufianescos personaxes italianos ó infeliz pero honrado galaico

Río de Xaneiro, Brasil.
Reunión galega no
restaurante e bar Monte
Alegre, dos galegos
Hermida e Ramos. 1927.
(AEG. Consello da Cultura
Galega)

“sobre esta esplendorosa ciudad la flor de sus muchedumbres y lo más animoso de su juventud”. Mais de seguida apuntaba que con esa vaga de inmigrantes terían chegado tamén “los humildes, los aldeanos analfabetos, sin preparación para empresas de gran categoría, que fueron sirvientes y changadores”, que serían precisamente os que se converterían en albo das chanzas e desprezos dos arxentinos e españois⁸.

Tratábase dese xeito, aínda que timidamente, de relexitimar o prestixio dos galegos construíndo un *outro* que sería supostamente común ós arxentinos, aproveitando o pouso de simpatías mutuas que deixaba o hispanoamericanismo e trazando novas liñas divisorias. Ora ben, esa estratexia, ademais de xamais se desenvolver sistematicamente, nunca foi un éxito pleno; entre outras causas, porque a distancia etnocultural socialmente perceptíbel entre os italianos e os arxentinos, e entre aqueles e os galegos, non era tan abismal como, poñamos por caso, a que existiu entre chineses e irlandeses en Nova York a mediados do século XIX con respecto ós anglosaxóns brancos, que aceptaron incorporar os católicos “celtas” fronte ós asiáticos, logo de os inmigrantes irlandeses insistiren no discurso racial como nova fronteira étnica⁹. Outra razón do fracaso foi, sinxelamente, que na altura de 1930 a colectividade hispánica distaba de presentar cara ó exterior un bloque homoxéneo. Dentro dela, as rivalidades interrexionais, incluíndo a consolidación de proxectos nacionalistas (vasco, catalán e galego) alternativos ó español, e mailas retesías político-ideolóxicas (republicanos fronte a monárquicos) eran máis fortes cá máis que esluída ameaza do *outro* italiano, un competidor demasiado amigábel e próximo —nos lugares de traballo, residencia e lecer— como para actuar de revulsivo unificador¹⁰.

Unha concepción semellante achábase tamén, no fondo, atrás das recomendacións insistentes e ata das campañas de propaganda encetadas en Galicia por boa parte



da prensa do país de todas as tendencias (dende republicanos ata católicos tradicionalistas, con moi escasas excepcións)¹¹, e de varias entidades étnicas de Bos Aires e Montevideo, co obxectivo de que dende o país de orixe se *escolmase* a corrente emigratoria, de xeito que unicamente partisen para a Arxentina aqueles individuos que soubesen escribir, ler e contar. Non se trataba só de altruísmo, da lóxica crenza nas mellores oportunidades laborais de que gozarían os emigrantes galegos e españois de teren unha mellor formación cultural; ou de investimento para que as colectividades de emigrantes servisen de novo centro impulsor da *rexeneración* de España, como sostían os rexeneracionistas abandeirados do hispanoamericanismo, tales como Rafael Altamira¹². Tamén se trataba de evitar que as vagas de inmigrantes de escasa cualificación seguisen a causar tanto o desprestixio da patria alén mar como o da colectividade inmigrante xa asentada e lexitimada ós ollos da sociedade receptora. Argumento no que os publicistas italianos tamén adoitaban insistir respecto da imaxe que de Italia transmitían os inmigrantes sen cualificación piamonteses ou calabreses¹³.

Varios viaxeiros españois no Río da Prata, como o xornalista andaluz Carlos M^a Santigosa, xa se fixeran eco desa opinión en data tan temperá como 1906. Para este último, os inmigrantes do norte de España non cualificados deberían ter ficado no seu

... na altura
de 1930 a
colectividade
hispánica
distaba de
presentar cara ó
exterior un bloque
homoxéneo.

país de orixe e non enlamar a boa imaxe que ofrecían os mellor preparados, pois

para vender periódicos, limpiar botas, y aun para servir de mensajero y para otros menesteres, bien se está cada cual en su casa, o en otro pueblo, o en otra provincia.¹⁴

E catro anos despois, o escritor e xornalista José M^a Salaverría teimaba no mesmo argumento: para evitar o desprestixio de España en América, e para evitar que os italianos se impuxesen culturalmente ó herdo español na Arxentina, cumpría que o Estado escolmase a corrente migratoria, enviando “hombres despiertos y cultos” e rebatendo a estendida opinión de que “los gañanes del campo son quienes deben emigrar, y no los jóvenes de la clase media” (Salaverría, 1910: 173-178). No ano 1908, un manifesto do Centro Galego de Montevideo chamaba a atención sobre o tráfico de brancas que atinxía a moitas inmigrantes galegas ó que arribaban ó Río da Prata. A súa denuncia obedecía a razóns morais, pero tamén ó temor de que, ó seren galegas as principais vítimas dese “tráfico repugnante”, ese feito aldraxase “el justo renombre de honradez acrisolada, conquistada por noble derecho por los gallegos entre las demás colonias extranjeras del Río de la Plata”¹⁵. E ata un socialista como o catalán Fabra Rivas comentaba nunha entrevista ó xornal porteño *La Razón* que en Galicia se deba fomentar a emigración, mais só dos *preparados*; pois os que saísen do seu país sen protección “a la vez que denigrarían a la patria de origen, perjudicarían al país que los acoge”¹⁶.

Neste sentido, foi un exemplo paradigmático o pedimento enviado ó Goberno español con idéntico motivo e promovido a mediados de 1927 polo mesmo Centro Galego de Montevideo, por iniciativa do seu presidente, o doutor Constantino Sánchez Mosquera, e á que se sumaron nos meses seguintes o Centro Galego de Bos Aires, a Asociación Patriótica Española e maila Asociación Española de Socorros

Mutuos da mesma cidade así como o *Hogar Gallego* de Rosario. Na exposición de motivos dese documento sinalábase non só o feito de os inmigrantes sen alfabetización gozaren de inferiores oportunidades laborais e de mobilidade social ascendente, senón tamén que eses inmigrantes pouco cualificados sentirían frustración e descontento con respecto ó seu país de orixe; e xa que logo non saberían educar as súas familias no amor á patria de orixe, fomentando dese xeito o “descrédito de su Patria de origen con el consiguiente perjuicio moral y material que para España engendra tal situación”¹⁷. Igualmente, no ano 1928 a xunta directiva da *Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión* de Bos Aires facíase eco dunha iniciativa semellante, de aplicación reducida á Costa da Morte. Neste caso, non só se trataba de procurar o ben dos emigrantes, senón tamén de evitar que a colectividade se vise desprestixiada pola imaxe ofrecida por analfabetos acabados de chegar que non saberían expresarse con corrección en idioma español, xa que “así se nos respetará mejor, como se respetan los de otras nacionalidades extranjeras”. Deste xeito, a entidade acordou en abril de 1928 colocar chapas de aluminio nos frontispicios das igrexas e nas casas do concello da bisbarra de orixe coa lenda: *El saber leer, escribir y contar abre las puertas del éxito. Si usted no tiene estos conocimientos, no debe emigrar*. A iniciativa foi gabada explicitamente polo periódico *Correo de Galicia*, que xulgaba conveniente prohibir a emigración de analfabetos para estes non desprestixiaren a colectividade galega e, xa que logo, non transmitiren unha imaxe negativa do país de orixe¹⁸.

A gabanza das propias glorias e virtudes do colectivo inmigrante cumpría tamén un papel complementario. Adoitábase recorrer á exaltación dos “homes de valía”, dos personaxes galegos que acadaban notoriedade, sen que importase demasiado a súa adscripción político-ideolóxica ou cultural. Só se

Ata un socialista como o catalán Fabra Rivas comentaba nunha entrevista ó xornal porteño *La Razón* que en Galicia se deba fomentar a emigración, mais só dos *preparados*; pois os que saísen do seu país sen protección “a la vez que denigrarían a la patria de origen, perjudicarían al país que los acoge”

Daquela, a prensa galaica minimizaba ou silenciaba a participación de inmigrantes galegos nos sindicatos e asociacións ácratas tanto na Arxentina como en España. Pola contra, os periódicos da colectividade enxalzaban a todos aqueles comerciantes, profesionais, intelectuais ou políticos nados en Galicia ou de liñaxe galaica que acadaran postos sobranceiros na vida pública arxentina

crebaba esa imparcialidade nun caso: o dos anarquistas. Daquelá, a prensa galaica minimizaba ou silenciaba a participación de inmigrantes galegos nos sindicatos e asociacións ácratas tanto na Arxentina como en España. Pola contra, os periódicos da colectividade enxalzaban a todos aqueles comerciantes, profesionais, intelectuais ou políticos nados en Galicia ou de liñaxe galaica que acadaran postos sobranceiros na vida pública arxentina, ou que experimentaran un éxito profesional no Río da Prata digno de mención. A imaxe do home de éxito e feito a si mesmo a partir dunha orixe humilde, mercé ó seu teimudo esforzo, pretendía amosar que os galegos non eran tan ignorantes como os querían facer aparecer nos estereotipos populares. E mediante os exemplos de ascenso social aspirábase a dignificar o conxunto da colectividade galaica inmigrada, salientando a súa importante contribución á industria, o comercio, á Academia, ás artes e letras ou ás actividades sociais e culturais arxentinas. Temperán exemplo foi xa en 1907 a aludida colección de *Siluetas* biográficas de galegos representativos da colectividade inmigrada que publicou Andrés Martínez Morás, co propósito de darlle a coñecer ó público arxentino “seres modestos, simpáticos propagandistas del credo patriótico, [...] figuras que proyectan luz esplendorosa en el ceniciento círculo de la colectividad”, xunguidos polá arela común de procuraren o “bien para la pequeña patria” e por realizaren “lá poco vulgar tarea de elevar a sus compatriotas, ennobleciéndose a sí mismos y honrando el nombre de Galicia”. Nese elenco de biografías incluía literatos e intelectuais (Benigno Teijeiro, Cayetano Aldrey, Ricardo Conde Salgado, Bernardo Rodríguez Ribeira, Julio Dávila), xornalistas (Fortunato Cruces, José M^a Cao) homes de éxito económico, pero comprometidos coa colectividade galaica malia a súa falla de cultura (Martín Echegaray, Anselmo Villar, Antonio Porto), e personaxes coñecidos polo seu valor nun oficio arriscado, como era o de coronel do corpo

de bombeiros (José M^a Calaza) (Martínez, 1907). Aínda que a pluma irónica de Martínez Morás amosaba as súas preferencias polos modestos xornalistas e intelectuais que non amasaran gran fortuna pero que si brillaran nas xustas do pensamento, a tónica nos lustros sucesivos será poñer énfase no éxito económico individual a par que no éxito profesional e literario. Apréciase así, por exemplo, tanto nas abondosas biografías de galegos de éxito que publicou a revista porteña *Céltiga* entre 1925 e 1939, como na serie que o periódico *Correo de Galicia* dedicou, entre abril e decembro de 1929, ás biografías encomiásticas das novas fornadas de “galegos triunfadores” no comercio, no mundo das profesións liberais e na industria. Trazo común a todos eles era presentar o seu éxito na integración social no país de acollida, a súa estabilidade familiar e maila súa práctica da beneficencia, da filantropía e do mecenado. E todos salientaban, ó indicaren cándo viaxaran a Galicia, as súas impresións favorábeis do progreso da terra de orixe, as mudanzas que aquela experimentara e mailo avance da instrucción e da cultura.

Mais non só a exposición dos triunfos individuais dos galegos era importante; tamén o era amosar a súa valía de xeito colectivo e visíbel, a través das institucións étnicas, mediante a súa exemplar actuación mutualista e cultural. E en primeiro lugar, o Centro Galego de Bos Aires, aclamado ó pouco do seu nacemento como “el consulado en el gran país de Sud-América de la pequeña patria de sus amores, de sus recuerdos”, para o cal os galegos inmigrados degoxarían que figurase no primeiro rango institucional da Arxentina, pois só así “enaltece a la raza” (Costa, 1913: 168-169). Como afirmaba en xullo de 1912 o presidente do Centro Galego de Bos Aires, Laureano Alonsopérez, no acto de inauguración da nova sede social da institución, o obxectivo da ampliación do Centro Galego sería amosar, a través dos núcleos institucionais, a existencia dun “núcleo de gallegos prestigiosos que se conozcan, que se traten y se alien-

ten para hacer pública manifestación de su origen galiciano”, para así facer mirar ós veciños de Bos Aires a presenza dunha elite galaica. Esta, pola súa vez, demostraría que:

...[H]ay gallegos, además de los que se encuentran a la vuelta de cada esquina, que influyen poderosamente, con sus talentos y sus capitales, en el progreso general de la Nación; revelando a todos en general el nombre de muchos gallegos, de méritos consagrados, que ni aún sus mismos paisanos tienen por tales; y estimulando a los innumerables jóvenes gallegos de inteligencia despejada a que la cultiven en provecho propio, y por ende en el colectivo.¹⁹



O bo obreiro inmigrante

Enxalzar as virtudes do colectivo tamén supuña, dalgún xeito, reinventar os obreiros e traballadores galaicos non cualificados. O protagonismo activo dos obreiros galegos nos conflitos laborais arxentinos —e uruguayos— superpúxose con facilidade ó estereotipo étnico negativo preexistente, sendo lido á luz deste. Para unha parte da opinión pública arxentina, o galego pasaba a ser *revoltoso*, indisciplinado e amante das folgas. Pero, en conexión co estereotipo, seríao non tanto por idealismo proletario como por carácter nugallán e aproveitado, que o levaría a apuntarse a todo canto significaba non traballar²⁰. No teatro popular porteño tamén se xogaba con aquela identificación, de

xeito máis ou menos sutil. Por poñer un exemplo, o dependente de comercio *Gaita de ¡Cuidado con la pintura!* (1921) de J. F. Escobar, personaxe vivaz, retranqueiro e moi anticlerical, dille nun momento dado ó seu patrón, logo dunha reprimenda por parte deste: “Ya triunfaremos los bolcheviquis y dejollaremos a todos los patrones...”. Igualmente, o andaluz que aparece no sainete de Alberto Vacarezza *Tu cuna fue un conventillo* (1920) é aludido nun momento determinado como “gallego maximalista de la Madonna” (Vacarezza, 1957).

Noutras ocasións, esa imaxe do galego como nugallán e baixado ás folgas aparece caricaturizada de maneira directa e frontal. Velaí o caso da obra *La ilusión de Sabatucci* (1921), de Manuel Romero. Nela, os protagonistas galegos son todos os obreiros cortadores dun obradoiro de xastrería, que comparten oficio con italianos; e mailo delegado sindical destes, o tamén galego Rodríguez, quen intervén de continuo perante o patrón (Don Pascual), un idealista italiano de tendencias anarquistas que se debate entre os seus ideais e os seus intereses, para lembrar os dereitos do gremio e ameaza decote coa folga —ata tres veces nun mesmo día, por diversas causas—. Isto, ó final da obra, acaba cos nervios de don Pascual (“ya me tiene estufo isto gayegue co su ensolencia. Va viene un poco de ñarquismo, ma no tanto, sacramento!”), quen renega dos seus ideais, logo de ter que aturar unha folga dos seus operarios promovida por Rodríguez en solidariedade cunha das modistas, seducida polo fillo do patrón (aludido arreo por Rodríguez como o “chancho [porco] borjés”). Don Pascual acaba por afirmar que “Lenine, sabe? Lenine é un porco farabutto”. Neste caso, a caracterización dos galegos era como esquerdistas, si, mais sen concesión ningunha ó idealismo. Os obreiros de *La ilusión de Sabatucci* aparecen perante o espectador como anódinos militantes sindicais e como repetidores mecánicos de lemas revolucionarios e estereotipicamente socialistas, nos beizos do

Lisboa.
Augadores galegos.
1910.
(AEG. Consello da Cultura Galega)

O protagonismo activo dos obreiros galegos nos conflitos laborais arxentinos —e uruguayos— superpúxose con facilidade ó estereotipo étnico negativo preexistente, sendo lido á luz deste. Para unha parte da opinión pública arxentina, o galego pasaba a ser *revoltoso*, indisciplinado e amante das folgas

líder Rodríguez; mentres, os seus compañeiros son descritos como unha grea que segue os dictados do delegado sindical sen entender ben por qué tocaba folga ou non (Romero, 1921). Sainetes coma este contradicían o tópico da laboriosidade e honestidade dos traballadores galaicos, a faciana positiva do estereotipo que preferían enxalzar os periódicos da colectividade galega.

Caben poucas dúbidas de que unha boa parte destas acusacións tamén eran compartidas implicitamente polas grandes institucións mutualistas e polos órganos de prensa dos emigrados. Estes últimos, malia silenciaren os posibles casos de conflito laboral ou social intraétnico, si que teimaban de xeito esporádico nas virtudes do ascenso social mediante o aforro, a instrución e a tenacidade, denunciando ou, as máis das veces, ignorando os anarquistas e mailas folgas por eles promovidas, e insistindo en que o conxunto dos galegos nada tiña que ver con aquela minoría violenta e revolucionaria que emporcallearía o *bo nome* da colectividade e maila respectábel posición social acadada pola súa elite rectora²¹. Ese bo nome, argumentaba o antigo *expatriado* republicano Manuel A. Bares (1855-1945) en 1908, era tanto máis preciso canto maior tiña que ser a unidade da colectividade con vistas a influír na rexeneración de España; e mal favor lle facían os elementos “dísolventes”, como os anarquistas e sindicalistas en xeral (Bares, 1908)²². O retrato do chofer anarquista que dá o xornalista coruñés José R. Lence nas súas memorias non é máis benevolente, aínda que se revestía dun certo paternalismo (Lence, 1945: 301-303). É máis, co gallo das folgas de 1919 que culminaron na denominada *Semana Tráxica*, varias asociacións galegas —particularmente as grandes institucións mutualistas, como o Centro Galego e a Casa de Galicia—, xunto de dous dos máis importantes periódicos da colectividade (os semanarios *Correo de Galicia* e *El Eco de Galicia*) subscribiron un manifesto, promovido pola Asociación Patriótica Española, onde se

proclamaba solemnemente que a colectividade española estaba integrada por “gente de orden”, que pouco ou nada tería que ver coa “minoría de agitadores profesionales [...] catalogados como elementos peligrosos para el orden y el progreso evolutivo de la República”²³. Dous anos máis tarde, o editorial do *Correo de Galicia* felicitábase do fracaso do paro xeral convocado polas organizacións obreiras a comezos de xuño de 1921 e laiábase de que dende o sindicato de *chauffeurs* —oficio no que predominaban os galegos— se emitisen “términos irrespetuosos o insolentes para el sentimiento patriótico del pueblo argentino”, polo que a maioría da opinión pública “impresionable” pasaba a “achacarnos a todos los gallegos lo que, en último término, sólo alcanzaría a unos cuantos influenciados por la prédica de los utopistas”. Eses galegos folguistas, afirmaba o periódico, perderan a condición de paisanos por abominaren do sentimento de patria, consubstancial ós *bos galegos* (leais tanto a España coma a Arxentina), xa que no caso destes últimos

la fuerte y numerosa colectividad gallega de Buenos Aires y de toda la República Argentina nada tiene que ver con los extraviados, si ellos existen, que, habiendo nacido en Galicia, olvidan la tradicional hidalguía de nuestro pueblo y se convierten en elementos perturbadores de un país al cual hemos venido por nuestra voluntad, para ser hombres de trabajo y de progreso y no ensayistas de doctrinas avanzadas.²⁴

Mais cando o conflito social provocaba repetidas manifestacións de desprezo cara ó conxunto dos galegos como colectivo por parte da sociedade receptora, daquela podía ter lugar unha reacción solidaria das institucións mutualistas presididas e dirixidas polos comerciantes e industriais de éxito, que polo xeral insistían nun discurso mesocrático e mais na solidariedade étnica

Cando o conflito social provocaba repetidas manifestacións de desprezo cara ó conxunto dos galegos como colectivo por parte da sociedade receptora, daquela podía ter lugar unha reacción solidaria das institucións mutualistas presididas e dirixidas polos comerciantes e industriais de éxito.

interclasista. Esta última mensaxe remataba por se impoñer neses casos, incluíndo os obreiros galaicos, e dirixíndose contra dos prexuízos da sociedade receptora. Ante todo, procurábase combater o suposto carácter nugallán dos inmigrantes galegos, aducindo un argumento alternativo e xustificador: se os galegos recorrían á folga, era por algunha razón digna, e non por inclinacións revolucionarias conxénitas. Xa que, como afirmaba o periódico *Nova Galicia* en data tan temperá como xaneiro de 1904, os inmigrantes galegos non serían revolucionarios lacazáns; pola contra, trataríase de obreiros “amantes del trabajo”, que se protestaban era porque se non deixaban asoballar na defensa da merecida ganancia ó seu esforzo.

El obrero gallego es dócil, es noble [...] A la vez, abriga la convicción de deberse a sí mismo, es decir, a sus solos esfuerzos, imponiéndose para ello todo género de sacrificios, el porvenir que pudiera crearse, cimentado sobre el sudor de su frente. El obrero gallego se resigna y se habitúa más pronto que otros a vivir en las condiciones (algo penosas, por cierto) que las condiciones le imponen. [...]

Pero el gallego, a la vez de tener estas buenas cualidades [...] sabe defender sus intereses, su dignidad y su buen nombre y no le falta valor para manifestar sus opiniones allí donde se establezca torneo para la emisión del pensamiento.²⁵

Do mesmo xeito, dende a prensa da colectividade galega rexeitábase a máis que soterrada hispanofobia do discurso nacionalista arxentino dos anos vinte (a Liga Patriótica Argentina ou varias das diatribas de Leopoldo Lugones, por exemplo, verbo da presunta responsabilidade dos inmigrantes na folga de 1919), ó que se facía responsable en boa medida da subsistencia dos prexuízos antigalegos entre a poboación²⁶. É de cando en vez denunciábase, aínda que xamais en grandes caracteres, algún caso

de maltrato ou torturas contra de obreiros galegos acusados de anarquistas ou de teren encabezado unha folga. A alegación en prol dos detidos non se facía en nome do respecto ás súas reivindicacións, senón en atención ó feito de que o carácter arbitrario da detención suporía unha vulneración simbólica da dignidade de Galicia ou España. Este foi o caso, por exemplo, en abril de 1917, cando tanto *Nova Galicia* como *El Diario Español* se solidarizaron expresamente co obreiro galego Jesús Bustos, detido e torturado pola policía arxentina como líder dunha folga de varredores²⁷.

Por poñer un exemplo medianamente ben documentado, así aconteceu tamén na localidade de Avellaneda a comezos de 1918, cando os obreiros, en boa proporción galegos, de varias empresas frigoríficas (*La Negra e La Blanca*) protagonizaron unha violenta folga que tivo que ser combatida con dureza polas forzas da orde pública. A brutal represión policial do conflito e mailas despectivas acusacións da patronal contra dos traballadores galegos, botando man de tópicos burlescos de fondo pouso popular para os cualificar de elementos perigosos, provocaron mesmo a reacción solidaria do Centro Galego de Avellaneda. Esta institución pasou a defender e se identificar cos obreiros, non pola súa condición social, senón en función da súa identidade étnica e en nome da dignidade de toda a colectividade inmigrada. O boletín oficial do Centro atribuíu dese xeito a rexa conducta reivindicativa dos obreiros galaicos, o seren “firmes, constantes y leales en sus determinaciones”, ó feito de seren nados “libres en tierra pródiga”, é dicir, nun país indómito e vizoso; e a resistencia dos obreiros galegos —curtidos nada menos que “en las campañas de Cuba y de Marruecos”— fronte á policía arxentina foi reinterpretada polo discurso oficial auspiciado polas elites rectoras da institución mutualista como un exemplo do carácter vigoroso e firme, e por extensión do prestixio social, do conxunto da colectividade galaica inmigrada:

Dende a prensa da colectividade galega rexeitábase a máis que soterrada hispanofobia do discurso nacionalista arxentino dos anos vinte, ó que se facía responsable en boa medida da subsistencia dos prexuízos antigalegos entre a poboación.

Do mesmo xeito, o discurso étnico solidario dende as grandes institucións mutualistas presentaba uns claros límites reformistas. Invertíase o estereotipo contra dos obreiros galegos para sinalar que eran reivindicativos dos seus dereitos laborais por seren máis modernos e, polo tanto, superiores ós demais traballadores doutras nacionalidades

Tal exemplo de rebeldía que sólo en esta ocasión aprobamos, fue el asombro de todos aquellos que se pasan la vida haciendo objeto de sus bromas a los gallegos. Bien se ha visto ahora que nuestros paisanos brincan solamente al son de la gaita. Pero, en cambio, ellos hicieron brincar a los otros al son de la pólvora.²⁸

Pero tamén é certo que este tipo de reaccións escaseaban. Incluso *Nova Galicia* censurou, sen o citar, o Centro Galego de Avellaneda por ter ido demasiado lonxe na súa crítica ás autoridades²⁹. Non cumpría criticar as forzas policiais argentinas nin dar ás ós sindicalistas, por moi galegos que fosen. Segundo afirmaba explicitamente este periódico co gallo dun novo conflito laboral na Compañía del Tranvía Anglo-Argentino, que contaría cun cincuenta por cento de galegos entre os seus doce mil traballadores no ano 1921, o labor da prensa étnica non había consistir en denunciar abertamente os abusos das compañías ou en “sublevar” os obreiros. Pola contra, a opción máis ponderada e razoábel para o conxunto da colectividade e para os traballadores galegos e as súas familias, fuxindo do perigo de que os empresarios “pudieran ir tomando mala ojeriza contra los gallegos empleados subalternos”, sería

conciliar en los puntos de discordia; aplaudir a las autoridades que dirigan la empresa, en bien de los intereses gallegos que allí tienen parte, haciéndolo bajo una fórmula que no resulte tampoco servilismo; peticionar a los Jefes superiores por los medios posibles, amablemente, diplomáticamente, que subsista el aprecio y mejoría a favor de nuestros paisanos, por su orden, sin alterar los méritos de los demás empleados de otras nacionalidades, instando a todos al mutuo consorcio y amistad.

A solución ideal, segundo concluía *Nova Galicia*, había ser a práctica do soco-

rro mutuo, pondo como exemplo del a propia asociación de socorros mutuos da compañía de tranvías. E exemplo implícito era a propia práctica do mutualismo étnico por parte das asociacións inmigrantes³⁰.

Do mesmo xeito, o discurso étnico solidario dende as grandes institucións mutualistas presentaba uns claros límites reformistas. Invertíase o estereotipo contra dos obreiros galegos para sinalar que eran reivindicativos dos seus dereitos laborais por seren máis modernos e, polo tanto, superiores ós demais traballadores doutras nacionalidades, sen por iso apoiar explicitamente as súas reivindicacións alén dun morno reformismo gradualista. Segundo afirmaba un novo xornalista da colectividade en 1919, con motivo dunha gran folga de solidariedade cos operarios galegos dunha compañía metalúrxica, o malestar dos obreiros inmigrantes era un sinal de que o Estado argentino tiña de poñer en práctica unha política reformista para mitigar as desigualdades sociais; pois se os traballadores galegos protestaban e eran acusados de seren un perigo, isto era soamente “por el delito de ser inteligentes, de ser estudiosos, de ser altivos y [...] trabajadores”, calidades que os facían vítimas do “vulgo xenóforo” e mais do “orgullo capitalista” (Regueira, 1919)³¹. Do mesmo xeito, o máis tarde líder galeguista Rodolfo Prada recoñecía en 1922 que se os galegos se contaban entre “quienes dan el mayor porcentaje entre los promotores y directores de huelgas”, iso era pola situación de desprotección a que se vían sometidos por parte das autoridades estatais tanto españolas como argentinas, á explotación de que eran obxecto por navieiras e axentes de emigración, á que se unía ó desembarcaren a non menor de axencias de colocación, contratistas de braceiros e “otros traficantes de carne humana”; a guinda, mesmo para os mellor colocados cun soldo digno, era o desprestixio social do xentilicio *gallego*, “y desde el superior más mediato hasta el más alto, todos han de tratarlo despectivamente y han de hacerlo objeto de insultos y vejáme-

nes a la menor equivocación en que incurra". Aí estaría a auténtica pinga que facía rebordar o vaso da paciencia dos bos traballadores galegos: na súa desvalorización como grupo étnico, non tanto sobre a base de causas sociais ou laborais (Prada, 1922).

Pero esta mensaxe non callou dentro do colectivo que pretendía integrar. A clase obreira inmigrante mantívose, en liñas xerais, máis ben afastada da participación nas asociacións étnicas e mutualistas, igual que acontecía nos casos doutras colectividades inmigrantes. De feito, entre os socios destas últimas sobranceaban os dependentes de comercio e comerciantes, empregados e *mucamas*. Certo é que unha camada de líderes societarios galegos de Bos Aires, que fai a súa aparición contra comezos de século pero que se consolida na segunda e terceira década, se caracterizou polo seu compromiso activo co sindicalismo arxentino, co Partido Socialista austral e mais cos ideais internacionalistas. E tamén o é que esa camada promoveu a fundación de varias asociacións microterritoriais galegas, así como o nacemento da *Federación de Sociedades Gallegas* en 1921. Nembargantes, mesmo nestes casos o seu socialismo víase obrigado a dirixirse a unha clientela composta maioritariamente, a xulgar polos casos que coñecemos, por comerciantes e empregados³². Os obreiros galaicos, de feito, constructo ideal da elite inmigrante, estaban máis ben fóra da colectividade *real*, aínda que fosen considerados unha parte aínda por integrar. •

BIBLIOGRAFÍA

- Altamira, R. (1911), *Mi viaje a América*, Madrid, G. López del Horno.
- Arcos y Segovia, L. de (1921), "Alma Gallega", en *Bambalinas. Revista Teatral*, 166, 11 de xuño.
- Bares, M. A. (1899), "Discurso (en el funeral cívico de Carnot)" [1894], en *Más prosa (colección de artículos)*, Bos Aires, Imp. de El Correo Español, páxs. 81-88.
- (1908), "De aquellos lodos provienen estos polvos", en *El Diario Español*, 1, 1 de xaneiro, páxs. 1-2.
- Barzini, F. (1902), *L'Argentina vista com'è*, Milán, Tip. del Corriere della Sera, pág. 163.
- Bresciano, J. A. (1999), "El Centro Gallego de Montevideo bajo la presidencia de Constantino Sánchez Mosquera", *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, páxs. 141-172.
- Casais Santaló, J. (1915), *Emigración española y particularmente gallega a ultramar*, Madrid, V. Suárez.
- Costa Figueiras, J. (1913), "La casa de Galicia", en *id.*, *La Risa de Dios*, Bos Aires, Talleres Tipográficos de Virgilio Guerra, páxs. 168-169.
- Devoto, F. (1991), *Estudios sobre la emigración italiana a la Argentina en la segunda mitad del siglo XIX*, Nápoles, Edizioni Scientifiche Italiane.
- Escobar, J. F. (1921), "¡Cuidado con la pintura!", en *La Escena*, Suplemento núm. 44, 4 de xullo.
- Fernández, E. (2001), "Los gallegos dentro de la colectividad y las asociaciones españolas en el primer tercio del siglo XX", en Núñez Seixas, X. M. (ed.), *La Galicia Austral*, Bos Aires, Biblos, páxs. 139-160.
- Fernández Santiago, M. (1996), "Asociacionismo étnico e considerazione sociale: gli emigranti galiziani in Argentina (1879-1950)", *Memoria e Ricerca*, 8, páxs. 77-98.
- Gil de Oto, M. [Miguel Toledano] (1915), *La Argentina que yo he vivido*, Barcelona, B. Banza.
- Gómez, M. (1929), "Unión Residentes del Ayuntamiento de Sobrado de los Monjes", *El Despertar Gallego*, 161, 17 de decembro, pág. 7.
- Iglesias Rivadulla, J. (1916), "Auroras y Crepúsculos", *Nova Galicia*, XVI, 490, 9 de xullo, pág. 1.
- Kuo Wei Tchen, J. (1997), "Quimbo Appo's Fear of Fenians. Chinese-Irish-Anglo Relations in New York City", en R. H. Bayor e T. J. Meagher (eds.), *The New York Irish*, Baltimore/Londres, The Johns Hopkins UP, páxs. 125-152.
- Lence, J. R. (1923), "El buen sentido no es siempre el sentido justo", en *Correo de Galicia*, 898, 24 de xuño, pág. 1.
- Lence, J. R. (1945), *Memorias de un periodista*, Bos Aires, Centro Difusor del Libro.
- Maetz, R. de (1934), *Defensa de la Hispanidad*, Madrid, Gráfica Universal, páxs. 132-134.
- Martínez Morás, A. (1903), *Íntimas. Fragmento de una autobiografía. Impresiones de un viaje*, Bos Aires, Impr. Didot.
- (1905), *Ráfagas. Colección de artículos*, Bos Aires, Imprenta La Económica.
- (1907), *Siluetas. Primera serie*, Bos Aires, Imprenta A. Arias Lantero.
- Núñez Seixas, X. M. (1998), *Emigrantes, caciques e indios*, Vigo, Xerais.
- (1999), "Algunas notas sobre la imagen social de los inmigrantes gallegos en la Argentina (1850-1940)", en *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 42, páxs. 67-108.
- (2000), "Redes sociales y asociacionismo: Las 'parroquias' gallegas de Buenos Aires (1904-1936)", en *Estudios Interdisciplinarios de América Latina y el Caribe*, Tel-Aviv, 11, 1, páxs. 23-44.

A clase obreira
inmigrante
mantívose, en
liñas xerais, máis
ben afastada da
participación
nas asociacións
étnicas e
mutualistas,
igual que
acontecía nos
casos doutras
colectividades
inmigrantes.
De feito, entre
os socios destas
últimas
sobranceaban
os dependentes
de comercio e
comerciantes,
empregados e
mucamas

Gomesende, Ourense.
Seitureiros preparados para
marchar a Salamanca.
1925.
(AEG. Consello da Cultura
Galega)

—(ed.) (2001), “Colón y Farabutti: Discursos hegemónicos de la elite gallega de Buenos Aires (1880-1930)”, en *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*, Bos Aires, Biblos, páxs. 219-249

—(2002), “El competidor imaginario: Los inmigrantes italianos según la colectividad española de la Argentina (1900-1940)”, *Spagna Contemporanea*, 21 (no prelo).

Pajares, N. (1931), *Cómo pervirtieron a Palleiros*, Madrid, Eds. Oriente, páxs. 117 e 146-147.

Paoli, C. R. de (1925), “El corazón de un gallego”, en *La Escena*, 390, 17 de decembro.

Prada, R. (1922), “Rápidas. El trabajador gallego”, *Correo de Galicia*, 843, 11 de xuño, pág. 1.

Regueira, L. (1919), “Las huelgas y el elemento gallego”, *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, 186, 15 de febreiro, pág. 7.

Revestido, M. (1925), “La colectividad por dentro. ¿Cuántos somos?...”, *Correo de Galicia*, 1021, 16 de agosto, pág. 2.

Rodríguez Díaz, R. (1940), *Historia del Centro Gallego de Buenos Aires*, Bos Aires, ed. do autor.

Romero, M. (1921), “La ilusión de Sabatucci”, en *La Escena*, Suplemento núm. 52, 29 de agosto.

Sagastume, José Pío (1916), *La inmigración. Su influencia en el País*, La Plata, s. ed.

Salaverría, J. M. (1910), *Tierra Argentina. Psicología, tipos, costumbres, valores de la República del Plata*, Madrid, Librería de Fernando Fé, páxs. 173-178.

Sánchez Abal, L. (1917), *Unos años de emigración en Buenos Aires*, Bos Aires, Rosso, páxs. 28-32.

Santamarina, C. (1930), “Lo que debe saber el emigrante”, *El Emigrante Español*, XIII, 296, 20 de outubro, páxs. 158-159.

Santigosa, C. M. (1906), *El Río de la Plata. Montevideo. Buenos Aires*, Sevilla, Heraldo Sevillano, páxs. 154-155.

Solberg, C. E. (1970), *Immigration and Nationalism. Argentina and Chile, 1890-1914*, Austin/Londres, University of Texas Press.

Suárez, Constantino [*Españolito*] (1915), *¡Emigrantes!*, A Habana, Impr. Avisador Comercial.

Vacarezza, A. (1957), “Tu cuna fue un conventillo”, en T. Carella (ed.), *El sainete criollo. Antología*, Bos Aires, Hachette, páxs. 353-389.

Vieites Torreiro, D. (1998), “O anarquismo na Arxentina: A participación dos inmigrantes galegos, 1880-1930”, en L. Pérez Leira (coord.), *O galego Soto, líder da Patagonia rebelde*, Vigo, Xerais, páxs. 57-107.

Zubillaga, C. (1998), *La utopía cosmopolita. Tres perspectivas históricas de la inmigración masiva en Uruguay*, Montevideo, Facultad de Humanidades, Univ. de la República.



NOTAS

¹ Datos en Devoto, 1991: 67.

² Vid. por exemplo as xerarquizacións segundo a orixe rexional dos inmigrantes españois e italianos que leva a cabo o propietario agrario e publicista Sagastume, 1916.

³ Sobre o estereotipo étnico negativo existente cara ós inmigrantes galegos na sociedade arxentina e a súa evolución, vid. Fernández, 1996 e Núñez, 1999.

⁴ Temos desenvolvido de vagar este argumento en Núñez, 2001.

⁵ Vid. Fernández, 2001.

⁶ Un semellante desprezo, aínda que máis matizado, amosaba Andrés Martínez Morás ó rememorar a súa época de dependente de comercio nunha localidade do interior bonaerense na década de 1890, “vida sistemática y monótona”, que conducía ós “primeros síntomas de aletargamiento intelectual” atrás do mostrador. Con todo, as súas simpatías socialistas tamén o levaban a retratos moi comprometidos e simpatéticos cos inmigrantes fracasados: vid. Martínez Morás, 1905: 91-92 e 119-21, e Martínez Morás, 1903: 13.

⁷ De feito, os observadores italianos percibían como unha perda de prestixio para a italianidade na Arxentina o feito de que os personaxes italianos nos saine-tes fosen, amais de criados e obxecto de burla, ladróns. Vid. Barzini, 1902: 163.

⁸ Vid. “Merecido homenaje”, *Galicia. Revista Oficial del Centro Gallego*, XIX, 243, marzo 1933, pág. 5.

⁹ Vid. Kuo, 1997: 125-152.

¹⁰ Sobre esta cuestión, cf. Núñez, 2002.

¹¹ Unha das máis notábeis foi a do escritor e teórico tradicionalista Ramiro de Maeztu, durante un tempo embaixador da Dictadura de Primo de Rivera na Arxentina, quen en 1934 afirmaba que o grande éxito dos comerciantes españois na América era obra de aldeáns con escasa educación escolar, pero afeitos a sufrir privacións e aforro, algo que os equiparaba á bagaxe que levaban os conquistadores da América colonial. Pola contra, os españois educados emigraban cunha formación prexudicial, porque “la educa-

ción actual [...] no enséñaa a sufrir, sino a gozar”, e ademais nas rexións de máis taxa emigratoria (Galicia, Asturias, Santander, norte de Castela e León, País Vasco) “la Iglesia, las costumbres y el refranero se bastarían para mantener un tipo de civilización muy superior al que producen, por punto general, las escuelas laicas y la prensa barata” (Maetz, 1934: 132-134).

¹² Vid. por exemplo Altamira, 1911: 476-478, ou Santamarina, 1930: 158-159.

¹³ Vid. por exemplo as observacións de Barzini, 1902: 156-157.

¹⁴ Vid. Santigosa, 1906: 154-55. Logo de cantar as loanzas da elite da colectividade española en Bos Aires e nomeadamente da Asociación Patriótica Española, o autor contraponía esa elite educada á masa de inmigrantes hispánicos, exemplificados no seu encontro con varios limpabotas e máis cunha vendedora de xornais “anciana, española del Norte, según revelaba su acento”.

¹⁵ Citado en Casais, 1915: 25.

¹⁶ Cf. o retruque da revista *Céltiga* en “Emigración gallega”, *Céltiga*, III, 111, 10 de setembro de 1926, ou o da revista *Hércules* en “La Razón y los gallegos”, *Hércules*, XI, 135, 15 de setembro de 1926, 1.

¹⁷ Unha exhaustiva descrición da elaboración do pedimento ó Goberno español en Bresciano, 1999.

¹⁸ Vid. *Alborada*, 33 (abril 1928), e “Hay que seleccionar la corriente migratoria. Verdades amargas”, *Alborada*, 52 (novembro 1929).

¹⁹ Vid. o discurso reproducido retrospectivamente en *Galicia. Revista Oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, XIX, 248, agosto de 1933, 7-10.

²⁰ Por suposto, cando as fábricas nas que tiñan lugar conflitos estaban nas mans de inmigrantes doutras nacionalidades, o recorrer á caracterización dos folguistas como “cuatro gallegos rancios”, como facía o periódico montevidiano *L'Italia* en 1884, devíña un argumento frecuente (citado en Zubillaga, 1998: 48).

²¹ Vid. varios exemplos en Núñez, 1998: 345-348, e Vieites, 1998: 104 e 105.

²² Xa con anterioridade deixara ver este republicano o seu rexeitamento das ideas e métodos dos anarquistas (Bares, 1899).

²³ “Por el buen nombre español. Actitud adoptada. Un manifiesto preliminar”, *Correo de Galicia*, 684, 18 de maio de 1919, 1. No mesmo sentido se manifestara *Nova Galicia* catro meses denantes: vid. “Relaciones hispano-argentinas”, *Nova Galicia*, XVIII, 950, 4 de xaneiro de 1919, 1.

²⁴ “Las luchas de nuestra época y el concepto de patria”, *Correo de Galicia*, 790, 5 de xuño de 1921, 1.

²⁵ “Por el obrero gallego”, *Nova Galicia*, III, 29, 24 de xaneiro de 1904, 1. De feito, o director deste periódico, Fortunato Cruces, distinguíuse na defensa de varios obreiros galegos detidos pola súa participación na folga de xaneiro de 1901; e no ano 1910 defendeu o obreiro galego residente en Olabarria, Serafin Loureiro, da acusación de participar en actividades anarquistas.

²⁶ Vid. por exemplo “El sentimiento de la nacionalidad”,



Correo de Galicia, 685, 25 de maio de 1919, 1; “El error en marcha”, *Correo de Galicia*, 720, 7 de marzo de 1920, 1, e “La nueva ideología de Leopoldo Lugones”, *Correo de Galicia*, 901, 15 de xullo de 1923, 1. Sobre as orixes desta consideración, segue a ser útil Solberg, 1970: 112-116.

²⁷ Vid. “En plena capital argentina. Gravisima ofensa a la dignidad nacional”, *Nova Galicia*, XVI, 506, 3 de abril de 1917, 2.

²⁸ “No lo creemos”, *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, 173, 15 de xaneiro de 1918, 11; J. Rial, “¡Desperta, ferro!”, *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, 174, 15 de febreiro de 1918, 9.

²⁹ “No siempre es culpable la autoridad”, *Nova Galicia*, XVII, 928, 16 de febreiro de 1918, 2.

³⁰ “En la Compañía de Tranvías Anglo-Argentino”, *Nova Galicia*, XXI, 1018, 15 de setembro de 1921, páxs. 1-2.

³¹ En parte, no mesmo sentido, Lence, 1923.

³² Sobre os casos de catro sociedades microterritoriais pontevedresas de Bos Aires, das que nos foi posíbel reconstruír o perfil social dos seus socios. Cf. Núñez, 2000. Iso obrigaba, de feito, ós líderes de asociacións microterritoriais de orientación esquerdista a curiosos equilibrios dialécticos. Así, a directiva da *Unión Residentes del Ayuntamiento de Sobrado de los Monjes* incluía nas súas proclamas de 1929 un concepto amplo das clases populares: amais dos “asalariados del proletariado, las huestes del trabajo, esa clase que con su fuerza muscular hace mover la máquina y producir la tierra”, incluía dentro daquelas “la pequeña industria y el comercio minorista, que [...] son también explotados al igual que los primeros por el capital de aventura, aunque éstos con una apariencia burguesa”. Cf. M. Gómez, “Unión Residentes del Ayuntamiento de Sobrado de los Monjes”, *El Despertar Gallego*, 161, 17 de decembro de 1929, 7.

Nova York. Obreiros galegos da Edison Portland Cement. 1910. (AEG. Consello da Cultura Galega)

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS
 PROFESOR TITULAR DE
 HISTORIA CONTEMPORÁNEA
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
 DE COMPOSTELA

Españois na vendima de Rousillon, Francia, anos sesenta
Fundación 1º de Mayo CDEE.
Fondo Secretaría de Migracións de CC.OO.



CONDICIÓN, TRABAJO E XÉNERO NA EMIGRACIÓN ESPAÑOLA DOS ANOS SESENTA

ANA FERNÁNDEZ ASPERILLA / CORO LOMAS LARA

O obxectivo deste artigo é constatar algunhas peculiaridades que, en función do xénero, tivo o fenómeno migratorio na traxectoria laboral a partir da década dos sesenta do século XX, cando adquiriu gran repercusión na sociedade española (Fernández Asperilla, 1998).

A pesar da condición subordinada das mulleres españolas durante o franquismo (Moliner, 2000: 36), moitas delas foron protagonistas da experiencia da emigración, que supoñía a ruptura con certas limitacións que rodeaban o mundo feminino. Tratábase de saír do país e traballar alén das súas fronteiras, nun universo económico,

político, relixioso e social completamente distinto¹. Logo, era dalgún xeito unha decisión revolucionaria, que permitía romper cos vínculos anteriores e principiar unha nova vida, como ocorría con moitas nais solteiras que, fuxindo do estigma ó que as condenaba a súa condición, decidían emigrar. Pero non estamos interesados no que poderíamos chamar razóns sociais ou políticas dunha emigración, senón na súa vertente económica; é dicir, a que protagonizaron as mulleres, independentemente da súa participación na decisión, soas ou acompañadas, pero con razóns de seu, fundamentalmente económicas.

A emigración tense considerado un factor de modernización da sociedade española dos anos sesenta do século XX. Neste sentido, debemos supor que as súas protagonistas tamén participaron do efecto modernizador, mesmo que sexa este un concepto ambiguo².

A modificación da condición feminina desde a década dos setenta do século XX vinculouse ó papel desempeñado polas mulleres de orixe burguesa ou de clase media que, co seu paso pola universidade, entre outras cousas, conseguiron unha maior promoción laboral e social. Pero as consecuencias deste feito na vida cotiá da maioría das españolas durante o franquismo foron ben escasas. Pola contra, non ocorreu así coas que produciu a emigración, entre outras razóns porque se converteu nun fenómeno masivo.

Como protagonistas ou *acompañantes* que ficaban na casa ó cargo da xestión da economía doméstica, a educación dos fillos ou o coidado dos maiores, a súa función foi importante nos procesos migratorios. Nas ocasións en que marchaban en solitario, convertíanse no primeiro elo dunha cadea migratoria na que posteriormente atraían os homes (noivos ou maridos, pais e irmáns). Cando a muller non emigraba directamente, era tamén central nas estratexias migratorias. Marchar ou ficar non era unha decisión individual, senón unha opción que se tomaba de acordo cunha estratexia doméstica, na que se daba unha repartición de papeis entre os que se ían e os que quedaban.

Entre 1962 e 1974, segundo datos do Instituto Español de Emigración, que só inclúen a emigración asistida, marcharon 258.172 mulleres (Ministerio de Trabajo, 1976: 10, 26). As que tiñan como destino Europa e outros países mediterráneos eran 172.542, o que representaba o 16,6 % da emigración que co mesmo destino canalizou o IEE; sen embargo, as cifras foron moito máis elevadas, pola importancia que adquiriu a emigración clandestina³, da que

se facía eco en 1964 o diario *ABC*, cando afirmaba que

un gran porcentaje de las dificultades planteadas al emigrante español son imputables a las gestiones bastante indignas de agencias que operan en nuestro país y en Inglaterra. Gracias a esas agencias llegan a Gran Bretaña españolas que nunca salieron de sus aldeas...Infelices reclutadas por los tratantes de la emigración.

A acción das axencias de colocación, á marxe do IEE e da regulamentación inmigratoria británica, conferíalle á emigración española unha das súas características por antonomasia: a clandestinidade. A partir de 1962 rexistrábase en Inglaterra unha entrada cifrada entre 8.000 e 11.000 emigrantes por ano, mentres que a emigración asistida polo IEE andaba entre os 732 e 1.698 anuais. É dicir, entre un 82 e un 93 % por cento chegaba a Inglaterra absolutamente desasistido. En 1969, o IEE daba unha cifra de 941 entradas fronte ás 7.290 que rexistraba o *Homo Office*⁴. Estas axencias funcionaban en España como xestorías; cobrábanlles unha comisión ás empresas e outra ó emigrante, como era o caso dun matrimonio galego ó que a axencia ourensá Pérez de la Rosa puxo en contacto con outra axencia de Londres, a S. D. S. A., é dicir, a Agencia Sánchez, que lles cobrou 25.000 pesetas e lles fixo os contratos, a el de camareiro e a ela de doméstica. Eran realmente estas axencias as que canalizaban e conformaban a emigración española a Inglaterra. A súa función consistía en lles facilitar traballo ós emigrantes españois (cobrándolles por facelo ata 35 libras), tramitarlles permisos de traballo ou recrutar un importante número de emigrantes. Esta actividade alcanzou tal magnitude que eran ben coñecidas polos emigrantes españois (a Sánchez, que chegou a publicar unha revista, *Aquí Londres*; a Castaño, a Gilbert, a British Continental, a Cybele Bureau) e eran

as grandes beneficiarias do mercado negro de traballo en Inglaterra⁵.

En Holanda, nunha revista editada en xuño de 1971 polo Centro Español de Eindhoven, afirmábase que moitos emigrantes chegaban de maneira ilegal, sen permiso de traballo ningún, e topaban cunha morea de problemas, como foi o caso de dez traballadores detidos en 1971 en Breda⁶.

O que nos interesa é cómo a emigración influíu na vida das mulleres emigrantes ó estranxeiro. O innovador non era o traballo, pois moitas xa traballaban antes de marchar (Borderías, 1993: 75-79), senón o contexto e as condicións que o rodeaban. Algunhas emigrantes pasaron dunha pequena aldea galega onde non dispuñan de electricidade, servizo ou auga corrente, a unha cidade industrial como Eindhoven, onde vivían mil españois en 1965⁷.

A presión para que as emigrantes españolas traballaran era superior no estranxeiro ca no país de orixe, o que deu lugar a un nivel de ocupación entre a poboación feminina emigrante superior ó do país de saída e ó de traballo. Coma tal en Suíza, en 1973 a porcentaxe de mulleres traballadoras autóctonas era do vinte por cento mentres que entre as emigradas se elevaba ó corenta por cento⁸. Nalgúns casos a lexislación restrinxía a presenza de estranxeiras que non traballaran, como ocorría en Suíza, onde só se lles permitía ás mulleres reunirse cós seus homes se contaban cun contrato de traballo. A fins de 1969, esta restricción afectaba ó cincuenta por cento dos xornaleiros italianos e ó trinta e catro por cento dos españois, o que provocaba que moitas mulleres e nenos desa orixe malviviran na clandestinidade ou que existiran na raia suíza colonias de mulleres e nenos que recibían a visita do pai a fin de semana. en Alemaña, as mulleres só podían convivir co home e mailos fillos se tiñan permiso policial e se o marido levaba un ano ou máis no país. No caso de rexións superpoboadas, nin mesmo cumprindo estes requisitos era posible o reagrupamento familiar. Algunhas mulleres

estranxeiras foron encarceradas polo delicto de durmiren cos seus homes sen teren estes papeis⁹. En Holanda, en 1965, ante as dificultades para atopar vivendas, as autoridades redactaron unha orde que obrigaba as mulleres dos traballadores españois a abandonaren o país. Ante a ameaza dos maridos de acompañalas, a orde foi anulada e permitiuse a súa presenza aínda que incumpriran as leis de emigración¹⁰. Os anuncios, en agosto de 1970, dos españois A. R. e M. A. na revista *Unión Española*, editada polo Centro Español de Eindhoven, solicitando habitacións para traeren as súas respectivas esposas nas residencias El Pinar e El Prado, onde se aloxaban traballadores da empresa Philips¹¹, é ilustrativo a este respecto.

Unha vez fóra, tódalas mans, as de homes e mulleres, eran poucas para aforralo suficiente e retornar o máis axiña posible. Iso tivo efectos ambivalentes para a traxectoria laboral das mulleres. Por unha banda, o traballo fóra da casa equiparábaas nun plano de igualdade cos homes; por outra, nalgúns casos considerábase complementario do masculino e subordinable nas estratexias migratorias familiares¹² (Martínez Veiga, 1999: 117). Co tempo, a citada supeditación tivo consecuencias perversas para elas. Por exemplo, é o caso dalgunhas españolas que en Bélxica traballaban no servizo doméstico ou na limpeza de oficinas, onde non cotizaban por elas á Seguridade Social. Cando os patróns, logo dun tempo, lles propuxeron dalas de alta, elas negáronse porque os impostos que tería de pagar a unidade familiar diminuírían a capacidade de aforro e delongarían o retorno (Fernández Asperilla, 2000: 232). No momento da xubilación, e despois dunha longa vida laboral, víronse despois das duns ingresos e nunha situación de dependencia da pensión dos maridos, que si cotizaran á Seguridade Social (Fernández Asperilla, 2000: 217-265). Cando se estudia a traxectoria laboral das emigrantes retornadas, constátase que a maioría, ó par-

Algunhas emigrantes pasaron dunha pequena aldea galega onde non dispuñan de electricidade, servizo ou auga corrente, a unha cidade industrial como Eindhoven, onde vivían mil españois en 1965

tir para o estranxeiro, contaba cunha vida laboral media de vinte anos durante os cales os empresarios non cotizaran por elas ós seguros sociais e ata foron vítimas de múltiples fraudes ó lles facer crer que si o estaban facendo (Fernández Asperilla e Lomas Lara, 2001: 91-101). As súas traxectorias premigratorias mostran un periplo por empregos temporais variados na economía informal, en empresas importantes do sector dos servicios ou na Administración local. Pero antes de conseguir no estranxeiro o recoñecemento dos seus dereitos, tamén permanecían, por decisión dos empresarios, na economía somerxada. Prolongábase a explotación desde o país de orixe ó de traballo. O seguinte dato é ben ilustrativo ó respecto: o Secretariado da Comisión Episcopal de Migracións calculaba que en 1975 había 200.000 españois traballando no servizo doméstico en Francia, pero só 50.000 estaban oficialmente declarados na Seguridade Social¹³.

Ó cabo dun período na economía informal, os empresarios inscribían as emigrantes na Seguridade Social. Deste xeito abaratábanse custos durante o período de aprendizaxe e adaptación ó posto de traballo. Cando a traballadora adquirira a cualificación necesaria e comezaba a ser plenamente produtiva, momento no que tamén tería un maior coñecemento da lingua e dos mecanismos de funcionamento da sociedade de residencia, procedíase á legalización da súa situación, como se desprende do seguinte testemuño dunha española en Francia:

[...] El problema de Francia [es] que también me faltan años de cotizaciones debido a no haber obtenido mi "carte de travail" en el año 49 que es cuando yo empecé a trabajar en París en la confección. Allí tengo cotizados oficialmente desde el año 1954, y me cuentan 2 años más por tener un hijo a mi *carga* y claro es como actualmente no tengo los 37 años y medio requeridos, me encuentro sin esa totalidad que se necesita para mi jubilación [...]¹⁴.

O traballo fóra do fogar sumábase ó doméstico, así que pouco tempo lles quedaba para o ocio, a socialización ou o liderado no mundo asociativo español¹⁵, ó que si consagraron moitas enerxías algúns homes¹⁶ (Lomas Lara e Paniagua, 1998: 417-426). Esta última actividade permitía a ampliación das redes sociais e, nalgúns casos, a promoción social e profesional dos líderes da comunidade. Aínda que o protagonismo das mulleres foi menor có dos homes, cuantitativamente falando, no movemento asociativo dos emigrantes no estranxeiro, nas principais organizacións nacionais de emigrantes como a Federación de Asociaciones de Emigrantes Españoles en Francia (FAEEF), a Federación de Emigrantes Españoles en Holanda (FAEH), a Asociación de Trabajadores Emigrantes Españoles en Suíza (ATEES), a Coordinadora Europea de Asociaciones de Emigrantes Españoles, etcétera, creáronse comisións da muller que acometían a súa problemática de maneira máis específica e celebraban encontros de forma regular¹⁷. No III Congreso da ATEES, celebrado en novembro de 1972, adoptouse unha resolución que declaraba prioritaria "la lucha por los derechos de la mujer emigrada". Por iso, a asociación comezou un traballo especialmente dirixido ás mulleres, a través das súas seccións de Zúrich e Xenebra. En Xenebra creouse un grupo de mulleres emigradas que pretendía conseguirla concienciación do resto das emigrantes sobre os problemas específicos que lles afectaban no traballo e noutras parcelas da súa vida. Sobre de discusións teóricas e informativas, esta pequena estrutura pretendía resolver problemas prácticos que lles afectaban, como despedimentos, dificultades cos seguros sociais, discriminacións no acceso a garderías e outras institucións preescolares, etcétera.

A actividade laboral das emigrantes fóra do fogar adquiría unha relevancia superior á que tiña en España, pois constituía a única posibilidade de socialización.

En Xenebra creouse un grupo de mulleres emigradas que pretendía conseguirla concienciación do resto das emigrantes sobre os problemas específicos que lles afectaban no traballo e noutras parcelas da súa vida

O descoñecemento da lingua en Europa limitaba a súa participación social e condenábaas ó illamento nos países de residencia. En cambio, a lingua non constituía un atranco para as españolas en América, onde podían competir en mellores condicións coa poboación autóctona ó non teren a barreira do idioma¹⁸.

A emigración exterior estaba, en moitos casos, precedida doutra interior na que se produciu un cambio de actividade. En cambio, a saída ó estranxeiro non supuxo a incorporación das emigrantes a sectores económicos diferentes daqueles nos que traballaban as mulleres no noso país. As diferencias dependían do tipo de traballos que a poboación autóctona rexeitaba nos países de residencia. As españolas e mailas portuguesas eran contratadas como *criadas* en Amsterdam no hotel Krasnapolsky, ó non poder contratar doncelas holandesas¹⁹. En Inglaterra, por exemplo, só se concedían permisos de traballo para a hostalería, os hospitais e o servizo doméstico. Na hostalería, os salarios máximos eran menores cós mínimos doutros ramos onde traballaban os ingleses, como o gas, os ferrocarrís e as minas de carbón. En 1972, os salarios previstos nestes sectores eran de 47,73; 18,25 e 23 libras por 40 horas de traballo semanais respectivamente, mentres que na hostalería era de 14,55 libras por 42 horas. Por iso o noventa por cento dos traballadores da hostalería eran estranxeiros. As camareiras de hotel (*chambermaid*) gañaban un salario que non superaba as 20 libras por 45 horas semanais.

En Francia, no ano 1985, as mulleres españolas activas repartíanse en tres grupos: o 36,2 % traballaba en servizos directos ós particulares, é dicir, como domésticas; o 35 % como obreiras, sobre todo non cualificadas (o 26,8 %) e o 18,6 % eran empregadas (no comercio, en empresas ou na función pública)²⁰.

Moitas emigrantes que traballaron en España como domésticas continuaron exercendo fóra a mesma actividade, aínda que



con mellores condicións laborais ca no país de orixe. O director xeral do IEE, José Antonio García Trevijano Fos, recoñecía en 1962 que os salarios dos países europeos eran o principal aliciente para os emigrantes, e que só con que en España percibisen un 75 ou 80 % dos de Europa serviría para desincentivar a emigración. No estranxeiro conseguiron o recoñecemento dos seus dereitos como traballadoras, que no país de orixe non obtían, se ben foron obxecto dunha grande explotación.

As emigrantes soportaron condicións laborais moi duras. A súa condición abocábaas adoito a unha dobre discriminación (por mulleres e por emigrantes) da que derivaban longas xornadas laborais, soldos máis baixos, ambientes de traballo abusivos e tarefas pouco agradables²¹, como mostran os exemplos que agora imos citar.

O 1 de outubro de 1974, a española M. C. M. era despedida do hotel londiniense Queensborough, da compañía APEX. O motivo era que estaba embarazada. Aproveitando que non tiña contrato de traballo, cominábana a abandona-lo seu posto e mailo cuarto que lle tiña alugado a compañía. O cuarto era grande pero tiña ratos e

O 1 de outubro de 1974, a española M. C. M. era despedida do hotel londiniense Queensborough, da compañía APEX. O motivo era que estaba embarazada.



Val Miñor.
Xunta feminina pro escola
"de niñas". 1921.
(AEG. Consello da Cultura
Galega)

estaba en moi malas condicións. O mesmo ano producíase outro caso semellante: a un matrimonio español que traballaba no hotel Transatlantic, en Cronwell Road, dábanlle unha semana de prazo para deixa-lo seu traballo e o aloxamento no hotel porque a muller estaba embarazada²². En Suíza, ás mulleres emigrantes que esperaban un fillo se lles recordaba que "non viñeran a Suíza para reproducírense" e facíanas traballar ata o derradeiro día do embarazo, mesmo se o parto se presentaba difícil. Os empresarios non as trasladaban a postos menos duros, co pretexto de que abandonarían a empresa despois de pariren²³.

Os conflitos e folgas polas pésimas condicións de aloxamento e a mala calidade das comidas eran continuas. Por iso, corenta españolas que traballaban en 1971 no Alpha Hotel de Amsterdam protagonizaron un conflito contra a decisión da Dirección de aloxalas nunha pensión a tres quilómetros do lugar de traballo²⁴.

O descoñecemento da lingua acentuaba a indefensión das emigrantes españolas en certas circunstancias, coma cando eran obxecto de acoso óu agresións sexuais, como lle ocorreu a unha traballadora da

hostalería inglesa. En 1974, no cuarto 404 do luxoso hotel londiniense Lancaster, mentres facía a cama foi obxecto dun intento de violación que puido evitar grazas á axuda doutras tres camareiras españolas que lle acudiron. Non era o primeiro caso en Inglaterra de intento de violación a emigrantes españolas na hostalería. Nos anteriores, as gobernantas do servizo declararan sempre a favor das empresas ou dos clientes²⁵. En Suíza, outra española, traballadora da fábrica Scintilla, a pesar do acoso ó que a sometía un compañeiro italiano, víase obrigada a recorrer a el para comprende-las indicacións e ordes dos seus xefes, xa que descoñecía o idioma²⁶. A presión psicolóxica no posto de traballo era tremenda. A ela ameciase a xerada pola xenofobia da poboación autóctona, que se expresaba por exemplo no rexeitamento do pobo holandés de Schimmert, na provincia de Limburg, onde en outubro de 1970 os veciños protestaron para evita-la chegada de trescentos españois destinados a dúas fábricas dos arredores da vila. Unha comisión de protesta escribiu cartas ó príncipe e ó ministro holandés e mais ó embaixador de España para evitalo. O argumento era que non existía ningunha forma de recreo para eles²⁷.

As condicións laborais das emigrantes españolas eran peores cás da poboación autóctona pero mellores cás que tiñan en España cando marcharon. As circunstancias nas que desenvolvían o seu traballo dificultaban a defensa dos seus intereses por parte das organizacións sindicais dos países de residencia. Era o caso, por exemplo, do servizo doméstico, onde, a diferenza das fábricas, as emigrantes se enfrontaban en solitario ós empresarios e non participaban das loitas obreiras nin das súas conquistas. A temporalidade da súa estancia no estranxeiro inhibía, por outro lado, o seu achegamento ós sindicatos, que non eran sensibles ós seus problemas porque non estaban afiliados e os percibían como unha especie de competencia desleal

As condicións laborais das emigrantes españolas eran peores cás da poboación autóctona pero mellores cás que tiñan en España cando marcharon. As circunstancias nas que desenvolvían o seu traballo dificultaban a defensa dos seus intereses por parte das organizacións sindicais dos países de residencia

En 1974, na empresa FUSALP en Annecy (Francia), dedicada á fabricación de roupa deportiva, o 90 % dos 180 asalariados eran mulleres, das cales o 75 % eran emigradas. Os ritmos de traballo eran durísimos: oito obreiras sacaban 220 pantalóns por día. Os salarios estaban no mínimo do convenio colectivo. De por parte, estaban sometidas a constantes vexames individuais e colectivos

(M. T. Coenen, 1999). Sobre todo porque non tiñan experiencia sindical ningunha e descoñecían totalmente qué era un sindicato, logo de transcorrer un tempo desde a súa chegada, comezaron a organizarse en clubs e asociacións e a editar revistas informativas para a comunidade. Nelas incluíanse artigos que, cun afán pedagóxico, explicaban qué era un sindicato e a necesidade de participar nel para afrontaren mellor os problemas cotiáns nos centros de traballo. Por outra banda, os empresarios reprimían a actividade sindical dos inmigrantes e a súa organización, como foi o caso de varios traballadores despedidos en Inglaterra nos anos setenta por seren activos e participaren nas reivindicacións e loitas sindicais, como nos conflitos dos hotéis Washington ou Fleming²⁸. No hotel Metropole, no ano 1974, dous emigrantes españois, tras sufriren todo tipo de presións por parte do xerente do hotel, eran despedidos por facer propaganda da Sección Internacional do Transport & General Workers Union (T&GWU), fundada en maio de 1972 e que contaba con 1.500 membros, a maioría españois²⁹. Entre o 13 e o 15 de outubro de 1974, os cinco hotéis máis luxosos de Londres víronse afectados por unha folga do persoal doméstico. Un 72 % dos emigrantes españois traballaba neste ramo, onde se rexistraba a primeira gran folga da hostalería. Cociñeiros, camareiros, *chambermaids* e porteiros abandonaron os seus traballos e formaron piquetes nas portas dos seus respectivos hotéis para pedirlle á empresa que negociara co sindicato unha suba de dúas libras. O conflito afectou a dous luxosos hotéis da poderosa Trust House Forte e nela participaron setecentos traballadores dos cales cento cincuenta eran españois³⁰. As represalias repetíanse en Suíza en 1970, onde corenta xornaleiros españois da empresa da construción LONGHI eran expulsados despois de protagonizaren unha folga por incumprimento sistemático do contrato de traballo, en especial no que se refería ó amoreamento dos

traballadores en “habitaciones indecentes”³¹.

O traballo doméstico era unha das principais actividades ás que se dedicaban as españolas en Francia (Taboada Leonetti, 1987). Á parte de estaren socialmente moi desvalorizadas, as condicións laborais eran moi penosas: mentres que en 1975 a lexislación imponía 48 horas semanais, e de maneira excepcional 54, o 55 % das domésticas españolas traballaban máis de 60. Canto ó salario, en París oscilaba entre os 900 e os 1.500 francos máis as vantaxes en especie, pero o salario medio en provincias descendía a 600. sobre as citadas vantaxes en especie, as queixas sobre a calidade dos aloxamentos, a comida e a soidade abundaban:

me dan a comer los restos que sobran en la mesa de los patronos. Yo como, después de ellos, lo que han dejado. (Amelia).

El perro come mejor que nosotras; a él se le reserva la comida de mejor calidad. A nosotras, los trozos más inferiores o las sobras. (Bernarda).³²

En 1974, na empresa FUSALP en Annecy (Francia), dedicada á fabricación de roupa deportiva, o 90 % dos 180 asalariados eran mulleres, das cales o 75 % eran emigradas. Os ritmos de traballo eran durísimos: oito obreiras sacaban 220 pantalóns por día. Os salarios estaban no mínimo do convenio colectivo. De por parte, estaban sometidas a constantes vexames individuais e colectivos: prohibíanlles beber auga no posto de traballo, rir, falar, mastigar chicle, levantarse (as que dispuñan de asento) ou mesmo ir ós lavabos (que a Dirección se negaba a limpar). Nunha campaña de folga que se prolongou durante varios meses, pola que paraban parcialmente tódolos días, unha das reivindicacións era a equiparación salarial cos homes, en aplicación da lei do 22 de decembro de 1972; unha revalorización dos soldos; o dereitos a vivir e o respecto á súa dignidade³³.

En Suíza repetíanse similares condicións laborais, segundo denunciaba a Asociación de Trabaxadores Emigrantes Españoles en Suíza en 1973:

Para completar sus míseros salarios, las mujeres trabajan a la pieza, fuerzan sus cadenas hasta el agotamiento, rompen a veces las normas establecidas colectivamente por los trabaxadores y siembran la rivalidad entre compañeras. La sobreexplotación [...] con ritmos acelerados y con horas extraordinarias impuesta abierta o solapadamente, tiene como consecuencia las escenas de nerviosismo, los desvanecimientos en pleno trabaxo y los accidentes, el emprego de estimulantes que arruinan su sistema nervioso. Los contramaestres y jefes ejercen un papel de gendarmes en los talleres, donde establecen una disciplina rigurosa y toda una serie de prohibiciones; inmovilidad, incomunicación con las compañeras de trabaxo, prohibición de ir a los servicios, de beber o de fumar durante el trabaxo, etc.³⁴

En Suíza, as emigrantes españolas vivían separadas das súas familias; desempeñaban traballos sucios con ritmos extenuantes nas cadeas das fábricas, con horarios elevados nos hospitais, comercios e outros servicios, e realizaban traballos nocturnos de limpeza. Aplicábanlles, como xa vimos antes, normas mesquiñas de disciplina. Ocupábanse nas denominadas “ramas femininas”, que eran as máis desvalorizadas e suxeitas a cambios do ciclo económico (hostalería, téxtil, vestido, calzado, alimentación, tabaco, etcétera). Ademais, sufrían máis agudamente cóos homes as consecuencias da conxuntura económica, como despedimentos e reducións do salario, sobre todo as casadas. As emigradas máis mozas eran excluídas das aprendizaxes e dos empregos interesantes, así que soportaban unha discriminación na escola que as convertía en “aprendizas rendibles nos peores oficios”. Ó anterior sumábanse as dificulta-

des para acceder, en maior grao cás suizas, ás garderías e outros servicios³⁵, o que dificultaba a conciliación da vida familiar e laboral.

Suíza era un dos países onde as diferenzas salariais entre homes e mulleres eran meirandes. As mulleres gañaban un corenta por cento menos cóos homes. O salario das emigradas era inferior non só ó dos homes, senón en moitos casos ó das traballadoras suizas.

O feito de saír do país de seu cun contrato previamente asinado no sector da hostalería en Inglaterra non constituía unha garantía de que se fose respecta-lo establecido nel. O 17 de xuño de 1975, chegaban a Londres dúas mulleres, cun contrato asinado para traballar nun hotel. O salario fixado, de 26 libras semanais, incluía o aloxamento. A realidade que lles ofreceron foi ben distinta do pactado pois o salario non incluía cuarto. Logo de tres días, decidiron acepta-lo seu traslado a outro hotel, onde lles asignaron un minúsculo cuarto para as dúas, con humidade e condicións de habitabilidade moi malas. O salario final rebaixábase sete libras³⁶.

En xeral, as condicións das traballadoras na hostalería inglesa —onde xunta o servizo doméstico e hospitais traballaban o noventa por cento dos españois— eran moi penosas. Ocupaban os postos peor pagados que rexeitaban os ingleses; o aloxamento e a manutención eran pésimos e insalubres e estaban moi desprotexidos ó non existir un convenio bilateral entre os dous países.

Malia as durísimas condicións de traballo ás que estaban sometidas as emigrantes españolas no estranxeiro —en comparanza coas da poboación autóctona—, eran máis vantaxosas cás que abandonarían no país de orixe. En España fuxiron do desemprego nalgúns casos, da precariedade laboral na maioría e dunhas condicións de traballo con connotacións servís en moitos casos. Fronte á imaxe de estabilidade no emprego á que se vincula o franquismo, cando se realiza un estudo empírico da traxectoria laboral das emigrantes, antes de marcharen ó estranxeiro, descóbrese un panorama de rotación

Suíza era un dos países onde as diferenzas salariais entre homes e mulleres eran meirandes. As mulleres gañaban un corenta por cento menos cóos homes. O salario das emigradas era inferior non só ó dos homes, senón en moitos casos ó das traballadoras suizas

por empregos temporais e precarios, sen esperanza de conseguí-los máis mínimos dereitos³⁷. Cando o desenvolvemento español adquiriu unha intensidade superior, os emigrantes, logo dun período no exterior, seguían con moitas dificultades para obter en España as mesmas condicións laborais e de vida que conseguían nos países de residencia, o que empeceu o retorno de moitos (Castillo Castillo, 1980).

BIBLIOGRAFÍA

- Borderías, C. (1993), "Emigración y trayectorias sociales femeninas", *Historia Social*, 17, 75-97.
- Castillo Castillo, J. (1980), "Emigrantes españoles: la hora del retorno", *Papeles de Economía*, 4, 69-93.
- Coenen, M. T. (1999), *Les syndicats et les travailleurs immigrés. Du rejet à l'intégration*, Bruxelas, EVO, CAHROP, FEC.
- Fernández Asperilla, Ana (2000), "¡Que treinta años no es nada...! Entre la exclusión y la fragilidad social: los emigrantes españoles de tercera edad retornados", en Ubaldo Martínez Veiga, *Situaciones de exclusión social de los emigrantes españoles ancianos en Europa*, París, FACEEF.
- Fernández Asperilla, Ana, e Coro Lomas Lara (2001), "Emigración y vida laboral: la correspondencia como fuente de documentación histórica", *Ofrim suplementos. Publicación especializada de inmigración*, xuño, 91-101.
- García, Ignacio, e Agustín Maraver (eds.) (1998), *Memoires of migration*, The Spanish Heritage Foundation, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais de España.
- Lomas Lara, Coro, e Julián Paniagua (1998), "El movimiento asociativo de los trabajadores emigrantes en Europa", *Tercer encuentro de investigador@s sobre el franquismo y la transición*, Sevilla, páxs. 417-426.
- Martínez Veiga, Ubaldo (1999), *Pobreza, segregación y exclusión espacial. La vivienda de los inmigrantes extranjeros en España*, Barcelona, Icaria.
- Ministerio de Trabajo. Instituto Español de Emigración (1976), *Datos básicos de la emigración española 1975*, Madrid.
- Molinero, C. (2000), "Muller e franquismo", *Dezeme*, 2, 36-44.
- Taboada Leonetti, I. (1987), *Les immigrés des beaux quartiers. La communauté espagnole dans le XVI siècle*, París, L'Harmattan.

NOTAS

¹ As autoridades españolas advertían na *Guía del emigrante en Gran Bretaña*, que "las normas morales inglesas difieren de las españolas, circunstancia por la cual se aconseja obren con gran prudencia y fidelidad a nuestros principios morales", citado en "Explotación y clandestinidad. Emigración en

Inglaterra", *Emigrante. Boletín del trabajador español*, 1974, números 8-9, xullo, 8, en Centro de Documentación de la Emigración Española (en diante CDEE) da Fundación 1º de Mayo. Tamén, sobre a advertencia ás mulleres españolas que marchaban para Australia, o testemuño de Concha Rico (García e Maraver, 1998: 197).

² O concepto de modernización é un termo de certa ambigüidade, co que se designa un proceso de cambio que, aplicado no noso país durante o franquismo, significaba unha maior integración na economía capitalista e unha serie de transformacións sociais ligadas a el.

³ Sobre a importancia da emigración clandestina, véxase o artigo "Disminuye la emigración clandestina", na revista do IEE, *Carta de España*, 1963, 45, 4. Para diminuí-la emigración asistida, procurábase axilizar os trámites burocráticos que dificultaban o movemento de traballadores entre Francia e España ("Última hora. Francia. Los trabajadores españoles estarán asistidos totalmente a su salida de España", *Carta de España*, 62, 1965, páx. 23, en CDEE).

⁴ "Explotación y clandestinidad. Emigración en Inglaterra", *loc. cit.*, páx. 8, en CDEE.

⁵ *Ibidem*, páxs. 8-9.

⁶ Manuel E. Castro, "Vente a Holanda Pepe", *Unión Española*, 1971, 12 xuño, páx. 1; "Trabajadores extranjeros detenidos", en *Unión Española*, 1971, 13 xullo, páx. 5, ambos en CDEE.

⁷ Testemuño de L. L., española residente en Amsterdam na actualidade.

⁸ "El trabajo de base entre las mujeres", *ATEES. Boletín*, 2, 1973, en CDEE.

⁹ "La mujer en la emigración", en *Boletín informativo del Secretariado de la Comisión Episcopal de Migraciones*, nov./dec. 1975, 3, en CDEE.

¹⁰ Véxase "Holanda permite la permanencia en el país, de las esposas de los emigrantes", *Carta de España*, 63, 1965, 5. Sobre os problemas dos emigrantes españois para encontraren vivendas en Holanda, "El asesor informa", "Al habla con...", en *Unidad Española*, 1970, 1, páxs. 8 e 9, en CDEE.

¹¹ En 1970 traballaban na empresa Philips mil españois segundo "Al habla con...". *Unión Española*, setembro, 1970, 3, páx. 6, en CDEE.

¹² A este respecto, véxase o artigo da sección "Mundo femenino", da revista editada polo Centro Español de Eindhoven: *Unión Española*, 1971, 8, páx. 6, en CDEE.

¹³ "Chicas para todo", *Boletín informativo del Secretariado de la Comisión Episcopal de Migraciones*, nov./dec. 1975, 6-7, en CDEE.

¹⁴ "Carta de F. M.", París, 1983, en CDEE. Fondo da Secretaría de Migracións de CC. OO., exp. 39/2.

¹⁵ "La mujer en la emigración", *loc. cit.*, páx. 5, en CDEE. Sobre a importancia que adquiriu a participación dos españois no mundo asociativo, é significativo o dato de que en 1965, 1.258 centros mantían relación co IEE, en "1.258 centros españoles mantienen relación con el IEE", en *Carta de España*, 1966, 75, páx. 4, en CDEE.

¹⁶ Os emigrantes que participaron no mundo asociativo constituían unha pequena elite, pero a maioría eran homes.



A Habana, Cuba.
Alumnas de taquigrafía do
Centro Gallego. 1922.
(AEG. Consello da Cultura
Galega)

- ¹⁷ Véxase “Encuentro de mujeres emigrantes españolas en Europa” (1984), organizado pola Coordinadora Europea de Asociaciones de Emigrantes Españoles, en CDEE. Fondo FAEEF, exp. 53/1; os encontros rexionais da muller de FAEEH (1987-1991), ou os encontros nacionais da muller emigrante da mesma organización, ambos en CDEE. Fondo FAEEH, exps. 6/2, 6/6 e 6/9.
- ¹⁸ “Españoles en Alemania: la barrera del idioma”, *Carta de España*, 1963, 47, páx. 21; “La mujer en la emigración”, *loc. cit.*, páxs. 4-5, ambos en CDEE. “Más desarrollo social y humano en la mujer emigrante”, *Carta de España*, 1975, 184, páx. 35, en CDEE.
- ¹⁹ “Mucho trabajo sin permiso”, *Unión Española*, 1972, 27, páx. 4, en CDEE.
- ²⁰ Véxase “Actualités Migrations. Info-Actualités” en CDEE. Fondo FAEEF, exp. 52/17, páx. 93.
- ²¹ “La mujer en la emigración”, *loc. cit.*, páx. 9, en CDEE.
- ²² “Por estar embarazada. Despedida de su hotel”, *Emigrante. Boletín del trabajador español en Inglaterra*, 1974, 12, 5; “Ayuda a un matrimonio español”, en *Emigrante. Boletín del trabajador español en Gran Bretaña*, 3, febreiro, 1974, ambos en CDEE.
- ²³ “El trabajo de base entre las mujeres”, *ATEES Boletín*, 2, 1973, en CDEE.
- ²⁴ “Chicas españolas en un hotel”, *Unión Española*, 1972, 22, abril, páx. 2, en CDEE.
- ²⁵ “Intento de violación contra una española”, *Emigrante. Boletín del trabajador español en Inglaterra*, 1974, 7, 6, en CDEE.
- ²⁶ “Carta enviada por una emigrante española desde Zuchwill a la Secretaria de Emigración de CCOO”, 1980, en CDEE. Fondo de la Secretaría de Emigración, exp. 10/19.
- ²⁷ “Noticario de Holanda”, *Unión Española*, outubro 1970, páx. 4, en CDEE.
- ²⁸ “Despedido del Washington”, “La unión vence en el hotel Fleming”, en *Emigrante. Boletín del trabajador español en Gran Bretaña*, 1974, 3 e 7, en CDEE.
- ²⁹ “Despedidos de su hotel”, *Emigrante. Boletín del trabajador español en Inglaterra*, 1974, 4, 6, en CDEE.
- ³⁰ “Hoteles en huelga”, *Emigrante. Boletín del trabajador español en Inglaterra*, 1974, 12, decembro, 8, en CDEE.
- ³¹ Véxase, “40 trabajadores españoles expulsados de Suiza”, *Acción. Boletín informativo de las CCOO y de solidaridad de Ginebra*, 1970, 2, 10, en CDEE.
- ³² “Chicas para todo”, en *Boletín informativo del secretariado de la comisión episcopal de migraciones*, nov./dec. 1975, 8, en CDEE.
- ³³ “Trabajo y lucha de las mujeres de la empresa FUSALP de Annecy (Francia)”, *Información española*, 1974, 116, 17, en CDEE.
- ³⁴ Cfr. “El trabajo de base entre las mujeres”, en *ATEES. Boletín*, 2, 1973, en CDEE.
- ³⁵ “La mujer en ATEES”, *Chispa*, 1977, 36, setembro, 2, en CDEE.
- ³⁶ “Casos de explotación” en *Emigrante. Boletín del trabajador español en Inglaterra*, febreiro, 1976, 20, 10, en CDEE.
- ³⁷ O cal non quere dicir que a aplicación de parámetros de produción fordista en España non xerese un mercado de traballo no que unha das súas características era o emprego estable. O que ocorre é que o español era un desenvolvemento limitado no que unha parte importante dos traballadores, como evidencian os procesos migratorios, non atopaba traballos *fordistas*.

GALICIA: DOS EMIGRANTES ÓS INMIGRANTES

CITE-GALICIA¹

A profunda transformación social, política e económica que se produciu na década dos oitenta provocou unha viraxe nos fluxos migratorios en España que, de ser tradicionalmente un país de emigración, pasa a converterse en receptor de inmigrantes procedentes de países máis pobres. A mellora do nivel de vida, a conseguinte necesidade de man de obra para certos sectores económicos e a entrada na Comunidade Europea actúan como factores de atracción para as persoas que emigran dende os países máis pobres e asemade frean a saída de emigrantes de España.


Tamén Galicia experimenta este fenómeno, se ben dun xeito menos visible ca noutras zonas máis desenvolvidas do Estado. Sen desaparecer totalmente, a emigración galega vai descendendo dun xeito notable: a proporción de galegos emigrantes pasa dos 76 por cada 1.000 habitantes do ano 1960, ós 33 por 1.000 en 1991. Ó mesmo tempo, comezan a chegar persoas doutros países que veñen establecérsese na nosa comunidade. Dentro deste fluxo migratorio hai que diferenciar ben dous grupos: os galegos que retornan ó seu país logo dun tempo como emigrantes e os estranxeiros que veñen vivir aquí. A cifra de emigrantes galegos retornados a partir dos oitenta é moi importante, nunha proporción ben superior á do resto do Estado; de feito, constitúe o 25% do total de retornados en toda España. Mesmo faltando datos fiables para calcularmos estas cifras, sabemos por exemplo que entre 1984 e 1994 as baixas consulares de galegos no exterior superaron as 60.000, fundamentalmente en Suíza, Alemaña, Francia e Venezuela.

Pero á marxe deste grupo, empezan a vir a Galicia persoas de diferentes orixes, funda-

mentalmente africanos e latinoamericanos. Se xa a media da inmigración no Estado nos anos oitenta era irrisoria en comparación coa do resto da Comunidade Europea, a de Galicia é aínda máis baixa, polo que a presenza de inmigrantes no noso país pode considerarse relativamente anecdótica. O menor desenvolvemento económico de Galicia, a inexistencia de grandes explotacións agrarias necesitadas de xornaleiros, a escasa industrialización son, entre outros, factores que explican que a taxa de inmigración sexa inferior á doutras zonas do Estado. Nembargantes, coma no resto de España, o fenómeno da arribada de estranxeiros que veñen asentarse a Galicia a partir da década dos oitenta mantén dende entón un incremento lento pero constante, e tódalas previsións apuntan a que continuará así a longo prazo.

Evolución da inmigración en Galicia

Fonte OPI (Observatorio Permanente da Inmigración)



Tamén cómpre distinguir dous tipos de estranxeiros: por unha banda, os cidadáns comunitarios que, a partir da entrada de España na Comunidade Europea, non poden considerarse inmigrantes en sentido estrito ó estaren sometidos a un réxime especial, cunha case total equiparación cos nacionais en virtude do principio de libre circulación e establecemento de traballadores comunitarios; por outra, os inmigrantes propiamente

¹ Centro de Información para Traballadores/as Estranxeiros. CC.OO.

ditos, orixinarios de países extracomunitarios, cunha situación legal e social que dista moito da dos anteriores. Cando falamos de inmigrantes referímonos realmente a estes últimos. Por iso é esencial ter en conta esta diferenza á hora de analiza-las cifras de estranxeiros que viven en Galicia, e nas que os cidadáns comunitarios, coma no resto do Estado, son maioría. Neste sentido cabe subliñar que das aproximadamente 24.500 persoas estranxeiras que arestora residen en Galicia, as incluídas no réxime comunitario dobran en número as que están no réxime xeral.

A principios da década dos oitenta, os primeiros inmigrantes chegan a Galicia fundamentalmente dende África e Latinoamérica. Os africanos proceden sobre todo de Marrocos e Senegal, son case todos homes e dedícanse á venda ambulante. Non tiñan Galicia como primeiro destino, senón que, unha vez en España, a súa actividade profesional lévaos a percorrer todo o Estado e algúns deles establécense en cidades galegas atraídos pola ausencia de competencia laboral. Curiosamente, algúns dos primeiros africanos que chegaron a Galicia viñeran a España para asistir como espectadores ó Mundial de Fútbol de 1982 e despois ficaron no país. Estes primeiros grupos atraerán logo outros compatriotas, e fórmanse así núcleos de senegaleses e marroquís en localidades como Vigo, A Coruña, Pontevedra e Ourense, en moitos casos procedentes da mesma vila ou zona do seu país ou incluso familiares entre si.

Un caso á parte constitúe o núcleo de inmigrantes caboverdianos establecidos en Burela dende mediados da década dos setenta, que chegaron nunhas condicións moi concretas e non se poden assimilar ó resto da inmigración. Con motivo da montaxe de Alúmina Aluminios, chega á Mariña un reducido grupo de caboverdianos, pola vía de Portugal, contratados para traballaren nesta obra. O inicio da actividade nesta empresa supuxo, por unha parte, a necesidade de man de obra no sector pesqueiro xa que o persoal de Alúmina se nutre basicamente de xente que antes

traballaba nos labores do mar, e, por outra, o remate do contrato dos caboverdianos que agora ven a oportunidade de asentarse de vez na zona traballando como mariñeiros, cocíñeiros e contramestres. Actualmente residen ó pé dunhas corenta familias de caboverdianos na zona de Burela.

A inmigración latinoamericana inicial presenta un perfil ben diferente. Ó primeiro van chegando cidadáns de Perú, Ecuador, a República Dominicana, Cuba, Arxentina e Venezuela. Esta inmigración, ó contrario da africana, é maioritariamente feminina e traballa en Galicia no servizo doméstico, o comercio ou a hostalería. No caso dos arxentinos, cubanos e venezolanos, hai que ter en conta que moitos deles son descendentes de galegos sen a nacionalidade española, así que non se consideran emigrantes retornados; e estes si escollen directamente Galicia como destino migratorio ó teren dereito preferente á hora de obter un posto de traballo. Os fillos ou netos de españois residentes no estranxeiro optan maioritariamente por conseguir primeiro un permiso de residencia e despois a nacionalidade, no caso de non estaren previamente rexistrados na embaixada española no seu país de orixe.

En 1985 apróbase a primeira Lei de estranxeiría, cun carácter marcadamente restrictivo e policial, non xustificado, sen dúbida, pola situación española, dado o escaso número de inmigrantes asentados daquela no país, senón polo temor da Comunidade Europea a que España se convertese na porta de entrada de África cara ó resto dos países europeos. Esta lei inauguraba unha política de estranxeiría que durou ata o ano 2000, baseada no peche de fronteiras, no control dos fluxos e na visión da inmigración como un problema de orde pública máis que como un fenómeno social e económico. As consecuencias desta política resultaron nefastas tanto para os inmigrantes como para a convivencia social en España, e afectaron tamén a Galicia.

Dificúltase a entrada en España e isto provoca que moitos inmigrantes, sobre todo

En 1985 apróbase a primeira Lei de estranxeiría, cun carácter marcadamente restrictivo e policial, non xustificado, sen dúbida, pola situación española, dado o escaso número de inmigrantes asentados daquela no país, senón polo temor da Comunidade Europea a que España se convertese na porta de entrada de África cara ó resto dos países europeos

GALICIA:

A obstrucción do acceso dos inmigrantes a un permiso de residencia e traballo en España, vai derivar na formación de grandes bolsas de estranxeiros en situación irregular, coas conseguintes dificultades de integración e a explotación laboral á que se ven sometidos

os africanos, se vexan na necesidade de entrar ilegalmente no país, coa conseguinte proliferación das mafias dedicadas ó tráfico de persoas. Daquela, pode considerarse que a imposición do visado para os cidadáns marroquís a principios dos noventa é o primeiro paso do que será o fenómeno das "pateras". En Galicia, lonxe da fronteira con África, só se notará na chegada cada vez máis numerosa de polisóns nos barcos que arriban ós nosos portos.

Por outro lado, a obstrucción do acceso dos inmigrantes a un permiso de residencia e traballo en España, sobre todo pola esixencia de que non existan demandantes españois de emprego inscritos para ese posto concreto (a cláusula da "situación nacional de emprego"), vai derivar na formación de grandes bolsas de estranxeiros en situación irregular, coas conseguintes dificultades de integración e a explotación laboral á que se ven sometidos. Isto obriga a levar a cabo sucesivos procedementos extraordinarios de regularización, un en 1991 e outro en 1996, produto este último da entrada en vigor dun novo regulamento de execución da Lei de estranxeiría que, a pesar de introducir unha maior seguridade xurídica, continúa na mesma liña da lei. Hai que ter en conta que ata principios dos noventa a Administración non coñecía realmente en España a man de obra necesaria e, nun primeiro estudo efectuado polo INEM, determináronse unha serie de actividades, definidas como "nichos laborais", con demanda de man de obra non cuberta, como o servizo doméstico, os traballos agrícolas e, en menor medida, peóns da construción. Baseándose neste estudo, o Goberno español fixa en 1993 o continxente para inmigrantes referido ós sectores antes sinalados. A partir deste momento establécense unhas cotas anuais de man de obra estranxeira, previstas en teoría para canalizar os fluxos migratorios pero que realmente son utilizadas polos estranxeiros que están xa en España para regularizaren a súa situación. Estes procesos extraordinarios e os continxentes anuais son case a única saída que

teñen os inmigrantes en España para conseguiren o permiso de traballo, pois os mecanismos legais ordinarios fan practicamente imposible obtelo.

Malia estas dificultades, e consonte a tendencia xeral do Estado, a inmigración medra de ano a ano en Galicia. En 1996 o número de estranxeiros que residían legalmente na comunidade galega era de 17.615, cifra ridícula se a comparamos co medio millón do total do Estado, pero importante se consideramos que pouco máis dunha década antes eramos aínda un país de emigración. Hai que ter en conta que estes 17.615 son maioritariamente comunitarios, sobre todo portugueses, polo que neste momento a poboación inmigrante en situación regular en Galicia é practicamente insignificante: 3.443 permisos concedidos polo réxime xeral, cifra á que habería que engadir ó pé dun millar de persoas en situación irregular; proceden basicamente de Marrocos e Arxentina. Tres anos máis tarde, son xa 22.523 os residentes legais, 16.000 deles comunitarios, polo que a cifra de inmigrantes legais acada as 6.000 persoas, ás que debemos engadir entre 1.000 e 2.000 irregulares.

De paso que medra, a inmigración establecida en Galicia vaise diversificando e vólvese cada vez máis heteroxénea. Desde os anos noventa empezan a chegar homes e mulleres asiáticos, sobre todo da República Popular China, procedentes doutros lugares do Estado ou doutros países europeos, e que se dedican mormente á hostalería e o comercio. As transformacións que se producen nos países do leste de Europa, sobre todo a partir da caída do Muro de Berlín, provocan unha afluencia cada vez maior de cidadáns procedentes desa zona, xeralmente logo de pasar por países do norte de Europa. Esta inmigración está composta tanto de homes coma de mulleres, e ocúpase en case tódolos sectores ós que teñen acceso os inmigrantes. Pero as orixes principais seguen a ser África e Latinoamérica.


Canto ós africanos, comezan a chegar de diversos países magrebís e do sur de África.

A fins dos anos noventa crece sensiblemente o número de alxerinos, explicable entre outras causas pola situación de guerra civil que se vive no país, xa que de feito gran parte deles chegan como solicitantes de asilo. Tamén destaca nos últimos anos a presenza de nixerianos, sobre todo de mulleres dedicadas á prostitución e homes que traballan na industria, na construción ou no mar. Emporiso, as procedencias maioritarias, cunha gran diferenza, seguen a se-la marroquí e maila senegalesa; os principais cambios que se detectan nestas persoas son o acceso por parte deles a empregos distintos da venda ambulante (construción, agricultura, pesca) e a chegada de mulleres a través do reagrupamento familiar.

No caso dos latinoamericanos, as súas características e procedencia varían máis ó longo do tempo. As persoas de orixe colombiana, poucas ó principio, van incrementando paulatinamente a súa presenza en Galicia, gracias en parte ó feito de que non se lles esixe visado para a entrada; situación que está a piques de cambiar xa que o 4 de outubro de 2001 o Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade revoga-lo convenio asinado en 1961 que establecía a exención de visado para estancias inferiores ós tres meses. As primeiras en chegar son mulleres que se empregan no servizo doméstico, pero na última metade dos noventa comeza a producirse unha crecente presenza de colombianas na prostitución. Por estes mesmos anos, son moitos os homes desta nacionalidade que traballan na hostalería e na construción, e moitos os que solicitan asilo pola persecución que sofren no seu país a mans de calquera dos grupos armados que alí actúan. Paralelamente diminúe a chegada de dominicanos ó se impo-la necesidade de visado para os cidadáns desta nacionalidade. O empeoramento da situación económica en Cuba tradúcese nun incremento dos cidadáns deste país en Galicia, moitos deles descendentes de galegos e que aínda teñen familia aquí. Desde fins dos noventa, a presenza de arxentinos aumenta dun xeito

espectacular; se ben xa había moitas persoas desta nacionalidade, a actual crise económica que sofre a Arxentina está a provocar unha chegada cada vez maior dos seus nacionais, en moitos casos familias enteiras. Tamén é importante a presenza de nenos e vellos latinoamericanos reagrupados, sobre todo, polas nais e fillas respectivamente.

EXPEDIENTES CITE-GALICIA DISTRIBUÍDOS POR IDADE. ANO 2000



DATOS OPI PROCESO DE REGULARIZACIÓN 2000

IDADE	%	IDADE	%
< de 19	5,31	46-51	4,9
16-19	13	51-56	2,10
26-31	21,54	56-61	6,1
31-36	23,36	61-66	0,84
36-41	17,90	> de 66	0,28
41-46	9,80		

EXPEDIENTES CITE-GALICIA DISTRIBUÍDOS POR SEXO. ANO 2000

Expedientes		
Expedientes	3.301	100%
Homes	1.918	58%
Mulleres	1.383	42%

A sectorialización do traballo inmigrante, consecuencia da política de estranxeiría española, detéctase claramente en Galicia: a poboación inmigrante vese empurrada a traballar nos empregos de menor consideración social e condicións laborais máis duras. Ademais, esta sectorialización tamén vén marcada polo sexo e o país de procedencia. Así, á venda ambulante dedícanse sobre todo homes senegaleses e marroquís; na construción hai cada vez máis homes estranxeiros, sobre todo latinoamericanos, africanos e europeos do leste, nos postos de traballo non cualificados; na pesca son maioría os peruanos, marroquís e do sur de África; aumenta

A sectorialización do traballo inmigrante, consecuencia da política de estranxeiría española, detéctase claramente en Galicia: a poboación inmigrante vese empurrada a traballar nos empregos de menor consideración social e condicións laborais máis duras

tamén a contratación de homes estranxeiros na industria e na agricultura, a gandería e as explotacións madeireiras.

As mulleres, pola súa banda, teñen que se refuxiar na limpeza e no servizo doméstico, dándose a maior demanda no réxime interno —que inclúe xeralmente o coidado de persoas dependentes (vellos, enfermos, nenos)— moi solicitado debido ó envellecemento da poboación galega, a incorporación da muller ó mundo laboral e o incremento no nivel de vida. Tamén no téxtil, en pequenos talleres ou cosendo na casa, atopan traballo algunhas inmigrantes en Galicia. Na hostalería ocúpase tanto homes coma mulleres, principalmente latinoamericanos e chineses. Nos últimos anos, nalgúns zonas rurais é bastante común a contratación de matrimonios, sobre todo latinoamericanos, para atender pequenas explotacións agrícolas ou gandeiras, xeograficamente illadas; o home ocúpase das tarefas do campo e a muller do coidado da casa.

Un fenómeno que principia a partir dos anos noventa é o das mulleres estranxeiras dedicadas á prostitución en Galicia, sobre todo colombianas, seguidas moi de lonxe por dominicanas e brasileiras. Unhas chegan a través de redes de prostitución desde o seu país de orixe; outras fano pola súa conta e algunhas mesmo a través da “invitación” de amigas que xa están en Galicia. As máis delas viven en situación irregular, xa que lles resulta moito máis difícil conseguir un permiso de residencia ó estaren sometidas a unha situación de marxinación e explotación. Nos últimos anos están a chegar tamén algunhas mulleres procedentes dos países do leste de Europa, sobre todo de Ucraína ou Polonia, e máis recentemente estase a detectar un crecente número de africanas, fundamentalmente nixerianas. A situación destas últimas é se cadra a máis grave porque a maioría traballan na rúa, non en clubs, a penas falan galego nin español e están en moitos casos baixo o xugo das mafias do seu país.

Esta situación provocada pola política de inmigración trae como consecuencia a

irregularidade, a marxinación e os problemas de integración, que poñen de manifesto a necesidade de modificala. Por iso, mediante consenso de tódolos grupos parlamentarios, roto só no último momento polo PP, aprobouse a Lei Orgánica 4/2000, que malia manter moitas das anteriores restricións á inmigración, supuxo un importante avance ó lles recoñecer unha serie de dereitos ás persoas estranxeiras e reforma-lo réxime sancionador eliminando a expulsión para os inmigrantes en situación irregular. Trala súa entrada en vigor, púxose en marcha un proceso extraordinario de regularización para as persoas que estiveran en España desde antes do 31 de xuño de 1999, e que lles permitiu a máis de cen mil estranxeiros en todo o Estado o acceso ó permiso de residencia. En Galicia, foron 2.045 os permisos concedidos, o 79 % deles en réxime laboral. Así e todo, esta regularización foi insuficiente pois esixía requisitos excesivos, e moita xente quedou fóra.

De 220.223 solicitudes, estimáronse 134.498, o que significa que 85.725 persoas permanecerán en situación irregular; a estas súmase un número elevadísimo de persoas que ben por descoñecemento, ben por non cumpriren os requisitos, non solicitaron a súa regularización. Neste sentido paga a pena lembra-lo intento falido do Goberno de que os ecuatorianos en situación de estancia ilegal acudiran, cos gastos pagos, ó seu país de orixe na procura do visado. En Galicia foron denegadas preto de mil solicitudes de regularización.

Por comunidades cabe salientalo número de solicitudes rexistradas en Cataluña (59.434 presentadas, 21.009 estimadas), Madrid (50.643 presentadas, 41.281 estimadas), Andalucía (38.092 presentadas, 20.183 estimadas), Valencia (20.487 presentadas, 15.079 estimadas), Canarias (13.318 presentadas, 7.905 estimadas) e Murcia (12.870 presentadas, 9.151 estimadas), que se convierten nas zonas máis atraentes para a inmigración.

Pero pouco durou este cambio de política. En xaneiro de 2001 entra en vigor a

reforma da Lei Orgánica 4/2000 realizada polo Goberno, que supón unha volta á situación anterior. Reinstáurase a expulsión como sanción para a estancia irregular en España e o traballo sen permiso, empécese aínda máis o acceso ós permisos de residencia e de traballo e torna o sistema policial. Outra volta as persoas en situación irregular teñen que vivir na semiclandestinidad por medo á expulsión, co que os dereitos recoñecidos (asistencia sanitaria, educación obrigatoria dos menores) quedan en moitos casos en papel mollado.

Entrementres, os fluxos migratorios seguen a aumentar e a irregularidade acada de novo cifras importantes. Todo isto pon en evidencia o erro da política governamental, de tal xeito que o Goberno se ve obrigado a establecer un novo procedemento de regularización, sen lle dar tal nome, para os estranxeiros que levan en España desde antes do 23 de xaneiro de 2001. En Galicia presentáronse un total de 3.317 solicitudes, 3.109 delas en réxime laboral. Por provincias, as maioritarias son Pontevedra e A Coruña, xa que a presenza de inmigrantes é tamén maior en ambas, con máis de mil solicitudes cada unha, e séguenas a distancia Ourense e Lugo. A maior parte destas solicitudes están aínda sen resolver. Estamos a falar do que se deu en chamar o **proceso de arraigamento**.

A situación actual é moi semellante á anterior á Lei Orgánica 4/2000: a entrada de inmigrantes medra, a demanda de man de obra é cada vez maior e arrequecen as bolsas de irregularidade, o que dificulta a integración social e pode levar a problemas de convivencia. Se ben en Galicia non houbo, polo de agora, ningún conflito neste sentido, como si os ten habido noutras zonas do Estado (Andalucía, Cataluña), o crecemento do número de inmigrantes pode derivar, se continúa a política actual de estranxeiría e segue sen haber auténticas medidas de integración, en situacións de fricción social.

Emporiso, hai unha realidade que non podemos esquecer: as previsións para o ano 2010 din que a poboación española maior de 65 anos chegará ó 18,6 %, e no 2020 ó 25 %

da poboación; é dicir, unha de cada catro persoas será maior de 65 anos. En Galicia a situación vese agravada xa que, segundo se desprende dos datos do padrón de habitantes de 1998, a dependencia senil acada un valor do 28 %, mentres que o índice de dependencia xuvenil se sitúa nun 19,2 %. En definitiva, para mante-lo estado de benestar no futuro coas previsións da evolución da poboación, de envellecemento, a baixa taxa de natalidade e o consecuente descenso da poboación activa, estamos chamados a abri-las portas á inmigración en condicións xustas e dignas para as persoas que opten por establecerse aquí. Esta realidade parece ser asumida polas políticas migratorias da Unión Europea, pero non polos gobernos de cada país. Así, vemos que as recomendacións sobre o reagrupamento familiar, a creación dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza na UE ou a igualdade de trato e non discriminación non se cumpren na Lei 8/2000 de reforma da lei de estranxeiría, creando un perigoso espazo de discriminación social e política cara ás persoas inmigrantes (teñan ou non regularizada a súa situación). No momento de escribir este artigo estase cuantificando o próximo continxente que se vai xestionar nos consulados, o que significa que as persoas que logren un posto de traballo chegarán a España cos papeis en regra. En CITE-Galicia preguntámonos: ¿que vai pasar coas persoas que por estaren neste país non van obter un permiso de traballo?, ¿pensa o Goberno que ten xa solucionada a estancia irregular?, ¿pensa o Goberno que esta é unha política seria de control de fluxos migratorios?, ¿pensa o Goberno que endurecendo as condicións de reagrupamento familiar se vai frea-la entrada de estranxeiros non traballadores?, ¿pensa o Goberno que asegurando só a etapa da educación obrigatoria para os fillos e fillas de inmigrantes se logrará a integración efectiva deste colectivo na nosa sociedade?, ¿pensa o Goberno que empurrando os traballadores inmigrantes ós postos de traballo peor retribuídos e considerados socialmente favorece un espazo de igualdade, seguridade e xustiza? A breve historia da inmigración en España demostra que este non é o camiño que se debe seguir. •

A sexualidade das mulleres ha de salvagardarse por medio do control da súa mobilidade. A mobilidade feminina limitase, polit, á esfera física doméstica e á conceptual do matrimonio. Toda actividade fóra do casa ou do matrimonio (familia) considérase ilícita, marxinal. A familia crea así marxinal políticos e sociais

TRANSGRESIÓN E FRONTEIRA: MULLERES MARROQUÍ E O MITO DA PROSTITUCIÓN

ANA LÓPEZ LINDSTRÖM

Neste artigo analizaranse diversas estratexias que as mulleres marroquí utilizan para compensa-la transgresión que supón a emigración autónoma a España. Fálase de fronteira e hai que ter en conta que non só se trata dunha fronteira física, senón tamén dunha fronteira ideolóxica entre dúas realidades que desde Marrocos se viven como mundos diferentes. As marroquí que veñen traballar a España cruzan a raia do que se considera o espacio físico e conceptual das mulleres e por iso son trans-gresoras, e-migrantes, no seu sentido etimolóxico.

Farase primeiramente unha breve descrición do contexto ideolóxico e socioeconómico do grupo social produtor de emigración feminina autónoma de Marrocos. Falarase do modelo ideal de muller e da dificultade da mocidade para se adaptar e ese modelo. A seguir trátase a emigración a España como unha opción para estas mulleres e, finalmente, analizaranse as estratexias das emigrantes que buscan compensar ou palia-la súa transgresión ó modelo.

1. Modelo ideal de muller marroquí

En Marrocos, o contexto ideolóxico e legal que enmarca os modelos sexuais está baseado nunha forte segregación sexual. A pesar de que a Constitución marroquí proclama a igualdade dos

sexos, o Código de Estatuto Familiar, a *Mudawana* —que regula todo o que concirne ó matrimonio, o divorcio e a herdanza— dálles dereitos e deberes diferentes a homes e mulleres (Al Ahnaf, 1994). Aínda máis, a imaxe da muller que se desprende da *Mudawana*¹ é a da vulnerable menor de idade de por vida, dependente sempre dun home. Esta desigualdade legal xustifícase por medio de discursos lexitimadores, sendo os máis comúns o discurso relixioso —“Deus di...”, “no Corán pon...” (Saltzman, 1992; Haeri, 1989)— e o naturalista: se homes e mulleres son diferentes fisicamente, é natural que teñan distintas tarefas e lugares na sociedade.

A desigualdade esténdese tamén, ou especialmente, ó campo da sexualidade. É máis, enténdese que homes e mulleres teñen unha sexualidade desemeillante (Haeri, *ibid.*). A vida das marroquí está determinada pola súa sexualidade. As mulleres son *bent*² (nena, filla e, por extensión, virxe) ata que casan e son *mra* (muller, esposa, muller non virxe). O status dunha muller cambia ó longo da súa vida segundo sexa solteira, casada, divorciada ou viúva (Ramírez, 1998; Haeri, 1989) e dependendo de se é nai ou non.

Ó mesmo tempo, considérase que a sexualidade feminina é desestabilizadora da orde social e dos homes, que deben controlala. As mulleres son acusadas de causar *fitna* (tentación, trastorno, guerra

civil) nos homes e na sociedade, que han estabiliza-lo trastorno. É interesante que haxa dúas imaxes aparentemente contradictorias da muller: por un lado a da menor de idade, débil e dependente; e por outro lado a muller poderosa e perigosa sexualmente. O que comparten estas imaxes contradictorias é a crenza na necesidade de protexe-las mulleres — ou protexe-los homes das mulleres— con métodos idénticos; a sexualidade das mulleres ha de salvagardarse por medio do control da súa mobilidade. A mobilidade feminina límitase, pois, á esfera física doméstica e á conceptual do matrimonio. Toda actividade fóra da casa ou do matrimonio (familia) considérase ilícita, marxinal. A familia crea así marxinais políticos e sociais³. Calquera comportamento ilícito, fóra da familia, é sancionado. E unha das formas de puni-la mobilidade feminina é cuestionando o seu recato sexual. Nese sentido interesa facer unha breve reflexión sobre a nomenclatura árabe referida á prostitución e ás prostitutas. É común que os termos que significan “prostitución” denoten asemade fornicación e adulterio, e teñen adoito connotacións negativas. Ó contrario do que ocorre no castelán e noutras linguas europeas, onde o elemento diferencial da prostitución é o feito de que haxa un intercambio de sexo por cartos, en árabe o importante é que o encontro sexual se produza fóra ou antes do matrimonio, único espazo lícito para as relacións sexuais.

2. A emigración como opción

O sistema ideolóxico descrito, baseado na desigualdade dos sexos e a diferenza de papeis asignados a homes e mulleres, ha de convivir coa situación de crise estrutural que vén sufrindo Marrocos desde a súa independencia en 1956. Esta crise está resultando especialmente dura coa xuventude (Beñnani-Chraïbi, 1994),

que encontra cada vez máis difícil a adaptación a eses modelos sexuais.

A poboación que se vai analizar é o grupo social susceptible de producir emigración feminina autónoma. Neste grupo —que se podería definir a grandes trazos como urbano de adscrición socioeconómica media-baixa— as opcións vitais para a muller son limitadas. A opción que se podería chamar “tradicional” é o matrimonio. O modelo ideal de muller neste contexto socioeconómico é o daquela que agarda na casa a que un home vaia pedi-la súa man. Sen embargo, a media de idade para contraer matrimonio vaise delongando, xa que resulta cada vez máis difícil para os homes conseguir un traballo estable que lles permita manter unha familia. Estas mulleres esperan, pois, un matrimonio que non dá chegado. Tampouco as familias de orientación poden mantelas eternamente, nin poden subministrarlles os bens que necesitan para situárense no mercado matrimonial (xoias, vestidos) ou para amasar un pequeno seguro de vida (Rosander, 1992, en Ramírez, 1998).

A opción “moderna”, o traballo fóra da casa, é para estas mulleres unha alternativa pouco atractiva. Por un lado, quen debe mante-la familia é o home, e as mulleres que traballan están cuestionando os papeis sexuais da esposa, ama de casa e nai e o do home como sustento da familia. Traballar fóra da casa implica un estigma por se supor que a muller está descoidando os seus labores fundamentais (Hoffman-Ladd, 1987). A compensación económica que reportan os empregos ós que teñen acceso estas mulleres é moi limitada e por iso o estigma de traballar non se resarce coa remuneración económica. Por outro banda, o seu nivel de formación é moi baixo e iso fai que só teñan acceso a ocupacións que requiren pouca preparación, mal pagadas e consideradas indecentes para unha muller porque, ou ben implican o contacto con homes ou o horario nocturno (fábricas),

A sexualidade das mulleres ha de salvagardarse por medio do control da súa mobilidade. A mobilidade feminina límitase, pois, á esfera física doméstica e á conceptual do matrimonio. Toda actividade fóra da casa ou do matrimonio (familia) considérase ilícita, marxinal. A familia crea así marxinais políticos e sociais

ou ben están identificadas cunha clase social moito máis marxinal (servicio doméstico). Os traballos máis cualificados que non carrexan o desdouro están fóra do alcance destas mulleres por mor da súa (falta de) formación.

Como se pode ver, neste grupo social as opcións das mulleres son moi limitadas; a única alternativa aceptada é o matrimonio e os fillos. Nesta contradicción entre o ideal (casar) e a situación de crise económica, desemprego e falta de alternativas, a emigración preséntase como unha opción. A posibilidade de emigrar a España é, cando menos, unha ousadía. O feito de que unha muller saia da súa casa para traballar e de por parte emigre soa a un país coñecido pola súa laxitude de normas sexuais considérase unha transgresión que repercute na imaxe da emigrante.

3. Lexitimacións á transgresión

As emigrantes marroquíes que veñen traballar a España, normalmente no servizo doméstico, son conscientes da súa transgresión do modelo ideal de muller. Tamén son coñecedoras do feito de que a súa saída física pode ser considerada unha saída do moralmente correcto. Como se describía máis arriba, en Marrocos as actividades que levan a cabo as mulleres fóra do espazo físico e conceptual da casa e da familia se identifican con actividades ilícitas de tipo sexual (pódeselles dar unha interpretación sexual). Outra volta resulta revelador o eufemismo utilizado para defini-las prostitutas: con *mra de-zenqa* (muller da rúa) estase asumindo que a rúa é un espazo masculino onde a muller só cabe como “muller de mala vida”. Esta analogía entre a saída física e a moral é igual no caso do traballo fóra da casa, dereito e deber do home. En sociedades onde a excepción é a muller traballadora, o traballo feminino tende a identificarse co comercio sexual (Guy, 1991).

Así como a ideoloxía dominante ou hexemónica trata de controla-los movementos das mulleres, elas mesmas na súa condición de grupo subalterno (Juliano, 1992) tentan negocia-lo seu papel para mellora-la súa posición na sociedade.

Nun intento de contrarresta-lo estigma da transgresión que supón a emigración autónoma, as mulleres utilizan discursos lexitimadores da súa situación. É interesante que estes discursos sexan sobre todo de tipo sexual e que a miúdo busquen a volta ó modelo tradicional do que elas foron excluídas.

Unha das formas de lexitimación consiste en utiliza-lo fenómeno da prostitución na emigración para contrastar “a boa e a mala emigración”. En Marrocos foméntase a idea de que tódalas mulleres que saen para traballar son susceptibles de caeren na prostitución —forzada un non—. As emigrantes autónomas, conscientes de que elas son as máis susceptibles de ser consideradas transgresoras, *ergo* prostitutas, adaptan este fenómeno con outros fins; é dicir, diferenciar entre as emigrantes decentes e as non decentes. Así, enxálzase a bondade das emigrantes traballadoras domésticas e esaxérase a maldade das prostitutas. Fálase de grandes bolsas de prostitución, de mulleres que gañan moito diñeiro, que non distinguen o ben e o mal, que non respectan a relixión, etc. Por outro lado preséntanse as emigrantes “decentes” como sacrificadas traballadoras que, podendo gañar moitos cartos fáciles na rúa, elixen ocuparse en labores duros pero lícitos.

E aquí entra o segundo discurso, o da conformidade co papel asignado á muller na orixe. As traballadoras que se consideran decentes demostran que, a pesar de saíren de Marrocos e da familia (tarefa que lles corresponde ós homes), seguen sendo mulleres, o que se pode demostrar de varias maneiras. Por un lado, traballan para mante-las súas familias (os pais e irmáns ou os fillos e o marido) e non por

Nesta contradicción entre o ideal (casar) e a situación de crise económica, desemprego e falta de alternativas, a emigración preséntase como unha opción. A posibilidade de emigrar a España é, cando menos, unha ousadía

unha cuestión de lucro persoal, como as prostitutas, as verdadeiras independentes. De feito, gran parte do soldo mándanllo ás familias de orixe. Por outro lado, realizan un traballo tipicamente feminino, o equivalente ó que levaban a cabo en Marrocos: limpar, cociñar, levar unha casa; nun ambiente tamén feminino, moi familiar e rodeadas sobre todo de nenos, mulleres e anciáns.

Outra forma de compensa-la transgresión é a exteriorización da relixión. Para moitas musulmanas, o feito de leva-lo pano permite que se incorporen ó ámbito público, masculino, sen que se poña en evidencia a súa reputación (Macleod, 1991 e Hoffman-Ladd, 1987). Así, mulleres que non levaban pano nin facían unha vida especialmente relixiosa cambiaron os seus hábitos ó levaren un tempo en España.

Unha última estratexia de compensación, que entraría tamén neste intento de conformidade co ideal de muller en Marrocos, é o matrimonio na orixe. As emigrantes autónomas que levan tempo traballando en España poden volver ás súas cidades a escoller marido e casar por todo o alto cumprindo tódolos requisitos (Ramírez, 1998). Non acostuman escatimar en gastos que demostren que foron a España para tentar ser mellores mulleres.

4. Conclusión

Un contexto —como o descrito neste artigo— no que as mulleres non se poden desenvolver como tal fai que busquen estratexias de supervivencia material e social. A contradicción existente en Marrocos entre o ideal —o matrimonio— e a situación de crise que impide que se leve a cabo ese ideal, déixalles ás mulleres poucas opcións e pouca marxe de manobra. Neste contexto, a emigración considérase unha saída e tamén unha transgresión. Nunha conxuntura de nova

incorporación das mulleres ó mercado laboral e de control da mobilidade feminina, as mulleres ábrese camiño empregando os discursos e ideoloxías que pretenden controlalas. Estes discursos son adoptados e modificados polas mulleres para servi-los seus propios intereses. •

BIBLIOGRAFÍA

- Al Ahnaf, M. (1994), "Maroc: Le Code du statut personnel", en *Monde Arabe. Maghreb-Machrek*, núm. 145, xullo-set. 1994, 3-19.
- Bennani-Chraïbi, M. (1994), *Soumis et rebelles les jeunes au Maroc*, París, CNRS.
- Chafi, M. (1996), *Code du Statut Personnel Annoté*, Marrakech, Imprimerie Walili.
- Guy, Donna J. (1995), *Sex and Danger in Buenos Aires: prostitution, family and nation in Argentina*, Lincoln e Londres, University of Nevada Press.
- Haeri, Shahla (1989), *Law of Desire. Temporary marriage in Iran*, Londres, I.B.TAURIS & Co. Ltd.
- Hoffman-Ladd, V. (1987), "Polemics on the modesty and segregation of women in contemporary Egypt", en *International Journal of Middle East Studies*, 19 (1987), 23-50.
- Macleod, A. E. (1991), *Accommodating Protest. Working women, the new veiling and change in Cairo*, Nova York, Columbia University Press.
- Ramírez, A. (1998), *Mujeres Marroquíes en España*, Madrid, Agencia Española de Cooperación Internacional.
- Rosander, E. (1991), *Women in a Borderland. Managing Muslim identity where Morocco meets Spain*, Estocolmo, Stockholm Studies in Social Anthropology.
- Saltzman (1992), *Equidad y Género*, Madrid, Cátedra.


NOTAS

- ¹ Usouse a *Mudawana* comentada de Chafi, 1996.
- ² Tódalas traducións e transcrisións de termos marroquíes tomáronse de R. Harrell (1966), *A Dictionary of Moroccan Arabic*, Washington, Georgetown University Press. Para as palabras en árabe clásico, H. Wehr (1980), *A Dictionary of Modern Written Arabic*, Beirut, Librairie du Liban. As traducións do inglés para o castelán son miñas.
- ³ Elaboración de Jaques Donzolet do concepto de Foucault sobre "marxinalidade", en Guy, 1991, pág. 4.

GALICIA

UNHA LUZ NO ATLÁNTICO

EDICIONS EN
GALEGO E
CASTELÁN



Por vez primeira TODA GALICIA NUN SÓ LIBRO

Cincocentas páxinas de información
Máis de 2.500 fotografías e documentos
Índices temáticos

Máis de 15.000 referencias, infografía, datos
estadísticos, fontes actualizadas...

Un equipo interdisciplinar de profesionais:
redactores, deseñadores e documentalistas para
explicar dun xeito novo o país.

Nas portas do terceiro milenio, debruzada no vello balcón atlántico, Galicia preséntase como unha das culturas de Occidente con máis rica personalidade, configuradora dende moi antigo da nova Europa que anuncian os tempos.



XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>



OS AVÓS FAN MEMORIA PARA QUE OS NETOS A RECUPEREN

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

“Non ocorra que os nosos cativos coñezan os clásicos da cultura galega e ignoren o mundo no que viviron seus avós”
(Olegario Sotelo Blanco)

As experiencias de recuperación de *documentos persoais* nos arquivos familiares (que sintetizamos aquí) desmenten que só haxa desmotivación e fracaso no alumnado do ensino secundario. O interese que demostraron os rapaces de Ourense, Chantada e Ferrolterra por pescuda-lo pasado colectivo e aprender del, non se refire tanto ós “grandes” personaxes e feitos fundacionais da historia nacionalista de España, como a outros procesos, máis silandeiros, que afectaron a vida cotiá da xente corrente, dun xeito que poden escoitar aínda por boca dos seus avós ou ler nas cartas que estes recibiron dos seus parentes emigrados alén mar.

O predominio do rural e a inexistencia de grandes cidades na configuración espacio-habitacional de Galicia ata os anos oitenta converteu o noso país no escenario social idóneo para o estudio do local na súa variedade histórica e antropolóxica. Os escenarios microsociais (familias e veciños) e microespaciais (aldea, parroquia) constituían os principais marcos de sociabilidade e confrontación pola apropiación dos recursos económicos e de poder. Pero definían, tamén, a identidade individual e colectiva das persoas nunha “estructura social, unha comunidade que se adscribe vitalmente a un espacio e que ten consciencia desa integración” (Barreiro Fernández, 1996: 52-53).



A memoria (oral e documental) foise convertendo nun arquivo das experiencias vividas e dos acontecementos que modificaron as condicións de vida das familias labregas e dos seus veciños nas parroquias de orixe ou nas de alén mar. Estas “lembrazas e cousas de vellos”, fornecidas pola experiencia vivida no nivel persoal dun xeito anónimo, constitúen xunto dos restos materiais (fotografías e cartas familiares, apeiros agrarios, construcións etnográficas, etc.) un dos acervos culturais máis ricos e complexos deste país de labregos¹. Son, as máis das veces, as únicas testemuñas que nos quedan das formas de representa-la realidade e de reproducirse socialmente nela que deseñaron os paisanos galegos para adap-

Manuel Martínez Sueiro.
Cartera de emigrante.
1921, Mugardos.
(AEG. Consello da Cultura Galega)

tárense ó mercado capitalista e resistiren ó Estado liberal durante os dous últimos séculos (Jardón Pedras e outros, 1997). Pero esta documentación *persoal* ten sido arrombada pola historia académica convencional, engaiolada aínda polo fetichismo do papel escrito e reticente a empregar dun xeito sistemático as narrativas orais, cartas familiares e diarios autobiográficos que se poidan rescatar dos baúis familiares ou dos etéreos arquivos da memoria persoal.

A simple caracterización dos documentos escritos como 'convencionais', implica o carácter heterodoxo e case 'subversivo' das fontes persoais, reforzado polo permanente discurso defensivo dos teóricos e practicantes do que eles chaman 'Historia Oral'. Non aburrirémolo lector cos socorridos argumentos lexitimadores dese gremio, vítima do complexo de gueto asediado², porque a nosa opción metodolóxica polos documentos persoais foi inducida pola inexistencia ou escaseza de documentos escritos 'convencionais' para estudiala mobilización agrarista na provincia de Ourense. Nembargante, queremos lembrar que os popes dos últimos *annalistas* xa desbotaron o optimismo estatístico dos seus maiores, sinalando que a investigación seriada os levará a preelaborar modelos estáticos falsificados pola aparente continuidade que eliminaba toda discrepancia ou mutación brusca e desvalorizaba as expresións cualitativas de tensión ou conflito social (Vovelle, 1992: 342). Subliñaban, con todo, as posibilidades que ofrecía a memoria como obxecto de estudo para a renovación da historiografía (Nora, 1988: 455-458). Pero non pequemos dun entusiasmo inxenuo, porque o emprego destas fontes persoais e métodos cualitativos de pescuda nos remiten a tres problemas centrais da historiografía contemporaneísta actual, que só citaremos de pasada.

Tense cuestionado a utilidade real da historia local porque boa parte deses estu-

ENRIQUE FRAGA

Agencia en LA CORUÑA
de las Compañías

Hamburguesa sud Americana
y Hamburguesa Americana

Servicios rápidos
al Brasil, Montevideo y
Buenos Aires

LA MÁS EXCELENTE ACOMODACIÓN
DE TERCERA CLASE

Alimentación y trato inmejorables

Dirigirse para informes a

Enrique Fraga

Compostela 8 - La Coruña
Telegramas y telefonemas: FRAGA



Los buques

Hamburg

dios son unha simple reválida neopositivista de hipóteses xa elaboradas noutro *locus* de estudio e só aproveitan os 'retornos' que estean de moda (Martínez-Risco, 1995). A obsesión 'cientificista' dos historiadores occidentais confinou a tradición oral nos estudos etnoantropolóxicos sobre os pobos primitivos doutros continentes ou a cultura tradicional dos campesiños europeos que ían desaparecer no 'progreso' industrialista e urbanizador da contemporaneidade. E, finalmente, pero enxergada coa anterior, estaría a cuestión da representatividade da memoria persoal dun 'paisano', reelaborada a posteriori, ou da visión que reflicte a carta dun emigrante respecto do pasado colectivo do seu grupo social ou país.

Vimos aplicando, na investigación de campo cos alumnos de secundaria, unha metodoloxía moi elemental. Explicámoslles primeiro os obxectivos e o método de recollida da información (cuestionario, gravación, etc.) que van empregar. Partimos dunha ficha cunhas preguntas básicas, que nos permiten situar e localiza-lo



informante (cándo e ónde naceu, lugar de residencia), coñece-la súa traxectoria sociolaboral (oficios e actividades desempeñados, formas de explotación das terras e gandos propios ou arrendados, duración e destino da experiencia migratoria), as súas lembranzas da mobilización sociopolítica de antes da guerra (¿acórdase das sociedades e sindicatos agrarios?, ¿sabe de alguén que andara nas agrarias ou que garde documentación?, ¿quen mandaba no concello?) e se conservan fotografías e cartas antigas dos parentes emigrados alén mar. Os alumnos participan voluntariamente na pesquida e son cualificados no apartado de procedementos da materia, con independencia dos resultados, cumprindo unha primeira función de “zapadores na procura do pasado” que localizan potenciais informantes ou arquivos familiares de interese para os temas nos que traballamos³. Nós examinamos puntualmente os resultados destas primeiras catas coas fichas básicas, para actualiza-los repertorios de preguntas e hipóteses e entrevistar

persoalmente e a fondo as persoas que nos interesen polas súas lembranzas ou pola documentación que conserven.

Un *modus operandi* axeitado para tecer unha relación de confianza con estes *informantes-colaboradores* consiste en baixarmos das torres de marfil do saber letrado, presentándonos como fillo, amigo ou profesor de alguén que el coñece, para lexitimarnos como interlocutores válidos. Coñece-las persoas e lugares que vaian xurdindo na conversa, evita as distorsións que despisten o recordo do informante e facilita a comunicación, porque nos inclúe nas súas redes de relacións e lealdades sociais. É imprescindible, por suposto, que devolvamos sempre tódolos materiais que deixasen reproducir, para mante-la relación de confianza coas persoas que están a compartir connosco a memoria da súa familia e que nos poidan conducir a outros informantes e arquivos. Unha investigación deste tipo precisa máis vontade ca recursos materiais. Estes son mínimos (algunhas gravadoras, cintas de 90 minutos, orzamento ou medios técnicos para reproducir-las fotografías e cartas que vaian aparecendo) e o gasto pode ser asumido por calquera Departamento de Ciencias Sociais. Os centros van dispoñendo xa de fotocopiadoras, algún ordenador con escáner, corredores ou patios interiores para expo-los resultados e algún cuartíño para archiva-los materiais. Xurdirá o feliz problema de ir acumulando documentación (fichas, gravacións de entrevistas, reproducións de fotografías e fotocopias de cartas de emigrados), se se desenvolve esta actividade con regularidade durante varios cursos. Loxicamente, o noso interese céntrase en analizala e empregala nos estudos que fagamos, pero debemos archivala e salvagardala para que a coñezan outros investigadores ou o público en xeral. É doado facelo, se sacrificamos algún recreo e podemos

Publicidade. Ano 1925.
(AEG. Consello da Cultura Galega)

contar xa coas orientacións técnicas de institucións especializadas no tratamento desta documentación.⁴

Fomos centrando tematicamente a experiencia, na procura de documentación persoal e familiar sobre a emigración de retorno —principal impulsor e financiador do cambio social e da modernización económica das sociedades rurais en Irlanda, Italia, o norte de Portugal e Galicia— por varias razóns de operatividade. En primeiro lugar, pola relativa abundancia de emigrados e retornados que poden lembrar, aínda, a súa experiencia e facilitarnos fotografías e cartas remitidas polos mesmos protagonistas do proceso. É un tema moi próximo para o alumnado, que esperta o interese social porque rara é a familia que non ten aínda algún parente alén mar. Resulta agradable de estudar e non esperta as reticencias e medos doutros (a represión na Guerra Civil por exemplo) cando lle pedimos á xente que comparta con nós as súas lembranzas e nos permitan reproducir as cartas e fotografías que conserven. Elas descó-

breño-las ilusións, traballos e sacrificios de persoas anónimas, que marchaban coa ilusión de aforraren para volver a súa terra e cos seus. Achégannos á natureza ‘micro’ dos escenarios sociais e de relacións dos que procedían os emigrantes e daqueles outros nos que se integraban. Podemos coñecer así as circunstancias persoais e familiares dos que emigraban; a importancia dos factores de expulsión e de atracción; o funcionamento concreto das *cadeas migratorias*, esas redes micro-sociais que fornecían información para elixir-lo destino, financiamento para facer a viaxe, axuda para a integración sociolaboral dos que acababan de chegar e o posterior reagrupamento da súa familia no novo país, no que irán construíndo ou reelaborando a súa identidade étnica de ‘inmigrante’ ou ‘retornado’ e experimentarán unha mobilidade social; ou o envío de remesas monetarias e o destino que lles reservaban.

O afortunado labor de recompilación de cartas de emigrantes en arquivos privados das familias dos alumnos e

CADRO 1: EPISTOLARIOS ENCONTRADOS POR ALUMNOS E AMIGOS DA FAMILIA

DESCUBRIDOR	LOCALIDADE E CURSO	CARACTERÍSTICAS DO EPISTOLARIO ENCONTRADO		
		PERÍODO	EMISORES E LUGARES	TOTAL
Luz	Carballedo	7-1-1950 / 4-1-1965	Germán Glez. Añel dende Montevideo ós pais e irmáns	94
Jorge	Lugo	23-8-1954 / 2-10-1963	Arturo, Consuelo e Flora Glez. Nóvoa, dende São Paulo e Caracas	21
Fente	1998	16-2-1968 / 11-2-1969	recibidas por Serafín González Añel	31
Lorena	Coles, Ourense	31-8-1915 / 26-6-1918	Benjamín Lozano dende Trenque Lauquen, Arxentina	3
Corral Cao	1999	19-11-1918 / 19-3-1920	Manuel Lozano ó seu irmán Benjamín dende Miguel Cané.	5
L. e A. Naveiras	San Sadurniño, 2000	1919 / 1965	Irmáns Naveiras dende Bos Aires e Montevideo á irmá e ó sobriño	110
Julia	Sabariz de Cornoces	16-7-1923 / 8-12-1947	Manuel Requejo dende Bos Aires ó seu irmán Perfecto	19
Requejo	Amoeiro, 2000	10-10-1925 / 2-5-1957	Ricardo Iglesias dende Bos Aires ó seu apoderado Perfecto Requejo	4
Amalia Diéguez	O Reguengo, Amoeiro, 1998	10-5-1908 / 16-6-1956	Cayetano e Francisco Borrajo dende Cuba e México desde 1908	69

amigos ou veciños de meus pais, familias labregas, que desenvolvemos nos tres últimos anos, apoiado polo Arquivo da Emigración e dirixido por Xosé Manoel Núñez Seixas, confirmounos que estabamos traballando no camiño axeitado cada vez que aparecía unha nova colección de cartas. E animounos a proseguir cun empeño que reforza a posición de vangarda da historiografía galega nos estudos migratorios peninsulares, como pioneira no estudio da produción epistolar das camadas subalternas, dialogando cos modelos e experiencias referidos ós inmigrantes italianos e polacos. O emprego de memorias, diarios, autobiografías e, nomeadamente, da propia correspondencia orixinada polos emigrantes ten sido moi escasa na historiografía migratoria española. A publicación de epistolarios limitouse, polo de agora, ás cartas de chamada dos emigrantes ás súas familias durante a época colonial que se conservan no Arquivo de Indias, pero que non informan da importancia da emigración

nas estratexias reproductivas dun grupo familiar no decurso do tempo. Si o fan os epistolarios familiares que axiña imos publicar (Soutelo Vázquez, 2001; Núñez Seixas e Soutelo, 2002) e que fomos descubriendo gracias á colaboración xenerosa dos alumnos e amigos que figuran no **cadro 1**.

As pescudas de campo que realizamos con Xan Jardón e María Xosé López (1998) demostráronno-la conveniencia de realiza-las entrevistas en espacios que faciliten a recuperación da memoria, porque as mudanzas na paisaxe agraria provocadas pola concentración parcelaria ou a estadia nun centro para a terceira idade tradúcense na perda de moitas lembranzas asociadas ós referentes espaciais e persoais da vida dos nosos informantes.

Resumimos a continuación (**cadro 2**) os resultados da pescuda que realizamos no Asilo de San José de Ourense, porque exemplifica ben esa perda da memoria a consecuencia da descontextualización espacial⁵.

CADRO 2: DESCONTEXTUALIZACIÓN ESPACIAL E PERDA DA MEMORIA

EXPLORADOS	1	2			3			ENTREVISTADOS					
		A	B	Total	A	B	Total	E	B	R	M	N	
Mulleres	23	9	13	8	8	2	6	4		1	1	1	1
Homes	22	2	17	5	7	5	2	3	1			1	1
Total	45	11	30	13	15	7	8	7	1	1	1	2	2

FONTE: elaboración propia a partir de fichas de exploración de entrevistables realizadas polos alumnos de Historia Social Contemporánea (curso 1995/96) cos residentes no Asilo de San José de Ourense e entrevistas da nosa autoría.

LENDAS:

1. Perda de memoria, non recordan a súa idade ou data de nacemento.
2. Extracción socio-profesional: A) labregos; B) outras (especialmente vendedoras).
3. Experiencia migratoria: A) labregos; B) outras (especialmente mulleres proletarizadas como dependentas ou criadas).
4. Resultados: E) excelentes; B) bos; R) regulares; M) malos; N) nulos.

Este labor de historia-la memoria colectiva das persoas e espazos coñecidos polo alumnado achéganos ó modelo dunha historia cultural que sexa “capaz de interrelacionar os guieiros polos que evolucionan experiencias compartidas e utopías colectivas”, proposto por Ramón Villares (1992: 75). Pero sérvenos, tamén, para concienciar empiricamente o alumnado da necesidade social de rescatar, conservar e dar a coñecelo noso patrimonio etnohistórico dende os museos, as facultades e as escolas, no sentido apuntado por E. P. Thompson (1989) e Xosé Carlos Sierra (2001), se somos quen de familiarizalos coas prácticas de investigación e tendencias explicativas das Ciencias Sociais (Historia, Antropoloxía, Museoloxía, etc.) a través da nosa práctica docente. Trátase, en definitiva, de ilusionalos e comprometalos nunha aprendizaxe significativa da Historia, que faga agromar neles un civismo crítico para construír unha sociedade futura máis xusta, solidaria e aberta para tódolos habitantes desta alienante aldea global, na que semella que os nosos velliños xa non teñen función ningunha, a xulgar polo desinterese que amosamos pola súa experiencia de vida⁶. Coidamos que ten utilidade sócial facerlle compañía a un ‘avó’ escoitando as lembranzas da súa vida, porque eles fixeron e sufriron o pasado recente. A súa recuperación para a memoria colectiva dos galegos dependerá do modelo de ensino e investigación histórica que apliquemos agora nós. Non resultou difícil, pero si moi enriquecedor coas persoas que levamos entrevistado e cos alumnos que nos teñen axudado. Debémolles moito a todos eles. •

Narón, setembro de 2001

BIBLIOGRAFÍA

Aróstegui, Julio (1995), *La investigación histórica. Teoría y método*, Barcelona, Crítica.

Barreiro, Xosé Ramón (1996), “Historiografía de la historia local gallega”, en Aguirreazkuenaga e Urquijo (eds.), *Perspectivas de Historia local: Galicia y Portugal*, Bilbao, Servicio Editorial da UPV, páxs. 51-71.

Bernárdez Sobreira, Antonio e Miguel Cabo Villaverde (1997), “Asociacionismo campesiño e poder local na II República: unha análise microhistórica”, en L. Fernández Prieto et alii (coords.), *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia-USC, páxs. 327-352.

Cabo Villaverde, Miguel (1998), *O Agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra.

Fernández Prieto, L. (1992), “A caracterización da agricultura galega contemporánea: entre o atraso e a adaptación ó Capitalismo”, *A trabe de Ouro*, 10, 207-218.

Jardón Pedras, Xán, Luis Martínez-Risco, e Raúl Soutelo (1997), “Resistencia ó Estado e adaptación ó mercado. Unha caracterización dos movementos sociais na Galicia rural contemporánea: 1808-1997”, *Arquivos da Memoria: Movimentos Sociais*, 3, Centro de Estudos de Etnología Portuguesa–Universidade Nova de Lisboa, páxs. 15-33.

Jardón Pedras, Xán, M. Xosé López Álvarez, e Raúl Soutelo (1998), “¡Eu tamén son vella e recordo!”. La fuente oral en la recuperación del pasado: reflexiones metodológicas para una Historia sociocultural”, *Espacio, Tiempo y Forma*, serie V: Hª. Contemporánea, 11, páxs. 343-364.

Martínez-Risco Daviña, Luis (1995), “Unha aproximación á problemática da historia local en Ourense”, en J. de Juana e X. Castro (eds.), *Aspectos históricos de Ourense*, anexo VIII Xornadas de Historia de Galicia, páxs. 5-11.

Nora, Pierre (1988), “Memoria colectiva”, en R. Chartier, J. le Goff e outros, *La nueva Historia*, Bilbao, UPV, páxs. 455-458.

Núñez Seixas, Xosé Manoel (1998), *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Xerais.

— (2000), “Emigración de retorno y cambio social en la Península Ibérica. Algunas observaciones teóricas en perspectiva comparada”, *Migraciones & Exilios*, 1, 27-66.

Núñez Seixas, Xosé Manoel, Raúl Soutelo (2002), *Facer as Américas. Correspondencia familiar y memorias de emigrantes gallegos*, San Sebastián, Sendoa (en preparación).

Prada Rodríguez, Xulio, e Raúl Soutelo Vázquez (1996), “As estratexias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acapara-

mento e ocultación”, *Historia Nova V*. Actas do V Congreso de Xoves Historiadores de Galicia, Santiago de Compostela, AGH, páxs. 177-214.

Román Lago, Isidro (1998), *Os campesiños de Lavadores. Estructura social e articulación política, 1923-1931*, Vigo, A Nosa Terra.

Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (2001), “O patrimonio cultural e os museos, instrumentos para a construción e a representación das identidades. Notas sobre (e dende) Galicia”, Actas do *Simposio Internacional de Antropología “Etnicidade e Nacionalismo”*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, páxs. 527-569.

Soutelo Vázquez, Raúl (2001), *Cartas de América. Correspondencia familiar de emigrantes galegos en Uruguai, Brasil, Arxentina e Venezuela, 1914-1964*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Soutelo Vázquez, Raúl, e Alfredo Varela Sabas (1995), “As estratexias defensivas do campesiñado galego ante a represión política do agrarismo, 1936-1946”, *Historia Nova III. Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, Santiago de Compostela, AGH, páxs. 271-291.

Thompson, E. Palmer (1989), “Folklore, Antropoloxía e Historia Social”, *Historia Social*, 3, 81-102.

Vázquez González, Alexandre (1996), “O uso das fontes persoais para o estudo da emigración galega á América (1830-1930): estado, presente e perspectivas”, *Estudios Migratorios*, 2, páxs. 139-175.

Veiga Alonso, Xosé Ramón (1996), “Individuo, sociedade e historia. Reflexiones sobre el retorno de la biografía”, *Studia Histórica*, Serie Hª. Contemporánea, 13/14, páxs. 131-147.

— (1997), “Parentes, amigos e favores. As redes informais do caciquismo”, en L. Fernández Prieto e outros (coords.), *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia-USC, páxs. 353-371.

Villares Paz, Ramón (1992), “Introducción” [ás ponencias da Área de Historia], *Actas do Congreso Internacional da Cultura Galega*, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Vovelle, Michel (1992), “Histoire serielle ou case studies: vrai ou faux dilemme en Histoire des mentalités”, *Idelogías et mentalités*, París, Folio-Histoire.

NOTAS

¹ Insistimos nas imaxes fotográficas pola súa capacidade para evocaren e estruturaren a memoria do informante e porque nos descubren as múltiples formas de sociabilidade (pactual e conflictual) e de reprodución social das camadas populares galegas no século XX.

² Reaccionan contra da marxinação académica — máis suposta ca real xa que moitos deles ocupan postos docentes nas universidades — cunha defensa numantina das técnicas e métodos para creala fonte e atrinchéiranse nas posibilidades que brinda a relación de negociación permanente que se establece entre o investigador e as persoas entrevistadas coas que se crea unha “historia viva”.

³ Na liña das recentes investigacións sobre o agrarismo (Cabo Villaverde, 1998), a mercantilización das explotacións familiares de policultivo (Fernández Prieto, 1992) ou o influxo sociopolítico da emigración de retorno (Núñez Seixas, 1998 e 2000). Outros autores teñen explorado tamén a utilidade das fontes orais e das coleccións epistolares para facer estudos sobre a confrontación sociopolítica entre agrarios e caciques (Bernárdez e Cabo, 1997; Román Lago, 1998), a socioloxía interna dunha rede clientelar (Veiga Alonso, 1996 e 1997) ou dunha cadea migratoria (Vázquez, 1996), a represión franquista e a fame provocada pola política económica da Autarquía durante a posguerra civil (Soutelo e Varela Sabas, 1995; Prada e Soutelo, 1996), en ámbitos locais e microsociais.

⁴ Nomedamente, o Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia ou o Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega, sempre dispostos a orientar e apoiar iniciativas investigadoras deste tipo.

⁵ Queremos agradecerlle a excelente acollida da comunidade de Hermanitas dos Ancianos Desamparados do Asilo de San José de Ourense e especialmente a colaboración de sor Carme que posibilitou este traballo e nos presentou o finado Perfecto Prieto, entrañable amigo que nos ofreceu daquela o tesouro da súa lúcida memoria de 89 anos vividos. A el lle dedicamos este traballo.

⁶ Deberíanos facer cavilar que alguén diga de seu pai “pobriño está farto de nos contar esas historias e nós non temos ganas de as oír, porque non son nada agradables e agora il disfruta contándoches eso”, transcripción da conversa con Gonzalo R. e súa filla en Freixendo (Alongos, Toén), Arquivo Oral do MER.

Manuscrito I de Mer...
 Manuscrito II de Mer...
 Fundación I de Mer...
 Fundación II de Mer...
 (2001)

M...
 foron
 aparecendo
 roces e
 pequenos
 conflitos, quer
 por pelexas de
 rapaces quer
 polo uso da
 piscina
 municipal quer
 pola festa do
 año e cousas
 desta índole

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
 CPI DE SAN SADURNIÑO
 A CORUÑA

AS MARXES DA TOLERANCIA

RICARDO RODRÍGUEZ DE RÁVENA

Negreira, 115,1 km², algo máis de 6.500 cidadáns, dos cales aproximadamente a metade vive no núcleo urbano. Coma en moitas outras poboacións galegas, a experiencia directa da emigración da meirande parte dos seus habitantes reflíctese nidiamente no imaxinario da comunidade.

Coñécese dabondo o feito de que as vivencias máis ou menos traumáticas non deixan na memoria trazos unívocos, que nela as experiencias vividas sofren adoito desprazamentos e mesmo inversións oculatas dos puntos de vista emocionais.

Sábese tamén que a relativa novidade do fenómeno da inmigración na sociedade galega nos colle cunha certa desprevenición e falta de reflexión —cando non incuria por parte da Administración— con respecto ós retos que supón a integración e a convivencia multicultural. Ó fio das pasadas eleccións, comentaba unha persoa que traballa neste eido, cun pouso inequívoco de amargura, a ausencia case que total nos programas dos principais partidos políticos de Galicia de referencias ó problema da integración de inmigrantes, tirante as que atinxen ós emigrantes retornados; e isto seica por mor da bolsa de votos do exterior en disputa.

Decatámonos así mesmo da ambigüidade que comportan os discursos apoloxéticos verbo de e a partir da tolerancia. Con relativa facilidade, tódolos usos ben intencionados deste termo pódense trocar inad-

vertidamente nun mecanismo de exclusión obxectiva. Abondo activa permanece ó fondo, malia tódolos procesos de secularización sufridos, a orixe relixiosa da noción de 'tolerancia' (tolerar: aturar e soportar con resignación os diferentes, entrementes non sexan asimilables). Desta compoñente etnocéntrica procede, xa que logo, a necesidade de establecer marxés de tolerancia, que varían segundo as circunstancias, mais que sempre podemos lexitimar apelando ó noso patrimonio exclusivo de valores universais. A penas nos sorprende xa escoitar falar de *tolerancia cero*.

Calquera intento serio de traballarmos a prol da integración non pode obviar, ó noso xuízo, estas dificultades. Unicamente a procura de ámbitos e institucións de comunicación fluídos entre iguais, nos que o sentido do humor, a ironía e a reserva de posibilidades de comprensión empática depositada no noso imaxinario colectivo pódenos marca-la dirección dun camiño no que cada vez vai resultar máis difícil non nos extraviar.

Antecedentes

Dende hai anos, reside en Negreira un conxunto de persoas de orixe magrebí dedicadas na súa maioría á venda ambulante pola bisbarra. A situación do concello —preto



Manifestación 1 de Maio: solidariedade cos traballadores suízos. Lausana (Suíza), 1966. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

de Compostela e doutros concellos con feiras importantes— e sobre todo a abundante oferta de pisos de alugueiro, decidiunos a se establecer alí. En todo este tempo nunca houbo problema ningún de convivencia, se ben é verdade que eles constituían unha comunidade invisible. Viaxaban todo o día, limitando a súa estancia practicamente a pasa-la noite nas casas alugadas a un prezo adoito superior ó habitual.

Co paso do tempo, a situación destes emigrantes foise estabilizando e comezaron a facer uso do dereito de reunificación familiar abranguido nas leis vixentes. Coa chegada das familias e, sobre todo, dos seus fillos, a comunidade magrebí foi emerxendo ós espazos públicos, facéndose paseniño visible. Os rapaces e rapazas foron incorporándose á escola e ó instituto, así como tamén á rúa. As nias empezaron a se deixar ver nos comercios e no comedor escolar, e incrementouse de xeito notable a demanda dos servizos médicos, entre outros.

En paralelo ó desenvolvemento deste proceso, foron aparecendo roces e peque-

nos conflitos, quer por pelexas de rapaces quer polo uso da piscina municipal quer pola festa do ano e cousas desta índole. Ó final foi medrando nunha parte do pobo a sensación inxustificada de ter rebordado a capacidade de acollida dunha poboación resistente á asimilación cultural e con formas de vida que se interpretan cos patróns e os prexuízos antes aplicados ás comunidades de xitanos. Os primeiros síntomas desta situación foron as pintadas contra os “mouros” e algunhas peticións ó alcalde por parte de contribuíntes notables da vila para pór límite á vinda de novos inmigrantes magrebís.

A situación actual

Coa chegada durante o curso pasado ó IES de Negreira dos primeiros alumnos marroquís, cun moi escaso dominio do galego e do castelán e sen a posibilidade de comunicárense os profesores con eles nin coas súas familias, o problema irrompeu de cheo no ámbito educativo. Cando dende o

Foron aparecendo roces e pequenos conflitos, quer por pelexas de rapaces quer polo uso da piscina municipal quer pola festa do ano e cousas desta índole

1º de Maio en Marsella
Francia, 1967
(Fundación 1º de Mayo.
CDEE. Colección xeral)



O feito dunha deterioración certa da convivencia na vila, fixo que dende o instituto se adoptasen unha serie de iniciativas encamiñadas a promove-la integración

instituto se solicitou á Administración educativa axuda e asesoramento para atende-los déficits idiomáticos destes alumnos —o cal era obvio que resultaba condición previa á execución de calquera programa de diversificación e reforzo educativo—, a resposta que se deu foi que non había nada previsto ó respecto e que o número de alumnos non permitía o nomeamento de profesorado específico, polo que o traballo con estes rapaces e rapazas debíase facer a través do Departamento de Orientación e de Pedagogía Terapéutica, actuando coma se se tratase dunha discapacidade lingüística máis. Procedeuse, logo, deste xeito ó longo do curso, sen recibiren as persoas encargadas asesoramento ningún nin materiais específicos de traballo e sen se poder comunicar cos pais dos alumnos e alumnas implicados. Ó cabo dun tempo comezáronse a recibir queixas dos outros pais pola escasa atención que os departamentos implicados

estaban a prestar ó resto dos alumnos. Por outra banda, a situación do colexio presentaba un aspecto semellante, xa que aínda que os problemas idiomáticos resultaban menores debido á idade dos alumnos, o seu maior número requiría tamén unha atención suplementaria.

Todo o anterior, unido ó feito dunha deterioración certa da convivencia na vila, fixo que dende o instituto se adoptasen unha serie de iniciativas encamiñadas a promove-la integración:

1. Procurouse información acerca de materiais e modelos de integración seguidos noutros lugares de Galicia e do Estado para propor á Consellería a súa adaptación ás condicións concretas do Centro.
2. Solicitouse a colaboración do Centro de Información de Traballadores Inmigrantes (CITE) de CC.OO. e da Asociación de

Amizade Galego-Marroquí, para que servisen de intermediarios cos pais de modo que se puidesen abrir canles de comunicación para tratar, por exemplo, o problema do traballo infantil dalgúns rapaces, e pór en marcha a solicitude ó Goberno marroquí dun profesor de árabe, así como para facer efectivo o seu dereito abranguido no Acordo do Estado coa Comisión Islámica Española a recibir clases de relixión islámica.

3. Contactouse coa Asociación Islámica de Santiago no mesmo sentido có anterior.

4. Ofrecéronse ó Concello os locais do instituto para dar clases de castelán e galego ós adultos que así o requirisen.

5. Presentóuselle ó delegado de Educación, nunha entrevista celebrada a fins do curso pasado, un informe completo da situación no que se lle pedía encarecidamente intervir na deterioración da convivencia e mesmo anticiparse a ela, ofrecendo dende o ámbito educativo unha resposta eficaz ó problema. Solicitóuselle de novo daquela asesoramento, materiais e profesorado específico, ofrecendo o Centro, pola súa banda, amais de profesorado interesado en participar, a súa total dispoñibilidade como campo de probas para desenvolver tódalas propostas de adaptación das estruturas organizativas, como titorías, comisións, etc., que tivesen a ben facer, co obxecto de propiciar a integración dos alumnos estranxeiros. Insistiuse no interese que podía supo-la transferibilidade dos resultados da experiencia en Negreira a outros centros de Galicia.

O balance hoxe de todas estas iniciativas é o seguinte:

1. Concederon unha profesora de apoio para os alumnos marroquís con horario

compartido entre o colexio e o instituto. De todo o demais, ren.

2. Incorporáronse os alumnos de ESO a grupos de diversificación, como mal menor, a sabendas de non responderen estrictamente ó perfil destes grupos.

3. Celebrouse unha xuntanza cos pais destes alumnos na que, coa axuda dun traductor simultáneo do CITE, se puido establecer un contacto satisfactorio con eles e facelos partícipes das iniciativas en marcha, así como aclarar algúns malentendidos e colaborar na tarefa da integración e na defensa dos seus dereitos.

4. Déronse finalmente unhas clases de lingua no concello, que xa remataron e que semella non van ter continuidade.

5. Solicitouse dende o instituto ó alcalde de Negreira que se borrasen tódalas pintadas ofensivas que hai no concello e ofrecéronse o Centro, como institución, e moitos profesores e profesoras a título particular para colaboraren co Concello en cantas iniciativas de integración poña en marcha. En particular, foi informado da dos programas de integración que se están a desenvolver coa subvención de fondos europeos en concellos de Pontevedra, acordándose o seu estudio inmediato.

6. As solicitudes de profesorado de árabe e relixión non foron aínda resoltas, malia a súa importancia como factor de integración.

7. O Centro promoverá no presente curso académico un programa integral de fomento de conductas tolerantes organizado polos alumnos e alumnas, semellante ó desenvolvido durante o curso pasado verbo dos malos tratos e a violencia de xénero.

**RICARDO RODRÍGUEZ
DE RÁVENA**

IES XULIÁN MAGARIÑOS
NEGREIRA

Almacén de
propiedade galega.
A Habana, Cuba,
1910. (AEG. Consello
da Cultura Galega)



CARA A UNHA ESCOLA INTERCULTURAL

MANUEL VILA LÓPEZ

Asociiedade española tivo e ten unha ampla diversidade cultural. Ó longo da historia fomos encrucillada de culturas. A nosa riqueza cultural provén, en primeiro lugar, destes sucesivos contactos e interaccións.

Sen dúbida, o compoñente máis importante desta variedade proporciona-nolo iso que poderíamos denominar “diversidade cultural interna” do Estado español, é dicir, a súa condición de Estado pluricultural, con comunidades históricas, realidades multilingües, minorías étnicas, etc.

Este feito condicionou a propia composición sociocultural española xa que

estas terras foron destino de diversos colectivos de inmigrantes. Tal situación xerou intercambios, préstamos e mestizaxes culturais.

Ademais, outros factores configuran esta heteroxeneidade: a nosa condición de emigrantes ata hai pouco tempo tanto dentro do territorio español coma fóra, a diversidade xeográfica, socioeconómica e lingüística, a existencia de minorías étnicas como a comunidade xitana, etc.

Polo tanto, o debate sobre a variedade cultural española non é —non debería ser— unha cuestión nova. Agora ben, dende hai uns anos somos terra de acollida de inmigrantes estranxeiros que chegan,

xeralmente, en situación moi precaria: subsaharianos, magrebís, chineses, latino-americanos, portugueses, europeos do leste, etc.

A diversidade de culturas asociada ó novo fenómeno da inmigración, así como algunhas conductas xenófobas e racistas recentes, forneceron un debate sobre a diferenza cultural e sobre o tratamento social e educativo que esta diversidade merece.

Fronte a esta realidade multicultural, a nosa sociedade actúa, a miúdo e dende o descoñecemento, con reaccións froito dos prexuízos. Ende mal, é frecuente un tratamento superficial, orixe de tópicos e estereotipos lamentables.

No caso dos inmigrantes estranxeiros, a reacción é especialmente negativa. Ante a súa presenza desenvólvense argumentos restrictivos e etnocéntricos. Sorprende ve-la facilidade coa que nos esquecemos do noso pasado inmediato, o de emigrantes en Latinoamérica ou na Europa desenvolvida.

Sabemos que as sociedades que se caracterizan pola heteroxeneidade cultural son máis ricas, máis capaces de se adaptar ós cambios sociais, de innovar e de ser creativas. Os nosos nenos e nenas vivirán en sociedades heteroxéneas. Polo tanto, o recoñecemento da multiculturalidade e a necesidade dunha educación multicultural debe entenderse como un asunto de tódalas escolas e non soamente daquelas con rapaces e rapazas con diversidade visible (inmigrantes de países pobres, minorías étnicas, etc.)

Debemos promover unha educación que estime a súa identidade cultural e, asemade, que a reconeza como valor, como posibilidade de enriquecemento individual e colectivo, cunha perspectiva comprensiva que os axude a ser comprometidos, solidarios e críticos.

Máis alá dun enfoque multicultural, emerxe unha orientación intercultural para preguntarnos pola construción e a

análise crítica da nosa cultura e para promove-lo coñecemento e o troco cultural en condicións de reciprocidade, de enriquecemento.

A pluralidade cultural, lingüística e étnica será, xaora, unha característica esencial das sociedades europeas do futuro. Consciente desta realidade, a Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) entende como obxectivo primeiro e fundamental da educación proporcionarlles ós alumnos e alumnas unha formación dirixida ó desenvolvemento da súa capacidade para exercer de maneira crítica, nunha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade. Previ-las actitudes discriminatorias ou de rexeitamento, a aparición de signos de intolerancia contra as minorías étnicas ou culturais é, a un tempo, unha necesidade para a sociedade e un obxectivo para o sistema educativo.

Por outra banda, hai que lembrar que, como se indica no preámbulo da LOXSE, a educación debe ser un instrumento privilexiado para reduci-las desigualdades que se manifestan na sociedade, sexan estas de orixe social ou cultural, se arrastren tradicionalmente nas dinámicas dos grupos sociais ou estean vinculadas a razóns de nacemento, ó lugar de procedencia ou de residencia.

A LOXSE dedica o seu título V á compensación das desigualdades na educación, establecendo que as administracións educativas adoptarán medidas de discriminación positiva para facer efectivo o dereito á educación, e dotarán os centros dos recursos humanos e materiais necesarios. Neste sentido, durante os últimos anos lévanse producido cambios moi significativos na situación escolar dos nenos e nenas xitanos. A intervención de programas como o de educación compensatoria permitiu ir normalizando, progresivamente, o proceso de escolarización deste alumnado.

Como se indica no preámbulo da LOXSE, a educación debe ser un instrumento privilexiado para reduci-las desigualdades que se manifestan na sociedade, sexan estas de orixe social ou cultural

A falta de regulación normativa e a ausencia de programas para a atención ás desigualdades e á diversidade cultural relaciónase directamente na nosa comunidade autónoma coa precariedade dos medios e recursos de atención ós menores con dificultades educativas

A falta de regulación normativa e a ausencia de programas para a atención ás desigualdades e á diversidade cultural relaciónase directamente na nosa comunidade autónoma coa precariedade dos medios e recursos de atención ós menores con dificultades educativas. É por este motivo polo que, de acordo coas directrices establecidas pola LOXSE e polo Ministerio de Educación, e en consonancia coas demandas do Consello Escolar do Estado, os sindicatos representados na Mesa de Educación, as organizacións non gobernamentais máis representativas dedicadas ós problemas de inmigración e das minorías étnicas, asinaron un documento a comezos do ano 2001 no que se demanda da Administración educativa galega a regulación das accións dirixidas á compensación das desigualdades na educación e a posta en marcha de programas de educación compensatoria e intercultural, conforme ós seguintes principios e contidos:

A. Destinatarios:

As accións de compensación educativa dirixiranse a calquera persoa que por razóns de condicións de hospitalización, internamento, familiares, sociais, culturais, étnicas, de itinerancia ou territoriais se atopa en situación de desvantaxe respecto ó acceso, permanencia ou promoción no sistema educativo.

B. Obxectivos:

- * Promove-la igualdade de oportunidades de acceso, permanencia e promoción a unha educación de calidade para tódolos nenos, nenas, mozos, mozas e adultos.
- * Favorece-la incorporación e integración social, educativa e cultural de tódolos grupos sociais, culturais ou étnicos, promovendo a aparición de exemplos positivos e previndo a exclusión social.
- * Potenciar unha escola aberta e integradora, na que participen e convivan



CHILE.—Tean España, de Santa C españolas, al T

tódalas culturas e linguas presentes no seu medio social.

* Fomenta-la participación de tódolos sectores que forman a comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais e nais, Administración educativa, organizacións non gobernamentais e outras institucións) e facilita-la incorporación das familias provenientes doutras culturas ou con especiais dificultades sociais.

* Mellora-lo concepto cultural e persoal que se ten das minorías e dos grupos máis desfavorecidos.

C. Actuacións:

C.1. Para o acceso ó sistema educativo e permanencia nel:

* Garanti-lo acceso á educación infantil de tódalas nenas e nenos en situacións de necesidade educativa, potenciando a escolarización no primeiro ciclo de educación infantil.

* Desenvolvemento de programas de seguimento escolar e loita contra o absentismo escolar, coa participación dos centros escolares, as administracións autonómicas e locais, as organizacións sen ánimo de lucro e os equi-



..., que ganó, en las Romerías españolas en Cosmopolita

Chile. Año 1916.
(AEG. Consello
da Cultura Galega)

pos do menor. Creación en cada localidade e/ou comarca da correspondente comisión interdisciplinaria de apoio á escolarización. Cumprimento estricto da obriga de escolarización.

* Gratuidade absoluta do ensino para as familias con nenos en situación de desvantaxe educativa, incluíndo transporte, comedor, libros de texto, material escolar, uniformes ou equipamentos obrigatorios ou actividades extraescolares.

* Control do cumprimento da legalidade nos sistemas de acceso e matrícula dos centros sostidos con fondos públicos. Procurarase a distribución equilibrada do alumnado con necesidades de compensación, calquera que sexa a súa orixe, nacionalidade ou relixión, evitando as concentracións ou dispersións excesivas, e co absoluto respecto ó dereito dos pais á elección de centro.

C.2. Para a atención educativa do alumnado.

* Supresión de tódalas escolas e aulas exclusivas aínda existentes.

* Implantación de programas de compensación educativa en tódolos centros cunha porcentaxe significativa de alumnos con situacións persoais, sociais ou culturais que provocan desvantaxe educativa [...].

* Establecemento de programas de reforzo extraescolar en horario de tarde nos centros educativos para o alumnado con necesidades de compensación educativa.

* Incremento significativo do número de prazas de garantía social e adecuación das especialidades ofertadas ás ocupacións demandadas polo mercado laboral. Establecemento de dotacións orzamentarias que permitan garantir a calidade das accións formativas.

* Incremento do número de prazas e dotación orzamentaria por alumno para os programas de educación de adultos [...].

* Desenvolvemento de programas e experiencias de mantemento e difusión das linguas e culturas propias dos grupos minoritarios.

C.3. Para a calidade da educación.

* Establecemento de medidas para promover a estabilidade e adecuación dos equipos docentes, e mecanismos para a provisión de prazas dun mesmo centro por equipos de profesorado cun proxecto pedagóxico común de compensación de desigualdades. [...]

* Programación de actividades de formación permanente do profesorado [...].

* Promoción da investigación e da elaboración e difusión de materiais curriculares en relación coa atención compensatoria e a educación intercultural.

* Establecemento de programas de avaliación e seguimento do programa de compensación educativa [...].

* Inclusión da educación intercultural nos plans de estudos das escolas universitarias e facultades de titulacións relacionadas co ensino”.

Ata o de agora, na nosa comunidade autónoma aínda non é moi elevado o número de alumnos procedentes doutras culturas, como pode ser en Cataluña, Andalucía, Madrid... ou outros lugares de Europa. Estamos a tempo de da-la resposta axeitada; pero a prevención nunca foi o noso forte. Témo-lo costume de adopta-las medidas fóra de tempo ou cando os problemas nos desbordan ou ameazan con facelo. Espero que a Administración educativa do Goberno que saia elixido polos galegos o 21 de outubro sexa sensible a estas propostas e regule a educación compensatoria.

A nosa Constitución consagra os principios de dereito á igualdade e de respecto á diferenza. Para cumpri-lo mandato constitucional, cómpre crear unha escola que practique e fomente a *educación intercultural*. Partimos dun concepto amplo de *cultura*, entendida como un conxunto de coñecementos, costumes, relacións, valores, etc. dun grupo humano que responde á súa experiencia histórica. E por *interculturalismo* entendémo-lo acercamento e a relación entre distintas culturas. Na nosa sociedade, esta relación non é equilibrada. Aínda que ningunha cultura ten un valor superior a outra, dáse de feito un dominio das culturas maioritarias sobre as demais.

A escola é un axente de aculturación e vaino seguir sendo. Pero a escolarización tense que concibir de tal xeito que non sexa un axente de desculturización. Debe concibirse con vistas a complementa-la educación familiar e non a contrariala. A escola intercultural debe promover-la expresión cultural de tódolos seus membros e fomenta-la escola plural que permita o respecto e a convivencia de tódalas culturas. O sistema escolar ten

que ter en conta as características específicas das minorías etnoculturais. A educación intercultural implica unha nova articulación das culturas separadas, pois non se trata unicamente de dar unha información sobre a existencia de distintas culturas, senón de practicar un mutuo coñecemento dos membros que estean presentes e promover actitudes de achegamento.

Hoxe formamos parte de Europa e xa é unha realidade a eliminación das fronteiras interiores dese conxunto de pobos. Foi este un elemento positivo para favorecer-la interculturalidade e crear esa Europa dos pobos á que todos aspiramos. Para iso cómpre contarmos co pobo xitano, con varios séculos de presenza no continente e mais con outros pobos con culturas extraeuropeas.


O papel que desempeña a escola vai ser decisivo na creación da Europa dos pobos. Esa escola intercultural que se está tratando de poñer en práctica en moitos Estados europeos xa está dando os seus froitos alí onde se aplica.

Os pais móstranse cada vez máis a favor dunha educación escolar dos seus fillos. Xa non teñen tantas vacilacións e non temen perde-los seus cativos ó envialos á escola. A entrada nas aulas xa non supón o paso dunha fronteira de apreensións nin unha modificación na natureza conflictiva das relacións sociais, tal como se mantiveron ata o de agora.

Os cambios non se producen nun ano nin por decretos administrativos. Cómpre tempo e unha vontade mutua que sobreviva ás desilusións. Como mestre, teño a plena confianza en que tanto ensinantes como autoridades educativas farémo-lo esforzo necesario para poñer en práctica esa escola intercultural que ha permiti-lo afondamento da democracia e o respecto e a convivencia nun plano de igualdade de tódolos pobos e culturas presentes no noso país para que nos poidamos sentir, con coñecemento de causa, orgullosos todos de sermos galegos. •

MANUEL VILA LÓPEZ
MESTRE

A falta de
Estamos a
tempo de da-la
resposta
axeitada;
pero a
prevención
nunca foi o noso
forte. Témo-lo
costume de
adoptar-las
medidas fóra de
tempo ou
cando os
problemas nos
desbordan ou
ameazan con
facelo



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA

O Arquivo da Emigración Galega é un programa promovido pola Sección da Cultura Galega no Exterior do Consello da Cultura Galega, que nace en 1992 como un lugar de encontro, centro documental e de información para os investigadores interesados no estudo dos procesos migratorios cun carácter interdisciplinario.

O Arquivo da Emigración ten como obxectivo prioritario a recuperación do patrimonio cultural da emigración galega, operando como un centro docu-

mental no que se conteñen diversas bases de datos bibliográficas, hemerográficas, sonoras, estatísticas, literarias, artísticas, etc. Realiza a recompilación e conservación de gran variedade de fondos documentais e arquivísticos relacionados coa emigración galega que están a disposición dos investigadores e persoas interesadas no tema. Tamén se dedica á promoción de estudos e investigacións sobre a temática migratoria a través da constitución de grupos de traballo para levar a cabo

Bos Aires, Arxentina.
Periodistas galegos e
autoridades consulares.
1909. (AEG. Consello
da Cultura Galega)



De arriba a abaixo:
 Pescadores galegos e as súas familias. Casablanca, Cuba. (AEG. Consello da Cultura Galega)
 Nova York, EUA. Excursión de galegos a Long Island. 1920. (AEG. Consello da Cultura Galega)
 Bos Aires, Arxentina. "Cuarteto de Ventosela". 1910. (AEG. Consello da Cultura Galega)

proxectos propios ou externos, e á realización de actividades como conferencias, congresos, cursos e exposicións. Asemade, difunde os estudos acerca do fenómeno migratorio, mediante a edición de obras de interese científico, destacando, neste sentido, a publicación da revista *Estudios Migratorios*, cunha periodicidade semestral, na que se difunden as investigacións máis recentes.

Como centro de documentación, o AEG estrutúrase da seguinte maneira: unha sección bibliográfica, que está constituída polas monografías científicas relacionadas cos movementos migratorios galegos, españois e internacionais e as obras de calquera xénero relacionadas coa emigración galega; unha sección hemerográfica que comprende as publicacións periódicas científicas, especializadas nos estudos migratorios, ademais das obras editadas polas colectividades galegas do exterior, a prensa societaria e os xornais locais de zonas cunha forte presenza emigratoria, amais das publicacións de actualidade dirixidas á colectividade galega e española no exterior; unha sección estatística onde se recopilan as series estatísticas básicas de migración galega, española e dos principais países de destino.

A sección documental pretende a localización de documentación sobre temas migratorios nos arquivos galegos, españois e estranxeiros. Actualmente comprende fondos de sociedades creadas polos nosos emigrantes como libros de actas, estatutos, memorias anuais, rexistros de socios, correspondencia, etc. e fondos particulares como epistolarios, cadernos de emigrantes, permisos de embarque, etc. que pon a disposición dos investigadores.

Así mesmo, contamos cunha sección gráfica que está integrada por miles de fotografías particulares de emigrantes, imaxes das actividades societarias e da pegada da emigración en Galicia, así como por carteis anunciadores e de publicidade das compañías navais e consignatarias de buques que aparecían na prensa da época, postais da emigración e a reprodución de logotipos e símbolos das sociedades de emigrantes galegos. Por último, estase a recupera-la produción audiovisual editada ou dirixida ás colectividades de emigrantes.

Cantai galegos o himno xigante dos pobos libres, dos pobos grandes, cantai galegos a idea santa da independencia da nosa Patria.

ALFREDO BRANAS

A FOUCE

PERIÓDICO GALEGO

2ª ETAPA

BÓS AIRES, 15 DE AGOSTO DE 1941

ANO I - Nº 1

De novo na loita

A FOUCE, expresión sincera do sentimento galego, vocero intransigente da mais absoluta galeguedade na primeira etapa, inicia a segunda, para continuar a predicar encamiñada a despertar nos galegos o senso nacional.

Defender, espallar o pensamento nacional galego, é o que comp're n'esta hora, que pode ser decisiva para Galiza.

Vivimos unha hora de urxenza, e folgan as vaguedades; pecharse nun círculo inaccesible, negarse a traballar no seo das organizacións da colectividade co gallo de non lixarse, de manterse puros e limpos, é impropio de homes patriotas.

Temos que ollar, con propósito de troca-la, a realidade circundante.

As organizacións da nosa colectividade, desenrolan as súas actividades de costas a Galiza, na súa acción, non se abesulla ningún tenzoamento de servir, de ser útiles a Terra.

Temos que loitar, traballar arreo, para expulsar ao anti-galeguismo adonado das directivas das organizacións da colectividade galega.

Os nacionalistas teñen que unirse e disciplinarse, para axudar a moitedume de compatriotas que moran n'esta país, a cumprir as súas indiscutibles arelas de servir a Galiza.

A FOUCE, non será pol-o conseguinte o Boletín de ningún seitor, terá por fito a liberdade da patria galega, e como consiña, lograr que os galeguistas se avencellen fortemente, e traballen para unir aos galegos nun patriótico esforzo encol da reconstrución, do erguemento da Terra Nai.

MINIFUNDISMO ESPRITOAL

Cando en xuño de 1936 celebrouse o plebiscito de Estatuto de Galicia, todas as sociedades galegas da República Argentina enviaron un telegrama d'adhesión a tan magno acto, que constituía o comenzo da liberación da nosa terra. Todos entón sentíanse ferventes autonomistas e, pol-o tanto, republicanos. Había unha verdadeira loita pra demostrar quen ostentaba ambos títulos con máis dereito que ningún. O Centro Galego organizou unha transmisión radial, na que s'escoitou a voz emocionada de Bóveda e Casal. De Compostela volvíaa a sahir a verba que anunciaba ao mundo a boa nova. ¡Canto entusiasmo, cantos discursos, cantos foguetes!...

Pasaron cinco anos, cinco anos de door, de sufrimento, d'amargura. Cinco anos que non serán olvidados ende-xamais. Cinco anos que endureceron os nosos corazóns e afincaron os nosos ideais. Cinco anos que nos ensinaron moito e que sirviron de peneira pra que pol-os buratos d'ela fuxiran os que soio aparecen na hora do xantar.

Os tempos cambiaron. Moitos homes tamén cambiaron. Xa non s'atopa aquela fe unánime, aquel fervor que facía vibrar a galeguedade con forza do trunfo. Oxe a dúbida escarabella nos peitos. As situacións persoales trátanse de conservar con equilibrios de circo. O republicanismo e o galeguismo lévase nos beizos, pero por dentro hai outra cousa. Co pretexto d'un falso apoliticismo, ríndese tributo á insiña feixista, cando o feito d'acatala significa o recoñecemento d'un goberno faicioso, por máis oficial que sexa. D'eso a aceptar ao representante d'ese

régime na Arxentina, hai un paso moi pequeno, paso que axiña intentarase dar.

Pero ¿a dónde vamos? ¿Onde están os republicanos de onte? ¿Cando se vai a terminiar esta farsa? ¿É posible que media ducia de caciques ambiciosos, sin ideal, sin vergonza, erixanse en directores da colectividade, aproveitando da boa fe da masa inxenua, que lles da creto ás súas bágoas de cocodrilo? Non; isto débese acabar, tense que acabar e hase de acabar. Chegou a hora de arrincal-as caretas. Olláremonos fite a fite e veremos quen é o que torce a mirada.

Estamos fartos de sentir verbas de democracia e de amor a Galicia, desmentidas pol-os feitos. Non queremos que nos confundan con estes galegos, cuio galeguismo, redúcese a tocal-a gaita: beber: ¡Ei, carballeira! e comer lación con grelos, rociado c'un hispano-americanismo de saínete, nin tampouco cos apóstoles d'un internacionalismo fracasado, que teñen vergonza en falar na lingua da súa nai.

Nos entendemos que o amor a Galicia é algo máis serio que toda esa faramalla pintoresca. O amor a Galicia probase con actos que a enaltezan. Propagando a súa cultura, estudiando os seus problemas, traballando pol-a súa emancipación e pol-a unidade do seu espírito, orientando e educando aos irmáns que aquí chegan cuáseque inermes pra a loita pol-a vida; facendo, en suma, todo canto humanamente é posible a fin de que o nome de galego sexa pronunciado sempre con admiración e respecto, tal é o laboura que debe desenrolar todo aquel que diga sen-

tir amor pol-a terra onde nacéu. Esa foi a obra que fixeron os irlandeses en Norte América, obra patriótica que culminou coa liberdade d'Irlanda, que oxe ocupa un lugar diño antr'os povos que constituen a comunidade británica.

Este é o verdadeiro camiño, o único camiño que debemos seguir si queremos merecer a gratitude do noso povo, que oxe débese aferrado pol-a máis bárbara tiranía de todol-os tempos. ¿Qué fixéchedes — podrá decirnos mañán —, qué fixéchedes por librarvos da nosa escravitude? ¿Qué remedios estudiáchedes pra resolver os nosos problemas no futuro?"

¿Qué lle poderíamos contestar? Que perdemol-o tempo en pequenas loitas, carentes de idealismo, sin mais oxectivo que chegar a posicións predominantes pra satisfacer a vanidade. O minifundismo do noso agro reproducése eiqi no terreo espiritual d'unha maneira lastimosa. Non hai desinterés, non hai patriotismo, non hai ideal; hai somentes un groseiro materialismo que produce bascuas.

É necesario, por ben de Galicia, que esto s'acabe. Si amamos un pouco á nosa terra, debemos tratar de borrar as pequenas diferencias que nos sepa-

(Continúa en la pág. 2)

NEUTRALIDADE IMPOSIBRE

Estamos asistindo desde fai tempo, desde o intre en que Italia, pasando porriba do pacto da Liga das Nacións, asoballou a indefensa Etiopía, a un derrumbe moral e espiritual, que incaparita aos povos pra defenderse da tremenda ameaza que o nazismo sififiga para a cultura e o progreso do mundo.

Estamos n'un intre de apremio, no cual, non é doado, meterse a analizar os motivos, as causas que determinaran esta situación.

As responsabilidades, son ben fáciles de establecer, pero esta, é tarefa que non comp're agora.

Nin polémica, nin inhibición afinxada no resentimento, os feitos, están ahí, diante de nós, a eles, é aos que temos que enfrentar, o demais é facer o xogo aos inimigos da liberdade, do dereito e da xustiza.

A terrible máquina guerreira do nazismo apoiada pol-a intelixente laboura dunha organización política, adicada a sementar en todo o mundo a discordia, e a corromper a povos e a dirixentes e guardians das Nacións, ten xa afogada a casi toda Europa co xugo da mais atrepante servidume, e o mundo, está en perigo de ser soulagado nunha noite mais terrible e doctosa que aquela que sufriu a civilización greco-latina coa invasión dos bárbaros.

A Edade Media, con toda a súa barbarie será superada si o nazismo sae victorioso.

Pol-o conseguinte, a neutralidade estricte, é imposibre; os homes dignos os que non renuncian a súa individualidade nin delegan a súa facultade de pensar, han mester unirse n'esta loita, na cual, mais que o comunismo, ou o capitalismo, se xoga a existencia de algo mais trascendente e sagrado: a Nación.

Nin os rusos defenden n'esta guerra o comunismo, nin os ingleses o capitalismo, o que se defende agora frente a poderosa máquina guerreira de Alemania, é a existencia de Rusia e de Inglaterra, e por consecuencia a de

todas as nacionalidades asoballadas ou en visperas de sel-o.

Comunismo ou capitalismo, son formas, constituções estatales, por medio das cales se rixen os pobos, e malas ou boas, xustas ou inxustas, endexamais van mais alá d'un limite ben pequeno no tempo, o que perdura, o que ten verdadeira significación de imprescindibre para a continuidade da cultura, é a Nación, sin ela, o progreso e a cultura son imposibres.

A incompatibilidade do nazismo co sentimento nacional, co patriotismo do mundo enteiro e innegabre, a súa guerra, vai encamiñada a destrucción das nacionalidades, para converter aos povos, en moitedumes incoexas, sometidas a máis brutal servidume.

Mentira que loite con Rusia para destruír o comunismo, mentira que loite con Inglaterra para acabar co capitalismo, todo mentira; o único certo, é que o nazismo, tenzoa converter ao mundo nunha dependencia de Alemania.

Esta enormeza que paréz pura invención da propaganda anti-nazi, axeitase perfectamente a moi simple e inxenua mentalidade xermánica, que atopa doado e natural, o que todol-os povos reputan incompatibre co mais elemental e rudimentario concepto do dereito e tamen do honor.

Pol-o dereito, pol-a liberdade e pol-a dignidade humana, dan o seu sangue os valentes soldados de Rusia, que non quixo, a troques dunha paz deshonrosa, contribuir a victoria da besta nazista, corruptora, sanguifenta, e opresora.

Os nacionalistas galegos, somos espiritualmente belixerantes, ficamos a beira dos que enfrentan ao nazismo; a conxunción de rusos e ingleses, descubre o verdadeiro significado d'esta tremenda loita. Dunha banda a simplicidade xermánica que tenza destruír as nacións, da outra os que defenden a continuidade e o progreso da cultura e a consolidación do dereito e da liberdade.

México (D.F.) 28 de Septiembre de 1939

A los correligionarios del Ayuntamiento de Covelo en Buenos-Aires

Queridos amigos y correligionarios: Los hermanos Losada, hijos de Marcelino Losada de Maceira, os saludan desde esta ciudad de México, donde, acabamos de llegar, después de haber pasado todas las vicisitudes de la guerra civil de España y de los campos de concentración en Francia.

Nos congratula grandemente veros a todos reunidos, para seguir defendiendo, cada uno desde su puesto, los postulados de la Democracia y Libertad.

Galicia, nuestro trruño, sufre una de las vejaciones mas grandes que la historia registra. El odio, rencor y pasión, sembrados por las huestes de Franco, no tienen comparación en la historia del mundo. Solamente unos cuantos perturbados y dejenerados podrian desencadenar sobre nuestro suelo semejante tragedia.

En nosotros esta la rendición de Galicia y con ella la del resto de España. Es necesario, para ello, una sola voluntad, la de todos los gallegos emigrados, y un solo camino, la union ferrea de todos, dejando a un lado, por el momento, las diferencias politicas.

Todos como un solo hombre, ha cumplir nuestro deber sagrado, para con Galicia. Nos lo reclaman los miles de muertos que, voluntariamente dieron sus vidas en las trincheras por tan justa causa, los hermanos asesinados por las bestias salvajes del clericalismo y la reacción, en fin, nuestros padres, madres e hijos, vejados constantemente por la furia inhumana de los que se llaman "SALVADORES DE ESPAÑA".

Nosotros estamos dispuestos a seguir batallando hasta la victoria final, que muy pronto ha de sobrevenir. Os estimulamos a que no desmayeis ni un solo momento, y sigais, por todos los medios, defendiendo el derecho que nos corresponde a todos.

No olvideis que la razon esta de nuestro lado y tarde o temprano tiene que imponerse.

Con un VIVA A GALICIA, expansivo a todas las mas Regiones de España, y fuertes abrazos para todos, se despiden hasta la vuestra.

Marcelino Losada

Hermenegildo Losada

20

P.D.

Si pensais publicar esta carta reservar los nombres por las consecuencias fatales que podria tener, para nuestros familiares de Galicia.

Si podeis, nos envias por correo certificado, los libros que a continuacion detallamos. Al recibirlos os remitiremos su importe. Aquí en el comercio de México no los encontramos y por ello apelamos a vuestra amabilidad.

TRAUMATOLOGIA-Büler (Viena) - ~~NOTA~~

~~PARTE~~ OBSTETRICIA Y GINECOLOGIA-Stuekel (Aleman) -

CIRUGIA DE URGENCIA-Corrachan y Domenech (Española) y la obra completa de Jims - Tom

Nos interesa saber la dirección de nuestro buen amigo y vecino Bernardino Prado.

Vuestros y de la causa antifascista.

COMITE PRO VICTIMAS
do
FRENTE POPULAR EN GALICIA
San José 224

Bos Aires, Setembro 1º do 1936

Sociedade

Xunta Agraria de Salceda

Señor

Supoñemos a esa institución fondamente preocupada pol-os arrepiantes sucesos da guerra civil en que arde a nosa patria. A terrible loita -sin comparanza na historia universal-, non pode deixar indifrente a ninguén, e moito menos a aqueles que sentimos na propia carne a doer e as feridas dos irmans que van caendo día a día. Temos, incluso, como probabel, que esa entidade resolvera contribuir ás colleitas que se están realizando a favor da Cruz Roxa Española, levada pol-os mesmos sentimentos humanitarios que a todos nos conmoven n-estes instantes. Sabido é que a colectividade galega, en xeral, está respondendo eficazmente a todas esas colleitas, e estamos seguros de que do importe total que se chegue a mandar a Madrid unha parte ben grande sairá dos asociados das entidades galegas d-este país; non embargantes, ocúrrenos pensar que hai un trabucamento n-esos esforzos, e que os galegos non encamiñamos a nosa axuda a onde é mais necesaria.

Na nosa terra-agora estase sabendo-houbo milleiros de vítimas, centos e centos de mortos e feridos, familias enteiras desaparecidas, vellos e novos que fuxiron das suas casas e que andan escapados pol-os montes, desorganizados pero tratando de loitar contra das forzas feixistas e militares que se adonaron do mando pol-a violencia e co engañ. A catástrofe chegou a casi todol-os pobos e aldeas, e poucos fogares haberá en Galicia que non se atopen enloitados e arrepiados d'espanto ante tanta barbarie e tanta persecución. Todol-os emigrados sabemos esto e, a pesar de sabel-o, mandamos os nosos recursos a Madrid, a quen tón de sobra, e non tratamos de exudarlles ós nosos irmans e ó noso propio pobo, ? por qué?.

Invitamos a esa institución a que pense n-este deber patriótico en que todos estamos de axudar ás nosas xentes. Solicitamos de esa Xunta nada mais que a adhesión moral, pra formar un Comité Pro Victimias do Fronte Popular en Galicia, e pedimoslle teña a ben nomear dous delegados pra formar ese comité, cuia principal misión será a de facer chegar o socorro dos emigrados a tol-os irmans que sufren na terra galega, distribuindo isos socorros especialmente nos distritos das sociedades que axuden a xuntar os recursos que se manden.

Esperamos que ningunha sociedade negará o seu apoio moral a esta obra xenerosa e de verdadeira fraternidade, e que concurrirán os delegados que indicamos á xuntanza que terá lugar o martes 15 do corrente mes, no local da Casa de Galicia, San José 224, ás 21.30 horas.

FRANCISCO LAMAS
Presidente da Sociedade "Pondal"

[Signature]
Presidente da Organización Republicana Galega

CASA DE GALICIA



SAN JOSE, 22.

A LA COLECTIVIDAD GALLEGA DE BUENOS AIRES

Declaración de Principios e invitación a la práctica de los mismos, único medio de elevar al sifial que por sus altos y propios méritos le corresponde a una de las más preclaras colectividades actuañtes en Buenos Aires: LA GALLEGA.

Al asumir la gran responsabilidad que representa ante la pública opinión, en general, y, particularmente, ante los propios y afines — los gallegos y sus descendientes — el hecho de haber denominado a una nueva entidad "CASA DE GALICIA", no nos había pasado desapercibido que, a par de la enunciación de este título, surgirían, pugnando en profusa competencia, los benévolo decires y los opuestos a los mismos, por lo que a la vida de la primitiva sociedad respecta. Ello, en puridad, era lo natural que ocurriera: los aciertos y los errores, siempre serán objeto de los consiguientes comentarios — insistimos —; mas, ahora, a ninguno de los dos hemos de referirnos.

Por eso mismo, vamos a expresar en este que creemos oportuno momento para la cohesión de los verdaderos y eficientes valores gallegos, que ningún vínculo material ata a la recientemente constituida "CASA DE GALICIA" con la extinguida de igual designación. Si alguna relación pudiera existir entre ambas, sería sencillamente aquella que, por ser atañedora a nuestra región galega, en cuanto tiene ésta de amplias y valiosas manifestaciones culturales, a nadie pertenecen, singularmente, las mismas, y sí a todos, personas e instituciones.

Como vamos a concretar, en breve forma, los principios a que aludimos en el subtítulo — queda, desde luego, omitida toda manifestación política o religiosa —, hemos de expresar, sinceramente, que nos ha guiado en la idea de fundar "CASA DE GALICIA", la certidumbre de que, en la actualidad, no se exaltan, como en realidad se merecen, los enormes valores con que cuenta nuestra colectividad, ya sea social como artística o científicamente expresado. En este sentido, saben muy bien nuestros conterráneos que en épocas todavía no lejanas, determinadas manifestaciones de ingente valor artístico y social alcanzaron relieves que no nos es dable contemplar ahora. A exaltar esos dispersos valores, cohesionándolos previamente, para propugnarlos y, nuevamente, hacerlos conocer más si cabe que en otrora, aspiran las autoridades de "CASA DE GALICIA", porque entienden que la responsabilidad asumida en tal empresa — ostentar una eminente designación —, como se deja dicho, bien se lo merece el excelso y sacro nombre "da NAI TERRA GALEGA".

"CASA DE GALICIA" — a pesar de que ya cuenta en su seno con valiosos elementos dispuestos a la vez que capacitados para iniciar la jornada reivindicatoria de la valía de la galleguidad en la Argentina, esto es, recuperación de su YO ante el concierto internacional de los pueblos —, hóntase en esta ilustre efemérides haciendo un amplio y fraterno llamado a todos los gallegos residentes en este país, para que cooperen con ella en tan noble y justo postulado.

Que aernos cargo da grande responsabilidad que representa do pública conceito, no modo xeral, i-eisima no persoal, diante dos própeos e afins — os galegos e seus descendentes —, o feito d-haber denominado a ur nova entidade "CASA DE GALIZA", non nos pasou albisar que, á par da emisión d-éste tiduo, surdirían, puzar en mesma competencia, os miázosos decires i-os opostos mesmos, pol-o que á vida da findada sociedade respecta. El sinxelamente dito, era o natural que socedera: Os acertos e erros, sempre han ser ouxeto dos conseguintes coment voltamos a eispresar; mais, agora, a ningún dos dous ha nos facer refireñza.

Pol-o mesmo, imos a eispresar n-este que crémos axeita istante pr-ó avencellamento dos verdadeiros i-eficientes vao galegos, que ningún material intrés cingue á recentemente fundada "CASA DE GALIZA", co-a desaparecida da mes desñazón. Se algunha relación poidera eistir n-antram sería soamente aquela que, por sere atinxente á nosa Te Galega, na riqueza q-ésta téñ nas amplas e valedoiras eisp s-óns culturais, a nada pertenesecen, singolaresmente, as m mas, e sí a todos, persoas e istituzóns.

Coma imos a resomir, en curto xeito, as bases menzoas no sotiduo — fica, dende logo, omisa toda manifestaz política ou relixiosa —, habemos d-eispresar, sinxelamer que sóo nos guióu na ideia de fundar "CASA DE GALIZA" a certidume de que, n-estes istantes, non s-eisaltan, cá se i rescen, os inormes vaores que no seu seo conta a nosa co tividá, xa seia social coma artística ou científicamente eispredo. N-este senso, moi ben saben nosos cóterrás que i xeiras non aínda lonxanas, determinadas manifestazóns d ar fada valía artística e social, acadaron peitoriles relevos c non nos é doado ollar hoxe. A eisaltar ises espallados vao logo d-enfiados, pra encumial-os e, novamente, facel-os m conoser, se cadra, que n-otrora, alentan as aitoridás. "CASA DE GALIZA", porque entenden que a responsabilidade acadada na dita misión — amostar unha imine desñazón — cá deixamos dito, ben o merece o eiscels sagro nome da Nai Terra Galega.

"CASA DE GALIZA" — n-embargantes xa contar seu seo valedores ben dispostos á ves que asisados pra cetar a xeira reivindicadoira da valía da galeguidá na Arx tina, val falar, recadamento do seu EGO diante ó conceo internacional dos povos —, honórase n-esta data, facen un amplo e fraternal chamado a todol-os galegos afincan-este país, pra que s-enroguen co-ela no nobre e xusto p tolado.

Desde ahora, podemos aseverar que serán creadas tantas SECCIONES de Bellas Artes como necesarias sean — música instrumental y coral, dibujo, declamación, literatura preceptiva, escultura, etc. —, así como Ciencias Exactas e Idiomas, contándose entre éstos el GALLEGO, del que el actual Intendente Municipal — buen poeta —, doctor don Mariano de Vedia y Mitre, dijera en inolvidable ocasión:

...“El lenguaje de Galicia es así expresión nítida y característica de aquella hermosa región de España; pero no es una deformación del castellano; lenguaje dulce como un cantar, tiene vida propia, y es castizo en el sentido legítimo de la expresión.”

(Juegos Florales de Casa de Galicia, 1920, realizados en el Teatro Colón).

Asimismo, se llevarán a cabo, dentro de las mayores posibilidades de garantía de capacidad demostrada, ciclos de conferencias a cargo de los más destacados valores intelectuales, siendo el “leitmotiv” de aquéllas, preferentemente, asuntos de eminente esencialidad gallega, sin por ello quedar excluidos otros asuntos que pudieran atañer a la cultura en general.

Extender fraternalmente los brazos, a la vez que expresar el igual sentimiento hacia la Gran Familia de Breogán — “os bós e xenerosos galegos” —, es el llamado que en el Día de Sant-Iago se honra en manifestar la Comisión Directiva de “CASA DE GALICIA” reiterando que sabrá ser fiel guardadora y firme avanzada del indiscutible RENACIMIENTO CULTURAL GALLEGO en la Argentina.

Todos los dignos, gallegos y descendientes, deben inscribirse en los registros de “CASA DE GALICIA”, así como también sus iguales amistades, para poder lograr la consecución del propósito formulado.

EMILIO MONELOS
Secretario

DOMINGO GONZALEZ
Presidente

Buenos Aires, Julio 25 de 1934.

Dende agora, poidemos asegurar que han sere creadas tantas SEIZONS de Belas Artes coma necesáreas sexan — Música istrumental e coral, Deseño, Recitazón, Literatura Preceptiva, Escultura, etc. —, eisi coma Cencias Esaitas e Idiomas, contándose antre éstos o Galego, do que o aitual Intendente de Bós Aires — bó poeta —, abogado don Mariano de Vedia e Mitre, dixera n-unha inesquecida oportunidade:

...“O linguaxe de Galiza é, eisi, eispresión e característica d-aquela fermosa rexión d’Hespaña, pro non é unha deformación do castelán; linguaxe doce coma unha cantiga, tén vida propia, l-é castizo no senso enxebre da eispresón.”

(Xogos Frorae de “CASA DE GALIZA”, 1920, feitos no Teatro Colón).

Eisimade, levaráñse a térmoo, drento das maores posibilidades avaladas de capacidade xugada, ciclos de conferencias a cárrego dos máis certos vaores intelectoales, sendo a cerna espiritoal d-aquélas, preferenzalmentes, asuntos d-outo celme galego, sin por el-o ficar escrusas outras custións que poide- ran atinxe- r á xéral cultura.

Avantar fraternalmente os brazos, á ves que eispresar o igoal sentimento car-á Gran Familia de Breogán — os bós e xenerosos —, é o chamado que no xorno de Sant-Iago honórase pór de manifesto a Comisión Directiva de “CASA DE GALIZA”, repitindo que saberá sére fidel gardador e firme d-avanceira do indiscutibel RENACEMENTO CULTURAL GALEGO na Arxentina.

Todol-os dinos, galegos e descendentes, deben iscribirse n-os Rexistros de “CASA DE GALIZA”, eisi coma tamé- r as súas dinas amistades, pra poider lograr a consecución de propósito eispresado.

EMILIO MONELOS
Segredario

DOMINGO GONZALEZ
Presidente

Bós Aires, Xulio 25 de 1934.

Casa de Galicia, 1-2:
Declaración de Principios da Casa de Galicia,
Bos Aires, 25 de xullo de 1934.
(AEG. Consello da Cultura Galega)

RODOLFO PRADA
 C/ San José, 22
 No. 23 (9)
 Buenos Aires

Bos Aires, Febreiro 26 do 1936.

Siñor,
 D. Ramón Otero Pedrayo,
OURENSE. (Galiza)

Distinto siñor:

Fai uns días dirixíuse a vosté, e máis o siñor Vicente Risco o "Centro Perojano" d-esta cidade, poñendo nas vosas mans a aplicación dos 500 pesos (mil pesetas) que a dita entidade resolvéu empregar nas escolas do Concello da Peroxa d-isa provincia d-Ourense. D-íse choyo faleille a vosté, an que moi a lixeira, na curísima visita que tiveron o honor de lle facer cando, f algo máis d-un ano, estiveron na Terra.

Con quen falei máis ampliamente d-elo foi co irmán Alexandro Bóveda, por haber podido istar máis tempo co íl em Pontevedra. O Bóveda atopou que os galeguistas d-Ourense, de maneira especial vosté e mail-o siñor Risco, por seren as dúas máis esgrevias figuras-, poderíanse encarregar de facer o reparto dos libros galegos a mercarse coas mil pesetas, a os nenos das escolas Peroxas n-un solene auto público que se orgaizaría no pobo cabezaleiro d-aquíl Concello. O dito auto, estando orgaizado por vostedes, (e no cal falarían vos des), constituiría un verdadeiro auto galeguista, isto é, coma sería o caso, poxado de carauter político e fose sementes cultural.

O "Centro Perojano" nunca tivo inqueanzas galeguistas, mail-tesón d-algús galeguistas, que fai pouco nos metimos elí, conque se destinara a dita suma de 500 pesos pras escolas. Os dirixentes, aproveitando o meu vxe a Terra (feito nos finais de 1934), déronme o encárrago de ollar elí a mill maneira de empregar ise diñeiro. O meu consello foi que se invertise en mercar libros galegos axeitados pra lle os doar os rapaces das escolas, libros galegos que lles fixeran conocer, principalmente, a historia e a xeografía da nosa Terra n-unha forma máis ampla que lle enseñan correntemente. Pra elo sinala os libros seguintes: "Síntesis xeográfica de Galicia" de vosté, e a "Historia política de Galicia" do Ramón Vilar Ponte, ambas editadas por "Nós". Co elo, ad máis, prestaríasele axuda a dita editorial, cuja vida tan comenente é pra nosa Causa galeguista. Aconselléi tamén que o diñeiro fose posto nas mans d-vostedes, persoas que, pol-a súa posición nas outas esferas pedagóxicas d-isa provincia e pol-a súa sinificación intelectual e social tan destacadas, son as r indicadas pra levar a bó fin o acordo do "Centro Perojano". No haber, xa ben enriquecido, do voso galeguismo, ficará tamén o sacrificio que supón a labou d-ista encomenda, sacrificio que, non dubidamos, vos queredes impoñer.

Amén dos libros a lle dar a os rapaces, eu penso que sería moi comenente doarlle tamén algús a os escolantes da Peroxa que lles foren útiles pra ampliar os seus coñecementos sobor da Galiza, coñecementos que logo poderían transmitir a os seus discípulos, o marxén do plan oficial d-inseño que íl desenvololan. Pra elo, eu entendo que ningún libro máis axeitado que o seu libro "Ensayo histórico sobre la cultura gallega". Así mesmo coído que sería axeitado pra algús escolantes (os que sexan galegos e d-algunha inqueanza espritoa) a "Teoría do nacionalismo galego" do siñor Risco. Uns 10 ou 15 exemplares de da obra d-isas, espalladas entre os mestres millor predispostos da Peroxa, t-seguranza de que rendirían boísimo froito.

Eu entendo servir así ben a causa galeguista que me meteron a ialma os escritos de vosté e máis do siñor Risco. Agardo, pois, que vostedes c-llerán con agarimo ista encomenda patriótica.

Comprázome en saudar a vosté e o siñor Risco coa máis distinta sideración,

¡TERRA A NOSA!

Prada: Carta de Rodolfo Prada (Bos Aires) a Ramón Otero Pedrayo, 26 de febreiro de 1936. (AEG. Consello da Cultura Galega)

DECEMBRO 2001

66

dez-eme

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DA EMIGRACIÓN ESPAÑOLA (CDEE) DA FUNDACIÓN 1º DE MAYO

JOSÉ BABIANO

No número de setembro de 2001, a revista oficial da Dirección General de Ordenación de las Migracións, *Carta de España*, que se distribúe maiormente entre as diversas colonias de españois no exterior, sinalaba que o Centro de Documentación de la Emigración Española (CDEE) “se ha convertido en un centro de referencia mundial en el estudio de nuestros flujos migratorios”. Tal recoñecemento chega despois de seis anos de traballos, pois é en 1995 cando na Fundación 1º de Mayo se constitúe o devandito centro baixo os auspicios da Secretaría Confederal de Política Social y Migraciones de Comisiones Obreras.

O CDEE ten tres obxectivos principais. En primeiro lugar, tratar de preservar a memoria e a historia da emigración española mediante a recuperación e conservación de todo tipo de testemuños documentais (documentos escritos, prensa, fotografías, carteis, filmes, etcétera) que levan xerado os diversos procesos de emigración exterior protagonizados polos españois. Para isto constituíuse un arquivo especializado que, aínda que está a medrar de contino, atesoura arestora máis de douscentos metros lineais de documentos. O material ingresado recibe o oportuno tratamento arquivístico (orga-



nización, clasificación, descrición e análise documental, datación, etcétera) por parte de profesionais especializados, co fin de elaborar instrumentos de acceso automatizados (catálogos, inventarios ou guías). Eses instrumentos de acceso, preparados cada un deles para cada fondo de arquivo ou colección documental, permiten o control da documentación así como o acceso dos investigadores a ela dun xeito rápido, preciso e eficaz. En setembro de 2001 había elaborados un total de catorce.

A documentación que conserva o CDEE é moi variada, tanto pola súa tipoloxía como pola procedencia. En efecto, por unha banda existen materiais de Francia, Alemaña, Bélxica, Suíza, Suecia,

Emigrantes españois no Club Miguel Hernández en Utrecht (Holanda), 1964. (Fundación 1º de Mayo. CDEE. Fondo Antonio Ibáñez)



catos (nomeadamente Comisiones Obreras), a Igrexa católica ou diversos ámbitos administrativos.

Canto á tipoloxía documental existente, cabe sinalala súa gran variedade: correspondencia, actas, informes, expedientes persoais, folletos, prensa, fotografía, carteis, filmes e diversos obxectos como selos, carnés, bandeirolas conmemorativas, maletas e outros.

O segundo obxectivo do CDEE é que a sociedade coñeza a experiencia migratoria española. Desde este punto de vista, o Centro considera que a historia da emigración está pasando, en xeral, desapercibida, co que se está a perder un ingrediente da memoria e da identidade cultural dos pobos de España bastante importante. Neste sentido pódese constatar unha evidente asimetría entre os esforzos no ámbito académico, destinados a coñecer a historia do exilio español de 1939, fronte ós que se realizan no estudo da emigración. Ademais, un coñecemento máis extenso da historia da emigración española permitirá comprender mellor os novos fenómenos migratorios que están a producirse en España desde fins do século XX e, xa que logo, contribuirá a atallar fenómenos preocupantes de xenofobia e racismo que comezan a agromar no noso país.

Desde este punto de vista, o CDEE desenvolve programas de investigación e estudo que divulga a través da edición de monografías propias e de documentos de traballo. Así, ten publicados traballos sobre a emigración en Francia, Suíza e Australia, sobre o retorno e tamén sobre a literatura da emigración. Tamén dá a coñecer os seus traballos en diversas revistas científicas, como *Historia Social*, *Migraciones & Exilios*, *Dez.eme*, *OFRIM*, etcétera. Desenvolve outrosí un labor de divulgación máis amplo, a través de conferencias, participación en coloquios ou mediante a organización de exposicións propias ou en colaboración

Holanda, Gran Bretaña, Luxemburgo, Arxentina, Brasil, Uruguai, Venezuela e Australia. Proceden de centros de emigrantes españois e de federacións nacionais de asociacións de españois en diversos países. Tamén dispón de coleccións doadas por particulares, normalmente emigrantes e retornados. Hai ademais fondos correspondentes a organismos e institucións especializadas na inmigración nos países de acollida, así como daqueloutros que en España se teñen ocupado deste fenómeno, como os sindi-

De arriba a abaixo:

Mozo emigrante galego metendo medias nas formas.

Holanda, 1965.

(Fundación 1º de Mayo. CDEE.

Fondo Modesto Camoiras)

Españois na vendima de

Rousillon, Francia,

anos setenta.

(Fundación 1º de Mayo. CDEE.

Fondo Secretaría de

Migracións de CC.OO.)

Españois traballando a obra

feita, Alemaña, anos sesenta.

(Fundación 1º de Mayo. CDEE)

con outras entidades. O CDEE edita semestralmente *Historias de la Emigración*, boletín do que na actualidade distribúe 2.500 exemplares en Europa, América e Australia. *Historias de la Emigración* informa das actividades do Centro, dos novos fondos documentais que van ingresando nel e daqueles que, logo de seren tratados, están ó dispor dos investigadores para a súa consulta.

No mesmo ámbito de difusión, o CDEE acaba de editar unha *Guía General* na que se informa das vías de acceso, dos servizos que presta e das publicacións que leva realizado. A *Guía*, que se edita en formato de disco compacto de doado e cómodo manexo, inclúe tamén o conxunto de catálogos referidos ás coleccións de prensa, fotografía e carteis do Centro, así como os inventarios de fondo de arquivo que en ámbolos casos xa están elaborados. Deste modo, os investigadores poden localizala documentación que desexan consultar sen necesidade de desprazamentos.

En terceiro lugar, o CDEE desenvolve programas de colaboración con entidades e organismos da emigración española no ámbito sociocultural. Coma tal, ten acollido mozos españois, emigrantes de segunda xeración, en períodos de prácticas profesionais; tamén organizou, de consún con federacións nacionais de centros de emigrantes españois, actividades culturais como seminarios e exposicións itinerantes e ten asesorado a estas federacións en diversos proxectos.

Por outra parte, o CDEE mantén un horario amplo de atención ó público. Deste xeito, nos dous últimos exercicios atendeu máis de cincocentas consultas, ben de forma presencial, telefónica ou a través do correo ordinario e electrónico. O tipo de usuarios que se achega ó Centro está composto por estudantes de terceiro ciclo e investigadores que realizan teses de doutoramento ou outra clase de estudos, medios de comu-



De arriba a abaixo:
Residencia española en Kassel, Alemaña, anos sesenta. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

Manifestación 1 de Maio en Frankfurt, Alemaña, 1965. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

Equipo ciclista do Club Federico García Lorca de Bruxelas, Bélxica, 1984. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)



nicación, instancias da Administración nacional, rexional ou local, líderes comunitarios das diferentes colonias españolas no exterior, amais de emigrantes e retornados.

En suma, o Centro de Documentación de la Emigración Española da Fundación 1º de Mayo constitúe un recurso importante á hora de estudia-la historia da emigración española, dispoñible para todos aqueles historiadores e científicos sociais interesados nesta cuestión central da historia contemporánea. •

JOSÉ BABIANO

ARCHIVO HISTÓRICO
DEL TRABAJO
FUNDACIÓN 1º DE MAYO

Paquita, como agarimosamente é coñecida entre os españois residentes en Francia e en toda Europa, é unha personaxe emblemática, case que lendaria. Un exemplo de liderado feminino dentro da comunidade española no exterior. Representa un crisol no que conflúen a condición de exiliada política e a de emigrante, das que non renega. É así porque conxugou a actividade entre os exiliados coas reivindicacións dos traballadores emigrantes españois en Francia. Daquela, resulta difícil identificar onde remata unha e onde empeza a outra; cando pensa e actúa como exiliada e cando o fai como emigrante, entre outras cousas porque a súa saída de España en 1948 foi por motivos políticos; ó acaba-la dictadura, coma moitos outros emigrantes, non retornou ó noso país.

**FRANCISCA
MERCHANT**

UNHA VIDA DE EXILIO E EMIGRACIÓN

ANA FERNÁNDEZ ASPERILLA



(Fundación 1º de Mayo. CDEE)

Nada en Madrid en abril de 1920, no paseo das Acacias, a súa familia tiña orixe zamorana, de Fuentesauco. Era a maior de once irmáns, así que á temperá idade de once anos comezou a traballar como aprendiz de xastre, oficio que desempeñou entre 1931 e 1936, ata cumpri-los dezaseis.

Como a gran maioría dos emigrantes españois, iniciouse moi cedo no mercado de traballo, o que lle impediu seguir unha educación regrada. Este feito non constituíu un atranco para que colaborase na páxina xuvenil do xornal *Castilla libre* e dese os seus primeiros pasos na poesía.

Ó estala-la guerra enrolouse canda outros compañeiros da CNT na milicia pero meses despois unha lei retiraba as mulleres da fronte. Os mozos libertarios propuxéronlle daquela ocuparse da Secretaría Feminina. Toda a súa traxectoria vital estará ligada á defensa dos dereitos da muller, pois no seo da Federación de Asociaciones y Centros de Emigrantes Españoles en Francia (FACEEF) encargouse de idéntica responsabilidade.

En 1982 asistirá como delegada por Iberia Cultura ó Primeiro Congreso Democrático das Asociacións de Emi-

grantes Españois, celebrado en Palma de Mallorca, onde participará na redacción do relatorio dedicado ás mulleres emigrantes.

Ó que rematou a guerra foi detida en Alacante e internada, xunta outras mulleres e nenos, nun campo chamado *casa de ejercicios espirituales*. Cando o tren as conducía presas a Madrid, conseguiu escapar canda dúas compañeiras máis e dedicouse a axuda-los presos. Con outros mozos, lograron salvar algunhas vidas.

En 1940, a policía detena a ela mailo marido e trasládana ó cárcere de Ventas en Madrid. Ó cabo de varios anos puxérona en liberdade vixiada, tendo que se presentar regularmente onda a policía. A súa actividade de apoio ós presos continuou, e no ano 1948 o seu home pasou os Pireneos. Meses despois facíao, clandestinamente, ela mesma co seu fillo. París acolleunos e alí continuou a súa actividade. Integrouse no movemento de "Mulleres Antifascistas", dedicado exclusivamente a axuda-los presos, as súas familias e os nenos. De modo que lograron que estes últimos, axudados polo Socorro Rojo Popular, pasaran tempadas en Francia.

Coma moitos outros emigrantes, ata o momento da súa fuxida en 1948 desempeñou en España traballos diversos sen chegar a ser dada de alta nos correspondentes seguros sociais polos empresarios. A intendencia do Exército, o Instituto Stationale Assicuaratione, Chiki-Choko-Restaurante, Restaurante Casa Antón e Restaurante Hermanos Castán foron as empresas onde traballou entre 1944 e 1948. Por mor disto, no momento da súa xubilación viu drasticamente reducidos os seus dereitos de pensión en España.

En París traballou tamén en varias empresas sen conseguir que a inscribieran na Seguridade Social ata 1951. Polo tanto, outros cinco anos da súa vida laboral se desenvolveron no país veciño na economía somerxada. Enfrontouse, entón, ás

mesmas dificultades que outros moitos emigrantes: a loita por conseguir papeis.

En Francia empregouse en diferentes empresas da confección, sector no que decorreron vinte anos da súa vida laboral. A maior parte do tempo traballou como maquinista nunha tenda dedicada á confección de traxes de home. Posteriormente faríao, durante quince anos, nos grandes almacéns La Samaritana; primeiro nos talleres de costura, logo no almacén onde, malia realizar funcións de vendedora, non foi promovida a tal categoría e mantivérona como man de obra non cualificada por mor do seu espírito reivindicativo.

En París converteuse en sindicalista, militando na CGT desde onde se esforzou por muda-las condicións laborais das mulleres inmigrantes, en concreto para que a súa vida laboral non se desenvolvese na economía somerxada e para mellora-las condicións das traballadoras domésticas, por exemplo, que dispuxeran dun cuarto á parte.

Realizou tamén un importante labor, primeiro na organización Iberia Cultura e despois como membro da Dirección da FACEEF, organización nacional que federa gran parte das asociacións de españois en Francia. Desde a federación e como responsable de cultura dedicou unha gran parte das súas enerxías a reivindicar a lembranza e a contribución dos republicanos españois á resistencia e á liberación de Francia, así como a dar a coñece-lo papel que desempeñaron as mulleres españolas. Por iso, en xuño de 1995 coordinou o coloquio *Memorias del olvido. La contribución de los republicanos a la resistencia y a la liberación de Francia 1939-1945*, organizado pola FACEEF xunto co Instituto Cervantes de París. No último congreso da Federación, celebrado en Montpellier, retirouse da Dirección para da-lo relevo a outras mulleres máis novas, aínda que segue a colaborar activamente.

ANA FERNÁNDEZ ASPERILLA

CDEE
FUNDACIÓN 1º DE MAYO

AS SOIDADES DE EUROPA

VÍCTOR F. FREIXANES

Na década do seiscentos e do chamado “milagre español”; na década do primeiro turismo masivo e da televisión; na década dos *Planes de Desarrollo* e dos ensanches, do crecemento urbano e as primeiras saídas a Europa; na “década prodixiosa”, segundo nos explican agora os nostáxicos do pop; na década das novas clases medias urbanas, que por primeira vez comezaban a envia-los seus fillos á universidade; na década da lei Fraga e do caso Matesa, dos tecnócratas do Opus Dei e do primeiro fortalecemento financeiro despois da Guerra Civil, Galicia perdeu 19.268 habitantes. Non houbo crecemento vexetativo. En 1960 había 2.602.962 galegos censados. Dez anos despois, en 1970, eramos 2.583.672.

Hai unha fermosísima novéla de Xohana Torres, *Adiós, María* (Ediciones Galicia, Bos Aires, 1971) que nolo conta doutra maneira. A protagonista é unha adolescente, Maxa, que ben podemos imaxinar nalgún barrio da periferia de Vigo: Bouzas, Lavadores, O Calvario, Cabral... Ten quince anos. Aínda o arrecendo da aldea (o mundo próximo dos avós) anda polas vellas corredeiras, ou polo recordo delas, condenadas a desaparecer polo crecemento da cidade nova que se espalla. A nena, que empeza a deixar de selo, asoma ó mundo por primeira vez.

Inés e Román, os seus pais, arriban á estación de París unha mañanciña fría de

marzo, camiño de Lille, cidade industrial na fronteira con Bélxica. Mercan unha postal, cunha gran torre de ferro ó fondo, e alí mesmo escriben a correr unhas liñas, coa letra pousada e un chisco fuxidía de quen fora antigo contable da desaparecida compañía de tranvías. Son as primeiras noticias. María lea unha e outra vez. Depréndea de memoria. Dúas noites en tren polos camiños de Francia. Estamos ben... Gárdaa nunha caixa de Cola-Cao, onde pouco a pouco irán amoreándose outras. A crónica da distancia. Pensaban ficar xuntos, os pais, pero houbo cambios de última hora. Irene acaba en Tours. Román en Lille, na metalúrxica. Unha habitación, 350 francos. Na casa quedan os avós e os fillos: un de dezasete anos, Xermán, e outro que aínda non ten un ano, Petigrí, ademais dela, a Maxa.

A novela narra o acoramento non dende os que se van, senón dende os que quedan. As familias rotas: os anos difíciles e sen autoridade de Xermán, a orfandade de Petigrí, a impotencia dos avós, que un día tiveron que deixa-la aldea e non se afán ó espacio urbano, o mundo novo, hostil, desacougado da mociña adolescente... No capítulo V (páxinas 117, 118), a rapaza matina:

E as miñas compañeiras, calmudas, moi pousadas co argumento: ganas que tes de complicar a vida nin que fora pra tanto



fas un poder e baixas centos de nenas teñen os seus pais traballadores traballando, latexando, vivindo, morrendo, falando, calando, agonizando, picando, dormindo, cismando, viravoltas mágoas, pavura couces piñeiro pateada bágoas febleza azos recordos loitas escriben eles sempre traballando dende Suiza Francia Alemania Inglaterra calquera parte é boa xa cho creo Maxa, pero por eso ninguén morre, tanto agoiro por algo natural, si sempre temos que estar preparados para un viaxe longo, aquí non pasa nada...

Aquí non pasa nada... Máis dun millón de galegos camiño das Américas no século anterior e non pasa nada. ¡Un

millón de persoas, case todas homes, na flor da vida, nun país de dous millóns de habitantes escasos (1.980.515 en 1900)! E non pasa nada. Na terra fican os vellos, os nenos e mailas mulleres: as “viúvas de vivos”, tal que as retratou Rosalía de Castro (*Follas novas*, 1880). A literatura conta dramaticamente o que as estatísticas frías non sempre deixan ver. Lesta Meis narra a aventura cubana da emigración galega en *Estebo*, novela publicada en 1927. Luís Seoane evoca o desterro americano, coa achega trágica da Guerra Civil, en *Fardel de eisilado* (1957). A novela de Xohana Torres é a memoria dos camiños de Europa, logo do Plan de Estabilización de 1959.

Fachada do Club Federico García Lorca. Bruxelas, 1966. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

Fachada do Club Federico García Lorca
Bruxelas, 1966
(Fundación 1º de Mayo.
CDEE)



María (Maxa) debulla nun demorado e dramático monólogo interior a fatalidade dun país condenado historicamente á exportación dos seus mellores recursos e que, nos citados anos do crecemento económico (a década dos sesenta e primeiros setenta sobre todo) contribuíu coma poucos, xunto con estremeños e andaluces, ó financiamento do despegue industrial da España que paseniñamente saía do pozo da autarquía, apoiada nas estratexias internacionais da “guerra fría”, a penetración de capital estranxeiro, o esfarelamento do mundo rural e o *boom* turístico. Emigrantes e turistas financiaron aquel crecemento, centrado nas grandes rexións industriais: Cataluña, Euskadi, Levante e o Centro, e en detrimento ou relegando a un segundo plano as zonas máis deprimidas e, xá que logo, menos rendibles para os investimentos do capital, entre elas Galicia. Entre 1964 e 1973 emigraron case que 350.000 galegos: arredor de 200.000 fixérono a Alemaña, Suíza, Francia e os Países Baixos; uns 65.000 a América (Venezuela sobre todo), que xa entón empezaba a deixar de ser referente, e case que 70.000 a outras partes de España: Cataluña, Madrid e Euskadi.

É a época dos novos centros emigrantes, locais de consolo e acollida dunha poboación que, ó contrario que en América, dificilmente había de botar raiceiras nin asentaría nas patrias de recepción. A

capacidade de establecerse ou integrarse nas novas sociedades é mínima. Acabáronse os indianos con *jipijapa*: aquelas espectaculars fortunas, con chaleco e *leontina*, que disimulaban o fracaso dos máis. O Instituto de Emigración prepara contratos, entradas e saídas, segundo as necesidades dos países de destino. As entidades bancarias abren sucursais a pé de obra: en Hannover, en Lille, en Lausanne... Os poderosos edificios de antano: o Centro Galego da Habana, os pazos vilegos das sociedades comerciais en México, Montevideo ou Bos Aires, as instalacións de lecer da Irmandade Galega de Caracas, por exemplo, das que tan fachendosos se sentían colectivamente os nosos emigrados, transfórmanse arestora en furos, sotos, tobeiras cativas para sobrevivir en Londres, Xenebra, París... Mudan os tempos, mudan as condicións. Man de obra barata para a construción da Nova Europa que rexorde dos días terribles da Segunda Gran Guerra. Proletarios esforzados para a siderurxia, a industria do automóbil, a hostalería, a vendima, co corazón na terra e a idea fixa de volver, coma na novela de Xohana Torres, que ás veces se demora durante toda a vida laboral. Un local triste nunha rúa triste. Un restaurante... Alá enriba, case que feito a man, a marca de cómo estabamos: solidarios, resistentes, apertados, a sobrevivir.

VÍCTOR F. FREIXANES
ESCRITOR

UN CONCEPTO

Xenofobia

UBALDO MARTÍNEZ VEIGA

Rafael Seijas Soto.
Credencial de
nacionalidade.
Matanzas, Cuba. 1932.
(AEG. Consello da Cultura
Galega)



O concepto de xenofobia ten sido moito menos elaborado ca outros, coma tal o de “racismo” co que está intimamente emparentado se non é que deberan identificarse.

Para definir “xenofobia” podemos recorrer ó filósofo Adrian Piper, que dedicou moito tempo e esforzo a clarificalo. “A xenofobia”, di, “non é unicamente un medo indiscriminado ós estranxeiros en xeral. Non inclúe por exemplo o medo dos familiares e veciños que nunca atopamos. É máis específico ca isto. A xenofobia é o medo dos individuos que teñen unha aparencia diferente ou actúan dun xeito distinto ó que estamos afeitos. É un medo ó que non é familiar desde o punto de vista da experiencia, de individuos que non se adecuan ás expectativas empíricas sobre cómo é a outra xente, cómo se comportan ou cómo son as súas aparencias”. Encontramos moi ben definido aquí o que poderíamos designar como “psicoloxía da xenofobia”, e este exercicio é útil porque aclara o concepto. Pero a nós non nos interesa tanto este aspecto coma os elementos institucionais da xenofobia e que teñen moito que ver coa maneira de estruturárense os Estados modernos.

Dentro de tódolos elementos que podíamos traer a colación, ímonos fixar

nun que poida que semelle secundario e banal. Referímonos á invención do pasaporte e ás discusións que se xeraron arredor do tema. Como non podemos facer unha historia concreta deste problema, imos tomar uns poucos elementos que aparecen durante a Revolución Francesa, período no que se dá unha discusión moi acalorada sobre a reintroducción do pasaporte, que fora un elemento fundamental no *ancien régime*. Ó primeiro, a Asemblea Constituínte decidira a abolición do pasaporte e a defensa da liberdade de movementos. Sen embargo, esta decisión non se levou a cabo porque, como moi ben comprendera Tocqueville, en parte a Revolución tentou “salvar fragmentos do naufraxio da orde antiga”. Os gobernos revolucionarios intentaron por tódolos medios utilizarlos instrumentos que ofrecían os controis de pasaportes para regular os movementos dos inmigrantes, dos cri-

minais contrarrevolucionarios, dos curas que non se dobregaban, dos mendigos itinerantes, dos soldados en período militar e dos nados fóra do país. Aínda que este sistema de control non se practicou totalmente por problemas burocráticos e administrativos, de tódalas maneiras tomáronse moitas medidas que van servir para distinguir entre os nativos e os estranxeiros.

En Francia, onde se esixía un pasaporte para o movemento interno dos cidadáns, empézase a expedir ós estranxeiros e ademais institucionalízase o “estado civil”, que non é nin máis nin menos que o rexistro da xente que se engadía á poboación francesa. Neste momento aparece algo semellante ó que será o pasaporte actual, e aínda que o século XIX trae consigo un período importante de libre circulación, posteriormente instaláronse de vez os controis.

Non nos interesa tanto a historia do pasaporte como os tipos de persoas ós que se lle aplica. Non só se aplica ós estranxeiros, senón a toda clase de criminais e persoas que estaban fóra da lei. O que ocorre con isto é que se crea unha sospeita sobre os estranxeiros como xente na marxe da lei, ou polo menos como un grupo no que os “fóra da lei” abundan. Le Coz, un bispo que ten moita influencia na defensa do pasaporte, dicía que este era o Argo da patria (na mitoloxía clásica, Argo era un monstro con moitos ollos con sonda de bo vixilante). Nesa altura, Jeremy Betham falaba do “panóptico”. É interesante a idea do pasaporte como unha especie de vixilante que serve para establecer a desconfianza sobre os estranxeiros que se xuntan cos criminais, os que están fóra da lei. Cando o alcalde de EL Ejido afirmaba en febreiro de 2000 que coa implantación da Lei de estranxeiría (a anterior á actualmente vixente) o que se conseguira era que “entrasen

xente de toda índole e condición [...] maleantes e criminais no país”, está falando nese mesmo rexistro xenófobo que aparece claramente coa invención do pasaporte. Manifestouse aquí claramente un fenómeno típico de xenofobia institucional.

Outro concepto interesante é o de “cidadanía”. Como ben se sabe, o sociólogo T. Marshall, no seu libro sobre cidadanía e clase social publicado nos cincuenta, afirmaba que a cidadanía sufrira unha evolución progresiva no caso de Inglaterra e outros países. A cidadanía é un conxunto de dereitos e obrigas para os membros do estado-nación. Nun primeiro momento trátase de dereitos civís necesarios para a liberdade individual das persoas: dereito de palabra, de pensamento e de crenzas, de posuír propiedades, de levar a cabo contratos e o dereito á xustiza.


Estes ampliáanse ós dereitos políticos, o dereito de participar e exercer-lo poder, ou ben como membro do corpo político investido de autoridade ou como elector dese corpo.

Por último están os dereitos sociais: o dereito a un mínimo benestar económico, de compartila herdanza social, e de vivi-la vida dun ser civilizado segundo os estándares vixentes na sociedade. Dentro destes dereitos, os menos desenvolvidos aínda son os sociais, que han conseguirse coa loita dos traballadores e cidadáns. Esta consideración sobre os dereitos ten moito interese e ninguén pode estar en desacordo con ela; sen embargo presenta un grave problema en canto que son dereitos aplicables ós cidadáns dentro dun estado-nación. Esta concepción dos dereitos desenténdese do que ocorre cos que non son cidadáns e, polo tanto, preséntase como unha actitude xenófoba aínda que non sexa máis que por omisión. Ás veces as omisións son o máis importante. •



EDIÇÃO DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUNA

Tfños. 620200 e 620937

Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidades presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-2001


700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o coñecemento científico das nosas bases económicas.

INMIGRANTES E NACIONAIS: EL EJIDO 2000

JOSÉ ANTONIO MORENO

UBALDO MARTÍNEZ VEIGA,
*El Ejido: discriminación,
exclusión social y racismo,*
Madrid, Los Libros de la
Catarata, 2001, 230 páxs.



O libro de Ubaldo Martínez Veiga caracterízase por ser, precisamente, unha análise multidisciplinar sobre os antecedentes e os propios feitos acaecidos en El Ejido.

Iníciase cunha **análise económica** da bisbarra, na que resaltan os factores ecolóxicos como a introducción de novos sistemas de cultivo que, por mor de adaptárense a un medio tremendamente esgrevio desde o punto de vista agrícola, terminan por transforma-lo propio ecosistema da zona.

Así mesmo, desenvolve os aspectos derivados do tipo de explotación agraria, caracterizada por un sistema productivo intrinsecamente familiar, o que orixina —polo menos nas orixes— un alto grao de autoexplotación laboral ó incorporárense tódolos integrantes da familia ós labores do agro.

Finalmente, nesta análise económica menciónase a incorporación dos inmigrantes como último factor. Tras se consolida-lo modelo de leira e o seu sistema de explotación,

requírese máis man de obra ó tempo que os elementos familiares —unha vez ampliadas as súas expectativas sociais— abandonan a agricultura.

No que respecta á **análise laboral**, despois de proporcionárno-lo espectacular dato de que a taxa de desemprego para 1999 en Andalucía estaba nunha media do 14 % mentres que en Almería se fixou no 1,8 %, menciónase a necesidade de incorporación de nova man de obra —xa inmigrante— que acepte as arduas condicións de traballo, pero tamén o condicionamento desa incorporación de man de obra, precisamente, polas fluctuacións do mercado dos froitos que alí se producen; iso orixina a necesidade de dispoñer dunha certa “reserva” de traballadores dispoñibles.

Isto orixina pola súa vez unhas características peculiares no ámbito laboral, xa que a maior oferta de man de obra desa “reserva”, menor é o salario ofrecido. Incluso por parte

dos empresarios (páx. 108) se di que “el desempleo sirve para disciplinar a los trabajadores”, por mellor dicir, o exceso de oferta laboral desregulaliza o sector e dificulta a capacidade de reivindicación, o que orixina unha total dislocación negociadora pola preeminencia dunha das partes.

Tocante á **análise social**, o profesor Martínez Veiga menciona a especificidade da segregación espacial que se produce con respecto ós inmigrantes, que son excluídos non só dos espazos públicos, senón incluso dos marcos de convivencia habituais como pode se-lo propio casco urbano da localidade; céntrase na segregación en materia de vivenda, que aboca os inmigrantes ó mundo dos mal chamados “cortijos” ou infravivendas. Un papel fundamental neste marco de *apartheid* téñeno as institucións municipais, que reiteran arreo a súa vontade segregacionista e de restricción de servicios ós inmigrantes.

Finalmente, o libro remata cunha análise dos feitos acaecidos en febreiro de 2000: relátanse cronoloxicamente, e dun xeito arrepiante por veces, os antecedentes e os propios sucesos, con entrevistas con axentes e intervinientes no dito proceso, e articúlense algúns elementos fundamentais que sustentan plenamente a conclusión principal do libro sobre a discriminación e o racismo que destilan tódolos elementos analizados. •

JOSÉ ANTONIO MORENO
AVOGADO

OS CUSTOS DA EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

XAN LÓPEZ FACAL*

XO AQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA
(dir.), *Avellentamento
demográfico e consecuencias
socioeconómicas*, Vigo,
Edicións Xerais, 2000,
318 páxs.

O libro que comentamos, dirixido polo profesor Fernández Leiceaga e editado por Xerais, é un interesante traballo colectivo dirixido a ese público potencialmente amplo interesado en dispor de información solvente sobre unha materia tan actual e decisiva como a do avellentamento da poboación galega e as súas consecuencias. Un libro que debe interesar a xestores sociais —políticos, sindicalistas, urbanistas, xornalistas económicos—, empresarios do sector dos servizos —espectáculos, grandes superficies comerciais, estudos de planificación— e en xeral a esa estreita aínda que decisiva franxa de lectores atentos que saben que non abonda coa prensa diaria para entender adecuadamente os problemas que configuran o noso futuro inmediato.

O traballo é froito da reflexión conxunta de cinco profesores uni-

versitarios máis tres profesionais da xeografía, a demografía e a estatística aplicada. A reflexión organízase en sete epígrafes de indubidábel relevancia que analizan e discuten o impacto do avellentamento sobre o conxunto da economía, sobre o futuro demográfico do país, o mercado de traballo, a magnitude da poboación rural, o gasto social no seu conxunto e do sanitario e asistencial en especial, así como as

pautas de distribución espacial da poboación previsíbeis. O produto ten un inconfundíbel selo académico especialmente en algúns traballos, como os dos profesores Fernández Leiceaga —que asina tres dos sete traballos— e López Iglesias, e unha orientación máis divulgativa, sen merma de rigor, no resto das contribucións. A bibliografía manexada e a abundancia de cadros e gráficos expresan a inequívoca



* Por desexo do autor, mantémo-la súa norma ortográfica.

vocación de claridade e rigor que anima a iniciativa.

Os profesores F. Leiceaga e L. Iglesias —actuais concelleiro de Facenda no goberno municipal de Santiago e director do IDEGA, respectivamente— son así mesmo autores dunha moderna *Estructura económica de Galiza* (Laivento, 2000) onde se presta especial atención á problemática demográfica do país (capítulos IV e V) en forma clara e sintética. A “Estructura” de Leiceaga e López Iglesias constitúe, xunto coa *Economía de Galicia* de Albino Prada (Xerais, 1999), o manual de referencia para a descripción sintética da economía galega actual. Unha obra coa mesma intención coordinada por González Laxe, (*Estructura económica de Galicia*, Espasa Calpe, 1992), reséntese un tanto do seu carácter colectivo cos inevitábeis desequilibrios que esta circunstancia comporta.

O avellentamento da poboación é, probabelmente, a principal ameaza ao desenvolvemento económico de Galiza. Como síntoma, o problema comeza a servir de argumento parlamentario e electoral. E non só polas súas consecuencias sobre o mercado laboral, o sistema de protección social ou a dimensión de institucións e equipamentos (sobran xa postos escolares, comeza a contraerse a demanda de estudos universitarios, faltan asistentes sociais e centros xeriátricos), en definitiva contamos co colchón da inmigración (un debate aínda incipiente) e mesmo coa puxanza demo-

gráfica do Norte portugués. Existen razóns máis profundas, de carácter político e sociolóxico. Un povo escaso en mocidade é un povo condenado ao conformismo e o conservadurismo. ¿Non o estamos notando xa? Os analistas explicannos que o voto xuvenil se concentra na oposición ao conservadurismo gobernante mentres o corazón dos maiores de 50 ou 60 late inevitábelmente á dereita. A capacidade reivindicativa, a creatividade social, a renovación de comportamentos e valores teñen data de caducidade e están afectados pola segmentación etária da poboación. Os problemas emerxentes comezan a manifestar o peso da idade: as exixencias sociais para coas enfermidades dexenerativas, os problemas éticos da eutanásia, a ameaza dos desequilibrios entre cotizantes e pensionistas...

¿Cales son as conclusións máis significativas que podemos tirar do libro que comentamos? Se a economía foi cualificada de ciencia lúgubre, o tema e conclusións deste libro non contribuirán desde logo a por en cuestión o ominoso cualificativo.

Ritmos moi baixos de crecemento seguidos da probábel perda de poboación —nun proceso xeral liderado polas provincias de Lugo e Ourense— con poucas esperanzas de reverter o proceso mediante a recepción de continxentes migratorios (dinámica esta altamente dependente da capacidade de crecemento e de creación de emprego, sen esquecer os aspectos político-lexislativos). O cadro xeral descrito pouco pode variar a prazo medio e mesmo longo aínda se se producir unha rápida recuperación da fecundidade, en todo caso pouco probábel. A taxa de dependencia senil (persoas con máis de 64 anos/per-

soas entre 15 e 64 anos) incrementárase significativamente no próximo cuarto de século, dun 25 % a un 33 %, aproximadamente. O emprego continuará contraéndose (1976: 1.196 millares, 1994: 916: 300.000 empregos perdidos en 18 anos) debido ao drástico derrubamento da demografía e a actividade agrária, o núcleo demográfico secular da Galiza. O cadro descrito non parece, sen embargo, que poda contribuir a rebaixar a taxa de desemprego, debido tanto aos incrementos de produtividade en curso, ligados á automatización de procesos, como ao colchón do desemprego feminino, latente no mercado laboral galego. O crecemento imparábel dos gastos sociais (atención sanitaria, pensións, coa posíbel excepción dos de carácter educacional) presionará con forza sobre o gasto orzamentario de carácter corrente no primeiro cuarto do século recén inaugurado. A acentuación da tendencia á concentración demográfica e de actividade no eixo litoral atlántico, coa consecuencia colateral da proliferación de apresurados asentamentos periurbanos, é outra consecuencia previsíbel desta Galiza idosa.

Tal vez se trate de conclusións previsíbeis, de tendencias manifestas; un argumento que en absoluto desmerece o interese do libro que comentamos. Un saber impresionista e superficial non pode substituír en ningún caso á argumentación baseada na análise de datos contrastados e na comparación coa dinámica de sociedades que comparten o mesmo problema. Polo menos a esa minoría, que todos desexamos crecente, que non conforma os seus criterios con apresurados titulares de prensa, tantas veces nesgados por intereses implícitos e prexuízos. •

XAN LÓPEZ FACAL
ECONOMISTA

O TRÁNSITO ROMÁNTICO


ANA MOSQUERA BARCIA

MANUEL LONGARES,
Romanticismo, Madrid,
Alfaguara, 2001, 492 págs.

Imagen de la vida es la novela, y el arte de componerla estriba en reproducir los caracteres humanos, las pasiones, las debilidades, lo grande y lo pequeño, las almas y las fisonomías, todo lo espiritual y lo físico que nos constituye y nos rodea, y el lenguaje, que es la marca de la raza, y las viviendas, que son el signo de familia, la vestidura, que diseña los últimos trazos externos de la personalidad: todo esto sin olvidar que debe existir perfecto fiel de balanza entre la exactitud y la belleza de la reproducción.

(Benito Pérez Galdós, discurso de ingreso na Real Academia Española: “La sociedad presente como materia novelable”, lido en 1897).

Referíndose a esta quinta novela de Manuel Longares, Rafael Azcona falou de “Galdós con gracia”, e realmente non é difícil atopar nela non tanto unha evidente relación co molde realista decimonónico como co maxistral retratista do Madrid da burguesa Jacinta e a “filla do pobo”, Fortunata. Hai en *Romanticismo* unha homenaxe —intertextual— ben graciosa á citada novela galdosiana, cando un dos personaxes centrais, o sindicalista Panizo,



asiste ó funeral dunha cliente, xornalista do *ABC*, e, incómodo nun ambiente burgués, tenta conter como pode a súa emoción:

—Antonio Machado — mascullo Panizo convencido de haber hallado en esta referencia un apoio; y comenzó a recitarlo

entre dentes—: Yo voy soñando caminos de la tarde, las colinas doradas, los verdes pinos, las polorientas encinas.

Y aquellos hijos de Fortunata y Jacinta le rehuían estupefactos cuando Panizo justificaba sus lágrimas en el nombre del poeta que le educó en la ternura. Se pensaba asistido por el espíritu de su padre al recitar los versos y con este emblema de su sensibilidad como plegaria, única que podían rezar sus labios ateos, abandonó la iglesia como si fuera la encarnación del demonio. (páx. 426)

A novela é o reino do interior, da vida privada, e o que fai o autor nesta irónica e asemade lírica visión dos últimos vintecinco anos en España é precisamente iso. Hai en *Romanticismo* unha recreación da linguaxe, dos usos sociais, da roupa, dos accenos, da decoración das casas, das cafeterías, das tendas, dos veraneos á moda, das afeccións... pero todo isto desde a perspectiva do que ha cambiar inevitablemente, dos esforzos, das alegrías e das resistencias ós cambios que comezaron coa transición á democracia e seguiron co cambio convertido en slogan electoral socialista:


¿Quién no se quiso aquella noche? Diez millones de votantes de la España socialista se querían como nadie lo hizo hasta la fecha ni volvería a intentarlo siquiera, estos diez millones de españoles se querían un huevo, se querían más que Calisto y Melibea o los amantes de Teruel, en cualquier circunstancia se atrevían a declararlo sin rubor. (páx.412)

O final de *Romanticismo* coincide coa derrota do socialismo no ano 96, e a novela remata coas palabras do líder socialista que conseguira na trama o primeiro carné no madrileño barrio de Salamanca (o novo afiliado é un antigo compañeiro de colexio que non deu acabado a carreira de Dereito e viviu de rendas toda a súa vida, así que o seu único “compromiso” coa sociedade fora participar nas patrullas de falanxistas que perseguían esquerdistas na noite madrileña):

Tienen la razón del dinero y del poder y nos utilizan para su grandeza. Pero somos también su debilidad y en un momento de romanticismo se pierden. Se pierden por nosotros, por todo lo que no es como ellos. Se trata de un arrebatado, de un capricho, enseguida se dan cuenta de su error y nos olvidan. Pero en ese instante de su vida en que se hacen humanos porque nos buscan, también aspiran a ser sublimes. (páx. 491).

O lector de *Romanticismo* pode seguir perfectamente a xeografía urbana de Madrid, limitada na primeira parte ó barrio de Salamanca, lugar de concentración da riqueza, residencia da burguesía ociosa dos anos setenta, que con ben estruturadas escenas retrospectivas e unha sabia concatenación de personaxes de varias xeracións dunhas cantas familias se proxecta ós anos corenta, cincuenta e sesenta; ese barrio, considerado o “cogollito” polos seus habitantes, ábrese ás chamadas “vaguadas” coa apertura sociopolítica da transición democrática.

O comercio madrileño, ó que tanta atención lle dedicou Galdós



na primeira parte de *Fortunata y Jacinta*, é un elemento básico neste cadro de costumes que, entre outras moitas cousas, é a novela. Nun comercio, concretamente nunha pastelería, ten lugar un episodio clave na trama: o encontro da viúva dun republicano co que fora un dos mellores amigos do seu home, un xuíz depurado. A sabia recreación do difícil momento, con toda a súa significación social e a carga emotiva que leva consigo, parécenos un dos maiores acertos do novelista, que dosifica coidadosamente a información que o lector vai ir recibindo sobre as circunstancias e a relación deses dous personaxes ó longo dos anos. Esa escena, narrada a través da mirada inocente da nena que vai coa nai compra-los pasteis para a sobremesa dun domingo de 1950, complétase coa conversa dos maiores ó longo do xantar dese día, que acaba en violenta disputa cando intervéñ un crego “amigo” da familia, quen termina marchando alporizado tras berrar: “El se condena. Y tú también, por cómplice” (páx. 136). A escena será recordada, revisitada varias veces ó longo da trama desde perspectivas ben diferentes.

Ademais do comercio, outro elemento clave deste cadro de costumes é a relación deses habitantes do “cogollito” (afortunada metáfora que recolle tanto a conciencia de clase como o desprezo ó considerado alleo e a ridiculez lingüística dos que empregan a palabra) cos “de fóra”: a caridade da catequese dos pobres das vaguadas, o ritual da esmola ós pobres habituais apostados nos lugares de costume, como parte do mobiliario urbano, e, sobre todo, a presenza das criadas, pois son os cambios establecidos no servizo doméstico o principal sinal de cambio de costumes e estrutura económica que empezou coa transición. En relación con isto, e como mostra dos aspectos do fenómeno migratorio na sociedade española, traemos aquí a seguinte cita:

Muchas familias del cogollito aplicaban al servicio doméstico la teoría del mal menor y entre ellas su madre, cuando en la mecedora del salón o en los almuerzos del domingo con Máxima dibujaba un gesto de lenidad con los despropósitos de las criadas, como si se resignase de antemano a que aquellas mujeres venidas de la aldea más bronca, roídas por el frío, la miseria y el hambre y sin oficio ni maneras ni a veces idioma y a las que ella enseñaba la cartilla y daba sustento y lecho a cambio de fregar y barrer no siguiesen estrictamente sus dictados o rechazaran sus sugerencias sobre la felicidad, mostrándose ingratas a quien socorría sus necesidades de pan y lumbre pero también ineptas para renegar de su origen y ascender en el escalafón de la especie. (páx. 317)

De acordo coa tradición realista, Longares non amosa os feitos externos do período histórico reflectido, senón que se centra no que se deu en chamar, con acerto, a intrahistoria: non aparece Adolfo Suárez nin Tejero nin Felipe González nin o referendo sobre a reforma política, nin ETA... aínda que si vemos unha socialista e sindicalista facer ás carreiras un abondoso guiso de legumes para lles deixar ós seus nenos e mete-lo imprescindible nunha bolsa, ó escoita-lo ocorrido no congreso o 23-F; hai un atentado no barrio no que morre o porteiro do edificio (a “casa ducal”) onde viven os principais personaxes, e iso da pé a unha substancial intervención de dous personaxes en relación á “patria”; un programa radiofónico nocturno sobre relacións persoais vese substituído por outro chamado “*La jota de las corrupciones*, un flagelo de los desfalcos y latrocinios socialistas que sacudiría la conciencia de los oyentes en hora punta de la medianoche” (páx. 480).

A novela, que principia describindo o efecto que produce en varios personaxes do barrio de Salamanca a noticia do agravamento da enfermidade de Franco en novembro de 1975, estrutúrase en tres partes. A primeira delas céntrase nos usos e costumes desa burguesía desocupada que ocupa o barrio e no seu temor ante as consecuencias que podería ter a morte de quen o narrador chama “aqueles agonías”. Nesta primeira parte, sacando varias mencións á cuñada dun dos personaxes principais, un representante da ultradereita —sempre identificada como “Moncha Gabarrón, la cuñada roja de Javo Chicheri”— e a presenza inicial na

trama dese xuíz depurado do que antes falamos, calquera disidencia da doutrina oficial queda reducida ó ámbito dos “rojos”, que, coma na realidade, non teñen voz na novela. Transcorridas duascenas páxinas, e xa na segunda parte, titulada significativamente “Desajustes”, adquiren protagonismo crecente moitos deses personaxes antes a penas esbozados, e comparten presenza e diálogo cos que ata ese momento coñecía o lector. Temos que falar aquí de novo da transcendencia dos cambios no servizo doméstico, que é, como antes sinalamos, o recurso principal do narrador para presentalas mudanzas experimentadas coa transición democrática: a vella criada da casa dos Arce será substituída por unha nova empregada doméstica, amante dun socialista que será o protagonista indiscutible das dúas últimas partes da novela. Este asunto é utilizado polo narrador para amosar, por unha banda, o comportamento do dono da casa, que manda calcular ó seu administrador o que debe pagarlle á muller, que leva toda a vida traballando para el, no momento da súa marcha; este, que ademais de administrador de moitos rendeiros do barrio é tamén sindicalista, informa das irregularidades cometidas coa traballadora, que por non estar en nómina non ten dereito a pensión de xubilación, e matiza que debe dárselle unha abondosa indemnización, como lle corresponde por lei. O episodio péchase coas palabras de Arce:

Nada de dinero entonces —Arce alejó el talonario y la estilográfica—, tendremos un detalle con ella. Algo clásico de Loewe, por ejemplo un portarretrato con las

fotos de mi suegra, mi mujer y mi hija. (páx. 218)

Por outra banda, o momento da recollida da muller pola súa sobriña, unha emigrante retornada de Alemaña, casada cun comunista, que trala morte de Franco e a chegada da democracia regresa a España para establecerse na súa vila, é aproveitado polo narrador para facer un saboroso parangón de historia e intrahistoria:

Apremiada por Pía, la sobrina de Tordesillas adelantó la fecha de recoger a Domi y se personó con su marido a media mañana de un sábado en el descansillo dieciochesco. Wences no se atrevió a mandarlos por la otra escalera, con lo que cruzó por primera vez la puerta principal de los Arce un miembro del Partido Comunista de España. A la manera de los jóvenes Reyes con sus audiencias, los Arce salieron del despacho y saludaron a los parientes de Domi junto al retrato de Hortensia como si se conocieran de toda la vida aunque nadie los hubiera presentado. (páx. 227)

Como sucede sempre nas boas novelas, *Romanticismo* é moito máis do que ata aquí esbozamos e do que poderíamos dicir en varios parágrafos máis. Tamén hai en *Romanticismo* unha novela de saga, posto que narra a historia de tres mulleres dunha mesma familia: avoa, nai e neta. Estas tres personaxes non son unicamente o soporte para narra-la

historia social de máis de cincuenta anos de vida española, senón tres caracteres perfectamente trazados que, xunto a sindicalista e “escritora de inéditos” Marta Pombo, sosteñen a “intriga”, esa evolución dos personaxes principais —moito máis interesante nos femininos ca nos masculinos— que fai que o tempo lento, sostido e descritivo da primeira parte deixe paso nas dúas últimas a un ritmo máis trepidante.

Hai así mesmo un interesante xogo de voces narrativas e un uso irónico das “fontes”, que remite ó papel dos medios de comunicación no período narrado. En moitas ocasións o narrador toma a súa información do que Caty Labaig, cronista de sociedade do *ABC*, publica no “xornal da grapa”, comenta cos coñecidos ou escribe no seu diario. Cando esta muller morre a consecuencia dun cancro, a exclusiva do seu falecemento irá parar a un programa de radio “patrocinado por los ciegos” porque “A Caty Labaig siempre le pareció la radio una distracción de pobres pero ahora le ilusionaba divulgar su diario por las ondas a la manera de los seriales de posguerra, porque gozaría de más audiencia que en su selecta prensa escrita” (páx. 380). Ese diario, que chega ás mans do sindicalista Panizo, é considerado por este como o material ideal para ser aproveitado pola súa muller “escritora de inéditos”, ó se tratar dun “texto que daba materia para muchos libros como los que él la animaba a escribir” (páx. 382).

En *Romanticismo* hai outrosí un achegamento, ó tempo irónico e tenro, ás tensións no seo da esquerda: o enfrontamento do militante de base da UXT con certos membros do PSOE, o desacordo



AEG. Consello da Cultura Galega. 1902

entre socialistas e comunistas, a discusión sobre o adxectivo “obreiro” do PSOE...; hai unha ben dosificada presenza de personaxes “históricos”, se ben non políticos, e procedentes case todos do mundo das letras, mencionados por diversos personaxes ou polo narrador: Lorca, Ortega, Juan Ramón, Concha Espina, J. L. Aranguren, J. L. Sampedro...

Trátase, en fin, dunha novela ben construída, con indubidable gracia, moito enxeño, unha lingua rica, chea de rexistros, capaz de capta-los xiros, os modismos que definen a cada xeración e cunha extraordinaria capacidade para atopar nomes para os personaxes (Chitina, Sisita, Fela, Javo, Gisela... na burguesía, Napoleón e Venus, fillos de sindicalistas, Wences, a criada que casa co sancristán Mamerto Bustinzapedorras...). É, en definitiva, unha mirada irónica, distante pero tenra e compasiva, non exenta de crítica, a eses vinte-cinco últimos anos de vida en España. É, sobre todo, unha visión amarga, que se deixa algunha esperanza é unicamente a dese romanticismo que pareceu agromar en moitos sectores sociais en certos momentos e do que aínda podería quedar algo. *

ANA MOSQUERA BARCIA

PROFESORA DE SECUNDARIA

CONVOCATORIAS

A Associació Recerques, conxuntamente co Departamento de Historia da Universidade de Lleida, convoca o seu segundo congreso baixo o lema *Enfrontaments civils: postguerras i reconstruccions*. Cunha visión deliberadamente xeral, está pensado para que os investigadores poidan abordar, desde ópticas e perspectivas diferentes, temas en diversas áreas da historia hispánica e establece-las oportunas comparacións coa historia doutros países europeos.

Os organizadores conciben o congreso como un intento de abrir unha reflexión global sobre cuestións que marcaron a nosa traxectoria colectiva e sobre a importancia que tiveron na nosa historia as posguerras civís: desde a guerra civil do século XV e, sobre todo, desde a Guerra de Sucesión ata a Guerra Civil de 1936, cos correspondentes períodos de represión, exilio e

resistencia, pero tamén de acomodación e reconstrucción.

O Congreso organizase en cinco sesións dedicadas a:

I. *Guerres baixmedievales*.

Coordinadores: Joan J. Busqueta (UdL) e Antoni Riera (UB).

II. *Guerra dels Segadors i Guerra de Successió*.

Coordinadores: Joaquim Albareda (UPF) e Eva Serra (UB).

III. *Guerra Gran i Guerra do Francès*.


Coordinadores: Lluís Roura (UAB) e Antoni Moliner (UAB).

IV. *Guerres civils del segle XIX*.

Coordinadores: Irene Castells (UAB) e Jesús Millan (UV).

V. *Guerra Civil de 1936 e franquisme*.

Coordinadores: Conxita Mir (UdL), David Ginard (UIB) e Jordi Catalán (UB)



O Congreso celebrarase do 10 ó 12 de abril de 2002 e os interesados poden inscribirse en:

Secretaría do Departamento de Historia

**Facultade de Letras
Universidade de Lleida
Pr. Víctor Siurana, 1, 25003
Lleida**

Teléfono: 973 702 191

Fax: 973 702 141

**Correo electrónico:
congresrecerques@historia.udl.es**

CONGRESO: ELS CAMPS DE CONCENTRACIÓ I EL MON PENITENCIARI A ESPANYA DURANT LA GUERRA CIVIL I EL FRANQUISME

O Museu d'Història de Catalunya e o Grup de Recerca sobre l'Època Franquista (GREF), do Departamento de Historia Moderna e Contemporánea da Universidade Autònoma de Barcelona, organizan un congreso sobre os campos de concentración e o mundo penitenciario durante a Guerra Civil e o franquismo.

O Congreso estrutúrase en catro seccións:

1. *Els camps de concentra-*

ció europeus. Models comparatius.

2. *Els camps de concentració durant la Guerra Civil i el franquisme.*

3. *Les presons franquistes.*

4. *Fonts documentals. Recopilació de documents.*

O congreso terá lugar en Barcelona do 21 ó 23 de outubro de 2002. Os interesados en presentar comunicacións poden realiza-la súa inscrición ata o 30 de abril de 2002. As comunicacións deberán enviarse antes do



30 de xuño e terán una extensión máxima de 60.000 caracteres, notas incluídas. Para recibir máis información ou inscribir unha comunicación pódese solicitar a:

**GREF
Universitat Autònoma de Barcelona
Departament d'Història Moderna i Contemporània
Edifici B
08193 Cerdanyola del Vallès**

A GUDIÑA NA II REPÚBLICA E NA GUERRA CIVIL

COMENTARIO SOBRE UNHA CONFERENCIA

DAVID SIMÓN LORDA¹

A fins de xullo de 2001, tivo lugar na Gudiña (Ourense) unha mesa de debate que versou sobre “Acontecementos políticos e sindicais da comarca nas primeiras décadas do século XX”. Interviñeron como relatores —todos eles ligados á bisbarra de Monterrei por motivos familiares ou profesionais— Dionisio Pereira (economista e historiador especializado no movemento obreiro en Galicia), Xerardo Dasairas (profesor e autor de libros de historia e etnografía da comarca de Monterrei) e Xosé Lois Santiago (xornalista e documentalista). O acto, organizado pola agrupación local do BNG, serviu pola súa vez de sinxela homenaxe a varios persoeiros da comarca que tiveron relevancia política na II República e que sufriron importantes represalías na Guerra Civil e na posguerra.

A Gudiña foi un dos últimos concellos galegos en caer baixo a dominación militar rebelde e as partidas falanxistas. Felicísimo Pérez Ortega, alcalde e líder da Fronte Popular, xunto dalgúns carabineiros, e mailos “carrilanos” do ferrocarril (con importante militancia comunista, na CNT e na UGT) conseguiron retardar por uns días o triunfo do golpe de estado de 1936 na zona das Frieiras. Pouco despois, iniciouse unha represión da que aínda hoxe en día empezamos a coñecer detalles gracias a este tipo de actos e ó labor dos investigadores.



AEG. Consello da Cultura Galega. 1928.



AEG. Consello da Cultura Galega. 1925.

Aínda que se lembraron, entre outras, persoas como Felicísimo Pérez (o alcalde xa mencionado e que se exiliou á Arxentina), Anuncia Casado (militante comunista asasinada) ou Cándido *Malvisco* (socialista “fuxido” e logo exiliado

en Francia), faltou no coloquio unha referencia expresa a Baltasar Vázquez, mestre que se xubilou e morreu na Gudiña hai uns poucos anos e de quen descoñecemos na comarca o seu pasado político. Natural dunha aldea de Maceda, chega á Gudiña nos sesenta, tras moitos anos de desterro e depuración. Este personaxe foi un dos máis importantes membros nos anos da II República das revistas ourensás *ATEO* e *Escuela del Trabajo* (os seus editores e colaboradores foron especialmente castigados nos días da Guerra Civil). O expediente de depuración de Baltasar Vázquez figura nos paneis que sobre “A Educación na II República” elaborou a Fundación 10 de Marzo.

As case dúas horas de conferencia e coloquio completáronse cun documental de Xosé Lois Santiago sobre os sucesos do asedio e masacre de Cambedo (Portugal), aldea raiana refuxio de guerrilleiros antifranquistas galegos. O bombardeo de Cambedo, en decembro de 1946, levárono a cabo forzas coligadas da Falanxe de Verín, a Garda Civil, a Garda Nacional Republicana mailo exército portugués. *

DAVID SIMÓN LORDA
PSIQUIATRA

¹ Un comentario máis amplo foi publicado en “Santoral laico das Frieiras”, *Faro de Vigo*, 18 de agosto de 2001

O MUNDO NA REDE DESPOIS DO 11-S

EDUARDO BRAGADO

O 11 de setembro, moitos profesores de Ciencias Sociais descubrimos de súpeto a importancia da nosa limitada bagaxe nos temas do Islam. Malia que o mundo islámico forma parte do currículo da ESO e do bacharelato e que nas introducións dos currículos se insiste na necesidade de evita-los excesos occidentalistas, os contidos doutras tradicións culturais, que non sexa a xudeo-cristiá, tenden a ser desvalorizados na realidade.

Ante esta situación e pola proximidade dos feitos, ó inicio do curso académico os docentes de Ciencias Sociais fixemos provisión de información dos atentados terroristas en Washington e Nova York o 11 de setembro de 2001. Como outros moitos cidadáns, procuramos informarnos das causas e posibles consecuencias desta acción terrorista internacional que a todos comoveu.

O ocorrido o 11 de setembro, se ben tivo precedentes a menor escala no último tercio do século XX, semella abrir unha nova época nas relacións internacionais pola súa magnitude e polos obxectivos. A cidadanía escolar non amosou un grande interese por un acontecemento histórico que sintetiza na súa brutal forma de violencia algúns dos

paradoxos da modernidade. Como suxire Enric Ucelay-Da Cal no seu artigo *Prefiguraciones del Siglo XXI* na inauguración da revista *Clio*: “los terroristas también van al cine... Por muy islámicos y fundamentalistas que se proclamen, los sueños y las pesadillas de la modernidad los afectan tanto como a sus víctimas, puede que más”.



Dende setembro deste ano, libros como *Los Taliban* de A. Rashid (Península, 2001), *La Yihad* de Gilles Kepel (Península, 2001) ou as teses expresadas por Samuel P. Huntington en *El Choque de civilizaciones y la reconfiguración del orden mundial* (Paidós, 1996) non só pasaron a ocupa-los primeiros lugares das listaxes de libros de non ficción máis vendidos, senón que tamén se converteron en temas de



Equipo ciclista do Club Federico García Lorca de Bruxelas (Bélxica), 1984. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

Manifestación 1 de Maio en Frankfurt (Alemaña), 1965. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

discusión nos distintos foros cidadáns, dende os máis formais ata os máis cotiáns.

Neste outono, cando tódalas partes coinciden no diagnóstico dun conflito de longo percorrido no tempo, reavívase o interese pola historia. A opinión pública mira para o lado de historiadores, sociólogos, economistas e politólogos para sonda-lo seu punto de vista. Principiámo-lo curso cun inusitado interese pola nosa disciplina.

A Internet non escapou á febre por describir, explicar e discutir pero ¿poderá a rede axudarnos a saír do paso neste curso que andamos? En *Dez-eme* seguimos sendo optimistas sobre as posibilidades da rede, neste caso para levar á aula de sociais información básica sobre un mundo islámico pouco coñecido.

Internet non ofrece mellor información cá que podemos recompilar en calquera ben coidado dossier de prensa, mais na aula de informática podemos configurar unha carpeta de favoritos sobre os artigos periodísticos de opinión que máis nos vaian interesando verbo deste tema. É dicir, ter outro tipo de dossier todo o amplo e diverso que queiramos, accesible e fácil de manexar e de pór ó día.

Os debates que se están reavivando dende o 11-S, o terrorismo internacional, o mundo islámico, a relación entre as distintas civilizacións, etc., demandan primeiras impresións, información e tamén opinión porque na incerteza creada polo 11-S tendemos a interpelar

case sen distinción o pasado e o futuro. Como afirma o sociólogo Ulrich Beck nun artigo publicado en *El País* o 19 de outubro do 2001, “El mundo después del 11-S. Libertad, seguridad y supervivencia”, moitos dos problemas que condensa o 11-S abordábalos ata o de agora como *conceptos zombi*, magnitudes e parámetros que por costume parecían poder explica-los distintos conflitos internacionais, pero que de súpeto descubrimos como febles e ineficaces para desentraña-la configuración do mundo que parece anunciar o 11-S.



Dalgunha maneira, o 11-S tamén abriu un novo xeito de acomete-la información do mundo actual nas aulas de Ciencias Sociais. É o primeiro gran conflito internacional do que os compoñentes do Departamento de Ciencias Sociais de calquera instituto podemos recompilar, gracias ás vanta-

Nesta páxina:

Arriba: Celebracións de voda no Club Federico García Lorca. Bruxelas, anos sesenta. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

Abaixo: Emigrantes españois en Eygelshoven (Holanda), 1965. (Fundación 1º de Mayo. CDEE. Fondo Antonio Ibáñez)

Na páxina seguinte:

Abaixo: Spanish Australian Club Canberra, 1998. (Fundación 1º de Mayo. CDEE)

xes da sociedade da información, gran cantidade de datos e opinións; e iso con moito menos esforzo do que requiriría unha situación semellante hai dez anos. Hoxe a cuestión é resolver en aprendizaxe significativa un grandioso caudal de información de moi diverso tipo e en moi distintos formatos.

Analiza-lo 11-S supón tamén abri-los nosos atlas por páxinas pouco habituais. Velaquí a oportunidade que esperabamos para podermos ensinar ónde están o Próximo Oriente e o Oriente Medio. Agora os nosos alumnos e alumnas comprobarán que en roda de Afganistán existen Estados como Turkmenistán, Uzbekistán, Taxisquistán, Kazaxistán, etc.; poida que ata atopemos nos nosos alumnos interese pola súa evolución histórica recente: a desintegración da URSS, o fracaso soviético en Afganistán, a función deste país como *Estado colchón* no proceso do imperialismo colonial, etcétera.

En aboutgeography.com podemos atopar datos xeográficos de todos estes Estados e tirar mapas rexionais; nas páxinas da ONU atopámo-los indicadores socioeconómicos fundamentais. No sitio de “about geography” é moi recomendable visitar unha páxina na que se presenta, nunha sucesión de mapas a escala mundial, a evolución dos réximes políticos desde 1920 ata 1977. Pode ser discutible a catalogación que fan os editores de “about geography” pero abonda para que os nosos alumnos poidan comprobar con facilidade a permanencia das monarquías absolutas ou das ditaduras militares no Oriente Medio.

Cando o alumnado posúa os datos básicos sobre este conflito, poderíamos aproveita-la súa maior

motivación inicial e considera-la importancia da súa opinión. Moitos deles comezaron o curso con xuízos configurados ás veces tan ás prásas como os nosos. O futuro parece importar agora máis ca nunca, nese ambiente de ansiedade por anticipa-lo que describe Daniel Innerarity en “El futuro ya no es lo que era” (*Claves de la Razón Práctica*, 116, outubro 2001). A ese tipo de ansiedade tampouco escapan os nosos alumnos e alumnas. Por certo, cun título practicamente igual ó mencionado, Felipe González e Juan Luis Cebrián acometen unha temática moito máis ampla sobre a actualidade española e mundial. No libro destes dous celebres autores, titulado “*El futuro no es lo que era*”. *Una conversación* (Aguilar, 2001), ambos tamén tiveron que crear opinión sobre este tema en moi poucos días. Posiblemente a primeira opinión sobre o 11-S formouse a partir dos espazos estrela da televisión. Nas últimas semanas os locutores dos telexornais comparten mesa con militares que pasaban sen solución de conti-



nidade de explica-la efectividade da bombas de acio a opinar sobre o grao de representatividade de Bin Laden con respecto á cuestión palestina.

Foron as opinións da sociedade da información-espectáculo, xunto coas aínda menos académicas e formais que pululaban polos foros, parolas e xogos en rede dos ciber, as que crearon a armazón básica das visións do ocorrido o 11-S.



Nas aulas de historia, e coa axuda dos informes de prensa que puidemos extraer dos xornais ou de Internet, podemos introducirnos cos nosos alumnos nun ámbito algo máis serio da opinión sobre o conflito. Moitos dos artigos de fondo destes últimos meses abriron interrogantes sobre as causas e consecuencias do ocorrido o 11-S, que logo podemos aproveitar dende o punto de vista do historiador para tratar temas máis amplos.

Os distintos medios sacaron “especiais 11-S” nas semanas seguintes ós feitos. Un dos máis difundidos foi o de *El País*, mellor o da edición electrónica có do formato revista. Neste apartado de *Dez-eme* optamos por comentar cinco artigos do mencionado xornal; todos asinados por prestixiosos profesionais do xornalismo ou das Ciencias Sociais: Carlos Mendo, M. Ángel Bastenier, Gema Martín Muñoz, Javier Valenzuela e o xa mencionado Ulrich Beck.

Os dous primeiros son xornalistas, encargados no pasado da sección de “Internacional” de *El País*.

Carlos Mendo e Miguel Ángel Bastenier defenden ópticas diferentes: o primeiro dende unha posición de liberal conservador abertamente pro americano e euroescéptico; o segundo cunha unha visión máis próxima á socialdemocracia, máis europeísta e pro palestino. Ambos representan o abano no que se move a opinión periodística sobre este tema pero coinciden na centralidade de resolución da cuestión palestina para saír airoosamente do panorama aberto o 11-S.

Carlos Mendo, no seu artigo “El Quinto jinete” —en referencia á obra de Frederick Forsyth—, comeza coa coñecida frase “La realidad ha superado la ficción”. Carlos Mendo, erudito coñecedor da historia política dos Estados Unidos de América, lémbra-nos que xa en 1814 os ingleses queimaron a Casa Branca e logo afirma que o atentado contra as Torres Xemelgas e o Pentágono foi un ataque ós símbolos do mercado mundial e do complexo militar-industrial americano. Despois de facer unha salva ó patriotismo dos estadounidenses, conclúe que estes sucesos van pospoñer-lo proxecto do escudo anti-mísiles de Bush e que reforzarán ante a opinión pública americana a política de inflexibilidade de Ariel Sharon.



A opinión de Carlos Mendo tende a alertar ante un escenario xeoestratéxico inestable. En xeral, as opinións máis conservadoras sobre este asunto acostuman se-las máis alarmistas, defenden abertamente a resolución bélica do conflito e, paradoxalmente, nalgúns casos fanse eco da *teoría da conspiración* que despois deste conflito cobrou novos folgos.

Miguel Ángel Bastenier —o contrapunto de Carlos Mendo no grupo PRISA— destaca no seu artigo “Hacia una nueva bipolaridad”, que os atentados, ademais da convulsión que provocaron nos medios de comunicación, forzan unha viraxe da Administración norteamericana con respecto ó conflito palestino-israelí. Segundo este analista, no inicio do seu mandato G. W. Bush pretendeu esquivar-lo seu protagonismo no conflito do Oriente Próximo esquecendo os intentos de mediación da Administración de Clinton e recuperando as vellas tendencias isolacionistas ás que son máis proclives os republicanos estadounidenses.

Os atentados promovidos polos terroristas islamistas radicais removeron profundamente as bases da política exterior estadounidense. A inexistencia de contrapunto ó poder dos Estados Unidos, despois da caída do muro de Berlín, e o derrubamento do bloque socialista parecían configurar unha Nova Orde Mundial unipolar e de definitiva hexemonía do mundo occidental, a *Fin da Historia* proclamada por F. Fukuyama.

O terrorismo integrista arróxase agora a condición de primeiro opoñente fronte ós Estados Unidos, reabrindo os tempos dunha *nova bipolaridade* que obriga a Administración estadounidense a desenvolver

unha política exterior comprometida no Próximo Oriente. Así, o islamismo radical terrorista, aínda que sexa de maneira interesada, presenta o conflito árabe-israelí ante a opinión pública mundial como o nó gordiano das relacións entre a civilización occidental liderada polos Estados Unidos e a civilización islámica representada polo seu sector radical: o integrismo islamista. Deste xeito, os sucesos ocorridos o 11-S pretenden se-lo inicio da *Guerra Civilizacional* profetizada por Samuel P. Huntington, entre o Occidente xudeo-cristián e a civilización islámica.



Na mesma edición electrónica do xornal *El País*, Gema Martín Muñoz, profesora da Universidade Autónoma de Madrid, especialista no mundo islámico, publica un artigo titulado "Las múltiples caras del mundo musulmán". Este é o escrito de maior utilidade para traballar na aula xa que confronta a realidade do mundo islámico con algúns dos tópi-

Arriba: AEG. Consello da Cultura Galega. A Habana, 1928.

Á dereita: AEG. Consello da Cultura Galega. 1911.

cos e simplificacións máis comúns. A autora expresa un lúcido coñecemento da multiplicidade do mundo islámico. Trala lectura deste artigo semella imprescindible aclararlles ós nosos alumnos o significado de conceptos tan estendidos como Islam, árabe, sunnita, xiíta, ramadán, Corán, *sunna*, fundamentalismo relixioso ou integrismo, pero tamén doutros menos divulgados como *sahria*, *ulema*, *mulá*, arabismo, islamismo, wahabismo ou deobandismo.

Gema Martín Muñoz recórdanos que a civilización islámica, que reúne máis de mil douscentos millóns de persoas, caracterízase no momento actual pola súa heteroxeneidade sobre todo nun contexto histórico tan dinámico como o que abren os acontecementos de setembro de 2001. Despois da descolonización fracasaron as vías históricas de síntese entre as categorías socioculturais propias do mundo islámico e as da tradición occidental. Ese fracaso e os procesos de modernización socioeconómica seguintes son causas do actual auxe do islamismo radical.

Estas contradicións, considera a autora, resultan especialmente sensibles nos países que polo seu peso económico ou demográfico son actores principais no deseño do futuro no mundo islámico. Arabia Saudita e os pequenos Estados petrolíferos do Golfo Pérsico, Indonesia e Paquistán viven con especial crueza o fracaso desta síntese que se plasma na actualidade no incremento da conflictividade social e relixiosa, e nas cada vez máis difíciles relacións destas potencias rexionais do mundo islámico coas grandes potencias mundiais.

Sen dúbida, para a autora a clave da resolución a medio prazo do conflito reside neste feble xogo

de equilibrios nas relacións internacionais entre os países da recentemente creada coalición multinacional liderada polos Estados Unidos e os grandes do mundo islámico: Arabia Saudita, Paquistán, Irán ou Siria. Nesta resolución xorde de novo a necesidade da creación do Estado palestino como chave obrigada para,

Galicia y Río de la Plata

COMPAÑÍA DE SEGUROS CONTRA INCENDIOS

<p>Capital suscrito: \$ 1.000.000 m. legal</p> <hr/> <p>AVENIDA DE MAYO, 962</p> <p>BUENOS AIRES</p> <p><small>Comp. Telefónica, 2386, Central Un. Telefónica, 3443, Libertad</small></p>	<p style="text-align: center;">DIRECTORIO</p> <p style="text-align: center;"><small>Presidente</small> MANUEL CASAL</p> <p style="text-align: center;"><small>Vicepresidentes</small> ANTONIO PORTO JOSE M. ALVAREZ</p> <p style="text-align: center;"><small>Secretario</small> FRANCISCO GARCIA OLANO</p> <p style="text-align: center;"><small>Udeler</small> CARLOS MENDY MANUEL NAVERO RAFAEL REYES VALENTIN RUA LORENZO ANTONI CASANEGRA</p> <p style="text-align: center;"><small>Gerente</small> QUINTIN GARCIA</p> <p style="text-align: center;"><small>Contable</small> E. PAZ HERMO</p>
---	--

cando menos, diminuí-lo calado das contradicións entre o mundo occidental e o mundo islámico.

Gema Martín Muñoz coincide, polo tanto, cos analistas anteriormente citados, na necesidade de forzar que o Goberno israelí remate coa súa política de firmeza e inflexibilidade ante a xusta reivindicación do pobo palestino para evitar que continúe o proceso de decantación cara a posicións cada vez máis radicais.

Pola súa banda, Javier Valenzuela, outro xornalista especializado nas relacións internacionais na zona do conflito, resume ben as medidas desexables para evita-la extensión do "cáncer integrista". Afirmar este xornalista que precisaríamos solucionar, cando menos, catro importantes escollos. En primeiro lugar, atopar unha solución a curto prazo ó problema palestino-israelí, que

debería pasar pola defensa occidental da creación do Estado palestino en condicións de seguridade.

En segundo lugar, cumpriría por fin ó embargo económico contra Iraq, unha ferida aberta no corazón do mundo islámico que simboliza a situación de profunda miseria na que viven as masas en amplas áreas



do mundo islámico. Indonesia e os países do Magreb pódense converter en verdadeiras polvoreiras integristas se non se atopan vías para o seu progreso socioeconómico ou se non se alivia a presión do seu crecemento demográfico con políticas migratorias menos rixidas.

En terceiro lugar, Valenzuela considera que Occidente debería reformularse o seu apoio ós réximes despóticos e corruptos co pretexto de evita-la inmediatez da conflictividade social e relixiosa provocada pola miseria.

Por último, Javier Valenzuela coincide con Gema Martín Muñoz no papel clave de Arabia Saudita,

Arriba: AEG. Consello da Cultura Galega. México, 1925.

Á dereita: AEG. Consello da Cultura Galega. 1909.

que comparte a súa condición de socio do mundo occidental liderado polos Estados Unidos coa promoción económica e o amparo intelectual do islamismo radical. Na encrucillada da civilización islámica, as decisións das elites políticas, culturais e teolóxicas deste Estado musulmán co seu particular integristismo wahabita son unha peza clave na evolución futura do mundo.

A capacidade de conciliar tradición e modernidade en Arabia Saudita, Exipto, Líbano, Paquistán e Indonesia, entre outros, pode inclinar cara a un lado ou outro o fráxil equilibrio da Nova Orde Mundial.

Nesas prefiguracións do futuro das que falaba Enric Ucelay-Da Cal, o guión occidental inventado por Fukuyama, a *Fin da Historia*, semella rapidamente caducado pola propia historia. A proposta do *establishment* político e académico conservador estadounidense, representada na obra *El choque de civilizaciones y la reconfiguración del orden mundial* de Samuel P. Huntington, preséntase como un novo guión máis alarmista. Segundo declaracións deste teórico do futuro, despois do 11-S, estes tráxicos acontecementos non teñen por que se-lo inicio inmediato do conflito, que el mesmo vaticina, entre Occidente e diversos Estados “islámico-confucianos”. Para que isto non ocorra, coincide coa receita da Administración de Bush: os países líderes do mundo islámico deben colaborar coa coalición multinacional. Se esta coalición non atopa o apoio do mundo islámico moderado, podería abrirse unha grave fractura xeopolítica mundial, conclúe Huntington. O peor dos escenarios posibles, pero unha das prefiguracións xa proposta polos guionistas de Hollywood.

A los españoles residentes en América
 Recomendamos á los mismos la lectura de la circular de “La Previsión Andaluza” referente al seguro de quintas que se adjunta con este número.

Mentres chegan ou non chegan os peores tempos, os efectos do 11-S xa se deixan notar no mundo occidental. Como conclúe Ulrich Beck, a banalización do mal, a cesión das liberdades da sociedade civil a cambio da maior seguridade ofrecida polos gobernos, a acentuación da recesión económica mundial e a crise de confianza no modelo neoliberal triunfante a fins do século XX son as primeiras consecuencias da caída das Torres Xemelgas.

Na rede, o futuro pinta menos libre, máis controlado, o *carnívoro* instálase na grande arañeira, a estrela das grandes propostas tecnolóxicas de fins do século XX. Na realidade estamos nunha guerra de difícil prognóstico, convivimos co *ardor guerreiro* dos nosos gobernantes domésticos e coa incapacidade de xera-la cacarexada política exterior da Unión Europea.

Afirma Ahmed Rashid, a autoridade mediática no tema dos talibáns, que a principios de novembro, esperando a chegada do ramadán, a guerra está en *punto morto* porque os estadounidenses non saben moi ben de qué *Señores da Guerra* fiarse para acabar cos talibáns ou con Al Qaeda ou con Osama ben Laden. A morfoloxía de Afganistán semella algo máis complicada que determina-lo plural da palabra ‘talibán’.

EDUARDO BRAGADO
 PROFESOR DE SECUNDARIA
 eduardovigo@wanadoo.es

PÁXINAS EN INTERNET SOBRE MIGRACIONES

ELADIO ANXO FERNÁNDEZ MANSO

Entre os moitos enderezos que podemos atopar na rede sobre un fenómeno de tanta relevancia como as migracións, preténdese nestas liñas indicar e comentar algunhas páxinas seleccionadas que poidan ser útiles para unha mellor información sobre a inmigración en España, os refuxiados e a emigración galega. A selección fíxose primando a súa virtualidade educativa. Buscouse unha información clara e ordenada, con achega de material documental, datos ou actividades que poidan ser levadas á aula que contribúan a desmonta-los estereotipos asumidos pola opinión pública.

www.eurosur.org/c22-migr. Excelente páxina da rede de ONG que ten como finalidade proporcionar “información e comunicación ó servizo do Terceiro Mundo”, ademais de contar cunha Guía do Mundo, feita desde o Sur, imprescindible para tódolos que pretendan fuxir da visión única occidental; ofrece tamén enlaces de grande interese relacionados coas migracións.

O *Centro de Investigaciones, Promoción y Cooperación Internacional* (CIPIE) conta cun Observatorio Permanente da Inmigración no que se fai unha selección, e valoración nalgúns casos, das noticias sobre o tema aparecidas nos distintos medios de comunicación españois.

A campaña *Somos diferentes / Somos Iguais*, do ano 1995, tamén está presente aquí. No seu obxectivo de loitar contra o racismo e a intolerancia, publicou unha serie de mate-

riais didácticos (recursos documentais, vídeo...) que, por desgracia, aínda cómpre utilizar hoxe.

A *Asociación de Mujeres Dominicanas en España* (AMDE) ofrece: unha *Guía Socio-Laboral para Trabajadoras dominicanas en*



Arriba: AEG. Consello da Cultura Galega. Gondomar. Escolas Val Miñor. Imprenta. 1921. Abaixo: AEG. Consello da Cultura Galega. 1910.

Madrid; tres entrevistas con mulleres dominicanas en Madrid; a posibilidade de denunciar situacións racistas ou sexistas; e un folleto de expresivo título: “*Hay muchas maneras de abusar de una mujer... inmigrante... unas son claras y visi-*

bles. Otras son más oscuras e invisibles”.

A *Guía de Recursos para Refugiados/as en España* informa dos enderezos das ONG, institucións públicas e sindicatos que poden axudar a resolve-los problemas deste colectivo.

O *Observatorio sobre Racismo e Intolerancia* inclúe as opinións e experiencias dos inmigrantes en España, cun formulario para denunciar situacións racistas.

www.mtas.es/migraciones. O *Anuario de Migraciones*, elaborado pola Secretaría General de Asuntos Sociales do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, recolle abundante información, tanto do movemento migratorio español, como da inmigración en España.

www.eacnur.org/refugiados. Páxina de ACNUR en España que contén: estadísticas; preguntas e respostas sobre os refuxiados; lexislación española sobre o tema; información sobre os desprazados interiores; e material educativo que se solicita a través desta páxina. Este material gratuito vai dirixido a rapaces de 9-18 anos e ós profesores, e inclúe soporte gráfico e audiovisual.

www.elpais.es/temas/inmigracion. A versión dixital do diario *El País* ofrece un completo estudio da inmigración en España dividido nos seguintes apartados: “Información” (evolución, datos estadísticos, causas e consecuencias); “Hemeroteca” (novas e opinións); “Multimedia” (galería multimedia, galería

de imaxes); “Especiais” (A reforma da Lei de estranxeiría); “Participación” (cartas e enquisa); e “Documentación” (textos de referencia e enlaces de interese). A súa consulta facilita moito a busca de información e de material documental.

<http://mipagina.euskaltel.es>.

Materiais curriculares de ensino primario e secundario, libros e cadernos, de indubidable interese, pódense solicitar a través desta páxina do *Movimiento contra la Intolerancia*, a un prezo accesible. O material curricular destínase ás áreas de Inglés, Coñecemento do Medio, Lingua Castelá e Literatura, Ética e Ciencias Sociais.

www.acoge.org. A *Federación de Asociaciones Pro-Inmigrantes Extranjeros de Andalucía*, ademais nos de informar da problemática inmigratoria e das súas actividades, pon ó noso dispor unha serie de publicacións gratúitas ou cun prezo moi razoable. Todas elas teñen un sinalado interese educativo e formativo, nomeadamente os tres volumes de *Educación Intercultural en la Escuela*, con actividades para primaria e secundaria e *Formación de Mediadores Socioculturales*.

www.fuhem.es/CIP/EDUCA/intercul/acsur1. A *Fundación Hogar del Empleado (FUHEM)*, no seu apartado de Educación, inclúe o material didáctico elaborado pola



Nesta páxina: AEG. Consello da Cultura Galega. Excursión de galegos a Long Island. Nova York, 1920.

Asociación para la Cooperación con el Sur (ACSUR), con actividades diversas e suxestivas que teñen como obxectivo procurar no alumnado unha maior sensibilización e coñecemento dos problemas do Terceiro Mundo e, en concreto, da inmigración. Estas actividades describíense con detalle na páxina e, polo tanto, resulta relativamente sinxelo desenvolverlas cos nosos alumnos.

www.refugeecamp.org. Esta páxina en inglés, de Médicos sen Fronteiras, permítenos facer unha visita virtual a un campamento de refuxiados. Ademais, contén abundante información sobre a súa situación, información da que tamén podemos dispoñer no enderezo da ONG para España (msf.es).



www.acpp.com/inmigracion. A páxina da ONG *Asamblea de Cooperación para la Paz* ten un apartado específico dedicado á inmigración. O obxectivo principal é crear canles de comunicación entre a poboación emigrante e a sociedade civil. Nesta páxina infórmase das actividades realizadas, pero non se desenvolven. Entre as actividades destacamos un programa de radio en Onda Verde destinado a resalta-los aspectos positivos da inmigración e o apoio á educación dos nenos inmigrantes no barrio de Lavapiés, en Alcorcón e en Castela-A Mancha.



www.e-migrados.net. Elaborada por tres latinoamericanos residentes en España, céntrase nese colectivo de inmigrantes en España. O sitio web inclúe: testemuños persoais; testemuños do proceso histórico da inmigración latinoamericana cara a Europa; un foro; e información sobre aspectos materiais (traballo, vivenda, documentación) e culturais. As entrevistas con testemuñas da inmigración poden verse como películas ou escoitarse transcritas en audio.

www.reicaz.es/extranjeria. Páxina web da *Área de Extranjería del Colegio de Abogados de Zaragoza*. En once idiomas —árabe, ruso e chinés incluídos— atopamos material sobre un amplo abano de temas: información xurídica, subvencións para o alugueiro de vivendas para inmigrantes en Zaragoza, selección de artigos de prensa actualizada día a día, material para españois emigrados, acordos sobre inmigración, etc. Tamén se pode participar na parola e no foro.

www.inmigra.com. Páxina da *Asociación para la integración y amparo al inmigrante extranjero (INTAMPEX)*. A *Guía Básica del Inmigrante* contesta ás preguntas

máis frecuentes de xeito coloquial. Un actualizado dossier de prensa e a posibilidade de denunciar, mantendo o anonimato, situacións de tráfico de inmigrantes, explotación, racismo, xenofobia ou temas similares son outros aspectos destacados.

www.rasinet.org. A *Red de Apoyo Social al Inmigrante* (RASINET) está formada por doce institucións da Rexión de Murcia —coas que se pode contactar a través desta páxina común— que pretenden intervir na problemática da inmi-



Arriba: AEG. Consello da Cultura Galega. Banco de Galicia y Buenos Aires. Consello local e personal da sucursal de Flores. Bos Aires, Arxentina. 1910.

No centro: AEG. Consello da Cultura Galega. Portadas "Almanaque Gallego". Bos Aires, 1899-1927.

Á dereita: AEG. Consello da Cultura Galega. Lisboa. "Mozos de cordel" galegos. 1910.

ELADIO ANXO FERNÁNDEZ MANISO
 PROFESOR DE SECUNDARIA
 eladioanxo@edu.xunta.es

gración. Pódese atopar información sobre unha bolsa de aloxamento, ademais dun arquivo documental.

www.ccoo.es/sindicato/migraciones.

A través deste enderezo, o sindicato CC. OO. ofrece o Regulamento da Lei de estranxeiría, unha relación de publicacións que poden usarse na aula, os enderezos dos Centros de Información para Traballadores Estranxeiros (CITE) e noticias de actualidade. O libro gratuito contra o racismo. *No te limites, vive el color*, percorre a historia da emigración e da inmigración en España desde a transición, a través da prensa, a arte e a cultura, tratando tamén a problemática dos nosos inmigrantes permanentes, os xitanos. Na mesma páxina recóllense unhas recomendacións ós medios de comunicación para que utilicen unha linguaxe non racista, que deberiamos ter en conta tamén os profesores.




Emigración galega

www.cigmigracion.com. O sindicato CIG, ademais de fornecer información e asesoramento ós emigrantes galegos, permítenos

acceder á Enciclopedia da Emigración Galega. A través dun índice alfabético, podemos consultar as completas biografías de senlleiros emigrantes galegos.

www.consellodacultura.org/archivos/aeg.

Na excelente páxina do Consello da Cultura Galega atopamos información sobre as áreas de traballo desenvolvidas por esta institución dentro da sección *Arquivo da Emigración Galega*, co encomiable obxectivo de recuperar, conservar, difundir e ampliar a memoria da emigración galega.



www.diasporagalega.org. Lugar de encontro dos galegos espallados polo mundo, cunha extensa relación de enderezos sobre a historia da emigración, lexislación, comunicación, casas de Galicia, laboral, prensa, música, informática, lecer, viaxes, relacións, arte.

www.fillos.org. Coma a páxina anterior, pretende ser un lugar de encontro dos emigrantes e os seus descendentes. Ademais dunha extensa e actualizada información sobre Galicia, inclúe unha selección de fotos da exposición "Os españois tamén foron emigrantes" •

ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Desde a saída á rúa do número 3 de *Dez-eme*, a Fundación 10 de Marzo seguiu desenvolvendo as actividades programadas e dedicando parte dos esforzos á organización do arquivo, sobre todo á preparación dalgunhas publicacións de descrición documental. Os fondos existentes enriquecéronse con novas achegas documentais, coleccións de adhesivos, carteis e fotografías procedentes de diversas organizacións sindicais, de doazóns privadas e de factorías industriais.

Entre as novidades editoriais da Fundación temos que salienta-la publicación do libro *O financiamento autonómico. Unha contribución desde Galicia*, coeditado pola Fundación e a Secretaría de Formación Sindical, Estudos e Cultura do S. N. de CC.OO. de Galicia e a editorial valenciana Germanía. Este traballo, coordinado por Pedro Lago Peñas, recolle as intervencións dos investigadores que participaron nas xornadas realizadas en Santiago baixo o mesmo título. Os autores dos textos son: Xaquín Álvarez Corbacho, catedrático de Economía Aplicada da Universidade da Coruña; Santiago Lago Peñas, profesor de Facenda Pública e Sistemas Fiscais da Universidade de Santiago; Manuel Lago, economista do Gabinete Técnico de S. N. de CC.OO., e Xesús Penedo Pallas, secretario de Formación Sindical, Estudos e Cultura de CC.OO. de Galicia.

As achegas destes autores ó tema do financiamento autonómico teñen o obxec-

tivo de reflexionar sobre aspectos básicos do financiamento español e galego. Partindo dunha análise crítica da reforma de 1996, fan algunhas propostas de cambio que buscan a equidade, a solidariedade territorial e a coordinación, a transparencia e a responsabilidade fiscal.

Os textos presentan tamén diversas consideracións sobre o financiamento das comunidades autónomas desde a perspectiva de Galicia, que sintetizan a posición do S. N. de CC. OO. de Galicia diante do proceso de revisión do sistema de financiamento autonómico e coas que se tenta supera-las deficiencias e desequilibrios do actual modelo.

Una segunda publicación, preparada tamén por Pedro Lago Peñas, recolle a nova contribución do traballo de investigación que un grupo de investigadores está a realizar na Fundación sobre a folga xeral de Vigo de 1972. Este documento, *Organización e mobilización dos traballadores durante o franquismo. A folga xeral de Vigo do ano 1972*, foi editado polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo, editouse a memoria da Fundación correspondente ó ano 2000, que recolle o conxunto de actividades desenvolvidas e incorpora un breve informe sobre os fondos e legados documentais asentados no Arquivo Histórico.

Por outra banda, a Fundación enriqueceu unha das súas liñas de traballo cunha nova edición facsimilar, a do texto *Betanzos honra a sus mártires*, preparada por Víctor Manuel Santidrián Arias, que contou coa colaboración do Concello de Betanzos e o Consello da Cultura Galega. O facsimile presentouse no Congreso da Emigración celebrado en Santiago no mes de setembro e contou coa participación de Víctor Santidrián, o alcalde de Betanzos, o secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo, e Xesús Alonso Montero, académico da lingua galega e profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela. Este traballo, que na súa orixe supuña unha homenaxe ós fusilados pola represión franquista na comarca de Betanzos, vai acompañado nesta ocasión por un texto introductorio do profesor Alonso Montero, *O Centro de Betanzos en Buenos Aires e os mártires: cinco notas*, e un estudo de Víctor Santidrián, *Represión en Betanzos, exilio na Arxentina*.

Como anunciabamos no último número da revista, a Confederación Sindical de CC.OO. conmemorou o XXV aniversario da Asemblea de Barcelona, feita na clandestinidade; naquela xuntanza o, daquela, movemento sociopolítico das Comisións Obreiras decidiu converterse nun sindicato de clase. As actividades celebradas en xullo en Barcelona e en setembro e outubro en Madrid, foron coordinadas pola Fundación 1º de Mayo e a Fundació Cipriano García, que contaron coa colaboración das restantes fundacións que conforman a Rede de Arquivos Históricos de CC.OO.

As actividades estiveron marcadas pola exposición *Comisiones Obreras: memoria democrática, proyecto solidario*, que recolle o desenvolvemento do movemento obreiro, centrado na historia das Comisións Obreiras, desde a Guerra Civil. Esta mostra vai acompañada dun catálogo que reflicte o seu contido gráfico e documental e incor-



Vicente Farré no Hotel du Rhone. Suíza, 1970.
(Fundación 1º de Mayo. CDEE. Fondo Vicente Farré)

pora textos dos historiadores José Babiano Mora e Javier Tébar Hurtado. Preparouse ademais un documental sobre o mesmo tema que será emitido por televisión.

Tanto en Barcelona coma en Madrid, celebráronse tamén actos de presentación con historiadores, dirixentes sindicais, políticos e representantes das institucións, xornalistas, politólogos etc. En Galicia, a exposición presentouse no Forum Metropolitano da Coruña os meses de outubro–novembro. A Fundación preparou a mostra e engadiulle sete paneis máis que completaban o desenvolvemento do movemento obreiro desde unha óptica galega.

Un curso máis, as mostras didácticas da Fundación están comezando a moverse e seguirán ó dispor dos centros educativos e das institucións que as soliciten. Ademais, estamos a prepara-lo proxecto de actividades para o próximo ano, no que novas propostas de exposicións de carácter histórico e artístico están a da-los primeiros pasos e que ampliarán a nosa oferta no futuro inmediato. Últimanse outrosí as novas publicacións de descrición documental como o *Catálogo da prensa clandestina* do Arquivo Histórico, a *II Guía* dos fondos documentais e a catalogación do legado documental do avogado laboralista Rafael Bárez, que proximamente poderán converterse xa en fontes documentais útiles para os investigadores que o requiran. •

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO
jalen@wanadoo.es

ANA LÓPEZ LINDSTRÖM. Licenciada en Filoloxía Árabe pola Universidade Complutense de Madrid. Doutoramento dentro do Departamento de Socioloxía e Antropoloxía Social da Universidade Autónoma de Madrid. É membro do Foro de Investigadores sobre o Mundo Árabe-Musulmán. Publicou diversos artigos sobre a muller árabe, cuestión sobre a cal versa a súa tese.

ANA FERNÁNDEZ ASPERILLA. Doutora en Historia Contemporánea. Investigadora e responsable do programa de recuperación documental no Centro de Documentación da Emigración Española (CDEE) da Fundación 1º de Mayo. Profesora titora da UNED. Ten publicados diferentes traballos sobre a emigración española, como “¡Que treinta años no es nada! Entre la exclusión y la fragilidad social: los emigrantes españoles de tercera edad retornados”; “Estrategias migratorias. Notas a partir del proceso de la emigración española en Europa (1959-2000)”; “La emigración como exportación de mano de obra”; “Emigración y vida laboral: la correspondencia como fuente de documentación histórica” ou “El primer asociacionismo en la emigración española en Francia” (no prelo).

CORO LOMAS LARA. É licenciada en Historia Contemporánea. Documentalista no Centro de Documentación da Emigración Española (CDEE) da Fundación 1º de Mayo. Especialista no tratamento de fontes documentais sobre migracións. A súa memoria de licenciatura foi “Movilidad geográfica y crecimiento urbano: la emigración gallega en el Madrid del siglo XIX”; outras publicacións son “El movimiento asociativo de los trabajadores emigrantes en Europa” e “Emigración y vida laboral: la correspondencia como fuente de documentación histórica”.

XOSÉ MANOEL NÚÑEZ SEIXAS. É doutor en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia e profesor titular da mesma materia na USC. Membro do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega. Os seus últimos libros son *Entre Ginebra y Berlín. La cuestión de las minorías nacionales y la política*

internacional en Europa, 1914-1939 (Madrid, 2001) e, como editor, *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina* (Bos Aires, 2001).

DAVID SIMÓN LORDA. Médico psiquiatra en Ourense. Investigador en historia social da medicina e a psiquiatría en Galicia. Entre os seus traballos podemos destacar: “Pensamento antropolóxico dos médicos galegos” (1992), “Análise antropolóxico dun hospital psiquiátrico rural” (1997), “La asistencia psiquiátrica en Galicia en la II República” (2001), “Psiquiatría, Medicina, Sociedad: Ourense (1885-1936)” (1998), “Asistencia psiquiátrica en el primer franquismo: Ourense (1939-1959)” (1999), “La medicina desterrada. Un repaso por la vida de varios médicos ourensanos perseguidos por el franquismo” (2001), “Atomé: Médico e humorista xalleiro” (2001), “Vieiros, hipervínculos y olvidos de la historia de la psiquiatría gallega” (2001), “Historias de fotógrafos, escultores y ‘tolos’ (Dende Haití ó Ribeiro)” (2001). Colaborador habitual das revistas SISO/SAÚDE, *Auriensis*, *Guía dos Libros Novos*, *Psiquiatría Pública*.

VÍCTOR FERNÁNDEZ FREIXANES. Doutor en Filoloxía Románica. Profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago. Conselleiro delegado de Edicións Xerais de Galicia. Xornalista. Colaborador literario de *La Voz de Galicia*. Os seus primeiros libros foron escritos dende o xornalismo: *Unha ducia de galegos* (1976), entrevistas; *Manuel González Fresco. Memorias dun fuxido* (1980), finalista do Premio Internacional de Prensa de Niza. Narrador, ten publicadas, entre outras, as obras: *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), Premio Blanco Amor de novela (1991), Premios da Crítica Galega e Española, *O enxoval da noiva* (1988) *Pontevedra, A cidade que perdeu o mar* (1989), *A cidade dos Césares* (1993), Premio de Narrativa Torrente Ballester, (1992).

UBALDO MARTÍNEZ VEIGA. Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade Autónoma de Madrid. Orienta as súas investigacións cara á antropoloxía e a economía da inmigración en España,

sobre o que ten publicado numerosos artigos en revistas especializadas. É autor, entre outros, dos libros: *El Ejido: discriminación, exclusión social y racismo* e *La integración social de los inmigrantes extranjeros en España*; dirixiu a publicación *Situación de exclusión de los emigrantes ancianos en Europa*. Actualmente desenvolve un proxecto de investigación sobre a emigración e o mercado de traballo.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ. É licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de Ensino Secundario. Especialista en Historia oral. A súa última publicación é *De América para a casa: correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguay (1916-1969)* (Santiago de Compostela, 2001). Na actualidade está a remata-la súa tese de doutoramento.

RICARDO RODRÍGUEZ DE RÁVENA. Profesor de Filosofía no IES Xulián Magariños de Negreira (A Coruña). Coordinador do proxecto “Máis alá da tolerancia” do Programa de Promoción das Conductas Tolerantes.

MANUEL VILA LÓPEZ. Mestre. Coordinador da escolarización da poboación marxinada na provincia de Lugo.

XAN LÓPEZ FACAL. Enxeñeiro industrial e economista, traballou durante varios anos como director financeiro de SODIGA. Na actualidade é profesor asociado na USC. Gran parte das súas publicacións están centradas na análise do desenvolvemento industrial de Galicia. Actualmente está realizando unha investigación de historia económica, centrada na banca galega da primeira metade do século XX.

JOSÉ ANTONIO MORENO. Avogado. Aseor da Secretaría Confederal de Política Social de CC.OO. Ex portavoz estatal de SOS Racismo e coordinador do máster da Universidade Autónoma de Madrid, “Acción formativa de postgrado: migraciones y relaciones intercomunitarias”.

ANA MOSQUERA BARCIA. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Profesora de Lingua e Literatura españolas de Ensino Secundario.

Contraportada:

Palma Soriano, Cuba. Festa Galega. 1922.
(Arquivo da Emigración Galega. Consello da Cultura Galega).
Tratamento da imaxe e cor: Alejandro Vidal

LUCHAMOS POR NUESTRA CULTURA

Lu-cha-mos por nues-tra cul-tu-ra

L-u-ch-a-m-o-s p-o-r n-u-e-s-t-r-a c-u-l-t-u-r-a

u, a, o, e

L, ch, m, s, p, r, n, t, c, l



Para facilita-lo traballo dos investigadores e a programación da revista, a partir deste número *Dez-eme* avanzará nesta sección os temas das tres seguintes entregas. Deste xeito, traballamos cun ano e medio de antelación. Así, *Dez-eme* 5 (como anunciábase no número anterior) estudará a cuestión dos partidos políticos. Pola súa banda, os números 6 e 7 xirarán arredor de dous problemas que veñen de vello e que, ó mesmo tempo, son constante actualidade: a configuración do Estado e as relacións entre cultura e política.

As nosas lectoras e lectores comprobarán que houbo variación no prezo deste número. Os cambios non se cinguen exclusivamente á obrigada substitución da peseta polo euro: non fixemos unha conversión automática senón que encarecemos —cremos que dun xeito razoable— a revista. Non recorreremos á clásica xustificación da suba dos custos de produción nin ás necesidades de redondeo da nova moeda. Sinxelamente, o incremento de ingresos que supón esa suba permitiranos afrontar mellor os gastos da edición.

Normas para a presentación dos orixinais

- Os artigos destinados ás seccións "Ó redor da historia" e "Na clase" non deberán excederlos 22.500 ou 23.000 caracteres (total do traballo).
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, se é o caso, do enderezo de correo electrónico.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: apelido do autor, ano da publicación: páxina. Por exemplo: (Hobsbawm, 1999: 98).
- A bibliografía incluírase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor, Nome (ano de publicación), *Título*, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), *Gente pouco corrente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona, Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, gardados como formato Word 5.0 para Mac (preferentemente) ou en Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes, indicarse o pé que ha levar, e, se é o caso, o autor/a destas.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo f10m.sn@galicia.ccoo.es
A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de DEZ*EME resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Nome Apelidos

Enderezo

Cidade C.P.

SI, DESEXO SUBSCRIBIRME Á REVISTA DEZ*EME A PARTIR DO NÚMERO (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 17 EUROS, GASTOS DE ENVÍO

LUÍDOS)

SUBSCRICIÓN DE APOIO OU INSTITUCIONAL (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 30 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

PRMAS DE PAGAMEN

DOMICILIACIÓN BANCARIA (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)

Código interbancario / / / Nome da entidade


Enderezo postal

En , a de de Asdo.

DÁLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en galicia. lega ou deposita o material* relacionado co mundo do traballo que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da memoria histórica

* (carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas, vídeos, ou calquera outro material)



VIDAL / DISEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN  **10 DE MARZO**

comisións obreiras

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m.sn@galicia.es



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



ARQUIVO DA
EMIGRACIÓN
GALEGA



Fundación 10 de Marzo
comisión obreras

FUNDACIÓN
1º DE MAYO



CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DE
LA EMIGRACIÓN ESPAÑOLA (CDEE)

